I. DISPOSICIÓNS XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA

LEI 11/2013, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

Exposición de motivos

1

A economía galega está supeditada á complicada situación que está a experimentar a economía española e o conxunto dos países europeos periféricos. Neste contexto, durante os últimos anos, asistimos ao desbordamento das tensións nos mercados financeiros, que deviñeron nunha crise da débeda soberana e obrigaron ao deseño dun proceso de consolidación fiscal a nivel europeo. Este proceso estivo salpicado de imprecisións e careceu de rapidez en canto á adopción das axeitadas estratexias de resposta. O resultado plasmouse nunha intensificación das restricións de crédito que orixinaron o estancamento da actividade e a conseguinte deterioración do ciclo económico, circunstancias que determinaron para a zona euro que a solución á crise pivote, principalmente, sobre a consecución da estabilidade financeira.

Este contexto influíu no ámbito nacional provocando unha substancial contracción do gasto privado e público e orixinando un alto nivel de déficit e un elevado nivel de endebedamento público que, sumado ao xa avultado endebedamento privado, acentuaron unha situación recesiva e destruíron emprego. Neste ámbito, o ano 2012 marcou un xiro radical coa aprobación da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, instrumento esencial para lograr a disciplina orzamentaria de todos os niveis administrativos. Ademais, durante o 2012 adoptáronse tanto medidas fiscais coadxuvantes para a consolidación fiscal coma reformas estruturais dos mercados de factores e de produtos, entre as que destacan a reforma financeira e a laboral. A adopción deste conxunto de medidas e reformas é probable que despreguen algúns efectos durante o último trimestre de 2013 e establezan os piares para cambiar o signo da actividade económica nos exercicios seguintes.

Os ingresos do Estado nos que participan as comunidades autónomas ofreceron unha pobre evolución desde a orixe da crise, o cal limitou substancialmente a capacidade destas para faceren fronte ás súas necesidades de gasto. É máis, durante estes últimos anos,

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

víronse obrigadas a soportar os perniciosos efectos das avultadas previsións de ingresos plasmadas nos orzamentos aprobados en 2008 e 2009.

O importe das liquidacións negativas correspondentes aos devanditos anos lastrou aínda máis a aplicación do novo sistema de financiamento autonómico. Este non corrixiu os problemas básicos que desde as comunidades se formulaban para a cobertura das súas necesidades de gasto e tampouco satisfixo as expectativas das comunidades que promoveron a súa revisión sobre a base de atribuír maior peso ás cifras do volume de poboación e aos niveis de renda, e o seu resultado prexudicou notoriamente a aqueloutras que, como Galicia, presentan importantes matices e diferenzas na composición da súa poboación e contan con elementos diferenciais que incrementan o custo da prestación dos servizos.

A Comunidade Autónoma de Galicia vén desenvolvendo desde o 2009 un esforzo continuado para, en primeiro lugar, conter o gasto e, a continuación, como consecuencia da diminución dos recursos durante os exercicios seguintes, realizar un amplo esforzo para que a redución do gasto se concentre no de carácter improdutivo. Fronte á caída dos ingresos que proveñen do sistema de financiamento, aplicouse unha política económica baseada na austeridade e a consecución da estabilidade orzamentaria co obxectivo de preservar a prestación dos servizos públicos fundamentais e liberar rendas e recursos para a súa aplicación na economía produtiva. Buscouse fortalecer a confianza na solvencia do sector público galego, reforzando o seu compromiso con España e coa Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria.

No ano 2014, a Comunidade continúa nesta liña e tamén se marca como obxectivo o cumprimento estrito do obxectivo de estabilidade orzamentaria referido ao trienio 2014-2016, fixado, para o conxunto de comunidades, polo Consello de Ministros do 28 de xuño de 2013 e establecido para o 2014 nunha necesidade de financiamento do 1 % do produto interior bruto en termos de contabilidade nacional. O cumprimento deste obxectivo determina unha adaptación do gasto, priorizando o dirixido á prestación dos servizos sociais básicos: sanidade, educación e protección e asistencia social.

A priorización destas políticas públicas compleméntase cunha actividade investidora redimensionada, aliñada coa estratexia Europa 2020, e acorde coas principais necesidades dos cidadáns e coa presenza de políticas de apoio aos emprendedores e ás empresas que inciden na promoción dos sectores considerados estratéxicos e perseguen mellorar os mecanismos de financiamento empresarial, o proceso de internacionalización das nosas empresas e servir como instrumento para a creación de emprego, de forma que se asentan os piares dun novo modelo de crecemento solidario.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Galicia anticipouse ao resto de autonomías no establecemento dun marco de disciplina fiscal que permitise alcanzar o obxectivo de estabilidade e no 2011 aprobou a Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina e sustentabilidade orzamentaria, en virtude da cal se consolidou legalmente a fixación a priori do límite de gasto non financeiro como medida de garantía do cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto dentro do proceso de elaboración orzamentaria. Ao abeiro da alínea Un do artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha vez determinado o obxectivo de estabilidade orzamentaria da Comunidade Autónoma, o Consello da Xunta de Galicia acordou o límite de gasto non financeiro dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para ou exercicio 2014 en 8.456 millóns de euros.

2

De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional, no contido da Lei de orzamentos distínguense dous tipos de preceptos: en primeiro lugar, os que responden ao contido mínimo, necesario e indispoñible desta, que está constituído pola determinación da previsión de ingresos e a autorización de gastos, e, en segundo lugar, os que conforman o que se denominou como o «contido eventual», na medida en que se trata de materias que gardan relación directa coas previsións de ingresos, as habilitacións de gastos ou os criterios de política económica xeral, que sexan complemento para a máis doada interpretación e máis eficaz execución dos orzamentos e da política económica do Goberno. Así mesmo, o Alto Tribunal sinala que, aínda que a Lei de orzamentos pode cualificarse como unha norma esencialmente temporal, nada impide que accidentalmente poidan formar parte da lei preceptos de carácter plurianual ou indefinido.

A parte dispositiva da lei estrutúrase en seis títulos, vinte e tres disposicións adicionais, catro disposicións transitorias, unha disposición derrogatoria e cinco disposicións derradeiras.

O título I, relativo á aprobación dos orzamentos e ao réxime das modificacións de crédito, comeza por delimitar o ámbito dos orzamentos, incorporando a tipoloxía de entidades públicas instrumentais do sector público autonómico previstas na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Este título recolle a parte esencial do orzamento, e inclúe no seu capítulo I os ingresos e gastos que compoñen os orzamentos da Comunidade Autónoma, integrados polos da Administración xeral, os dos órganos estatutarios, os dos organismos autónomos, os correspondentes ás entidades públicas instrumentais de asesoramento e

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

consulta que para efectos orzamentarios teñen a consideración de organismos autónomos, os das axencias públicas autonómicas, os das entidades públicas empresariais, os dos consorcios autonómicos, os das sociedades mercantís e os das fundacións.

Dentro deste capítulo I detállanse os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado e sinálase o importe das subvencións reguladoras consideradas na normativa de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia. Finalmente, dentro dos artigos especificamente destinados aos orzamentos das entidades instrumentais, autorízanse as dotacións das subvencións de explotación e capital ás entidades públicas empresariais e ás sociedades mercantís.

No capítulo II deste título regúlanse os principios que rexen as modificacións orzamentarias, con expresión das regras de vinculación que afectan os créditos orzamentarios, a determinación dos que teñen natureza de créditos ampliables e as limitacións aplicables ás transferencias de créditos.

O título II, relativo aos gastos de persoal, divídese en catro capítulos. O capítulo I, dedicado aos gastos do persoal ao servizo do sector público, recolle que para o ano 2014 non se procederá á incorporación de persoal no sector público, salvo o que poida derivar da oferta de emprego público de exercicios anteriores e agás nos sectores determinados na lexislación básica estatal, nos que a taxa de reposición será do 10 %. A limitación alcanza as prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público. No resto do capítulo mantéñense as normas vixentes en 2013, no relativo á contratación de persoal laboral temporal e de funcionario interino e persoal vinculado ás encomendas de xestión.

Así mesmo, durante o 2014, proseguirá suspendida a aplicación dos pactos ou acordos que contiveren incrementos retributivos para ese exercicio.

O capítulo II, dedicado aos réximes retributivos, regula as retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo, das persoas titulares das delegación da Xunta de Galicia no exterior, dos consellos de administración, do persoal funcionario, do persoal laboral, do persoal ao servizo das institucións sanitarias e do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, que non experimentan ningún incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013.

O capítulo III, dedicado a outras disposicións en materia de réxime de persoal activo, recolle que para o ano 2014 as relacións de postos de traballo deberán modificarse para

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

axustalas ás previsións orzamentarias que se deduzan do anexo de persoal sen que se poida prover aqueles postos para os cales non estea prevista dotación. O resto do capítulo regula os requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario, o persoal de alta dirección das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma e o nomeamento do profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios, os profesores de corpos docentes e o persoal eventual e de gabinete, que se manteñen de maneira similar ao ano 2013.

O capítulo IV, dedicado ás universidades, recolle o límite máximo dos custos de persoal das tres universidades galegas, as retribucións adicionais do persoal ao seu servizo e a autorización de convocatorias para a provisión temporal de postos de persoal docente e investigador en casos excepcionais.

No título III, relativo ás operacións de endebedamento e garantía, establécese para o 2014 a posición neta debedora da Comunidade Autónoma, a cal se incrementará nunha contía máxima equivalente ao 1 % do produto interior bruto rexional, acomodándose aos límites establecidos polo Consello de Política Fiscal e Financeira para este exercicio.

En canto ao apoio financeiro aos proxectos empresariais, mantense para o 2014 a contía máxima dos avais que pode conceder o Instituto Galego de Promoción Económica, cun importe de 500 millóns de euros.

No título IV, dedicado á xestión orzamentaria, mantéñense os preceptos relativos á intervención limitada, as modificacións de contratos de transporte escolar, a fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma, a fiscalización dos nomeamentos ou de contratos de substitución do persoal, a identificación dos proxectos de investimento, a autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gasto, a revisión de prezos contidos en concertos ou convenios, a regulación das transferencias de financiamento, as subvencións nominativas, o pagamento mensual de axudas e subvencións que se conceden a persoas físicas para financiar estudos de investigación, o informe preceptivo e vinculante da Consellería de Facenda, que, sen prexuízo da análise de risco que realice o xestor, determina os efectos sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria nos préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, e mais á acreditación do cumprimento de obrigas coa Administración da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

O título V, dedicado ás corporacións locais, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro, dedicado ao financiamento e á cooperación con estas entidades, detalla as transferen-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

cias que lles corresponden como consecuencia de convenios e subvencións, así como a participación dos concellos nos tributos da Comunidade Autónoma a través do Fondo de Cooperación Local.

En relación con este fondo, a lei fixa unha porcentaxe homoxeneizada de participación, que corresponde na súa totalidade ao fondo base. Establécese o sistema de distribución entre a Federación Galega de Municipios e Provincias e os concellos para o fondo base, de maneira que estes recibirán segundo o coeficiente de repartición que lles correspondeu no 2013.

O capítulo II deste título regula o procedemento de compensación e retención de débedas dos municipios contra os créditos que lles corresponden pola súa participación no Fondo de Cooperación Local de maneira similar ao ano 2013.

O título VI, relativo ás normas tributarias, estrutúrase en dous capítulos. O primeiro, dedicado aos tributos propios, modifica e actualiza as cotas tributarias correspondentes ás taxas vixentes, ademais de incorporar un artigo no que se modifica a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, no referente á cuantificación do canon de auga e o coeficiente de vertedura.

Tamén se incorpora neste capítulo unha modificación da lei que regula o canon eólico que pretende alcanzar unha maior protección do medio ambiente ao aumentar o beneficio fiscal implícito á repotenciación dos parques eólicos, logrando así unha diminución das servidumes e cargas para o medio natural, para a paisaxe e para o hábitat no que se localizan estes ao implicar unha redución no número de aeroxeradores existentes.

Por último, inclúese un artigo para establecer os criterios de afectación do imposto sobre o dano ambiental e o canon eólico.

No capítulo referente aos tributos cedidos, sen perder de vista o obxectivo principal dos tributos como fonte de ingresos públicos, as modificacións que se conteñen articúlanse arredor de tres eixes fundamentais.

O primeiro deles responde á necesidade de que as persoas con rendas máis baixas poidan ver incrementada a súa renda dispoñible, afondando na progresividade do sistema, a través da minoración do tipo de gravame correspondente ao primeiro tramo da esca-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

la autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas, logrando unha maior renda dispoñible para as familias e os contribuíntes cuxa base liquidable xeral non supere os 17.707,20 euros.

Nesta mesma liña, e no marco do Plan para a dinamización demográfica de Galicia 2013-2016. Horizonte 2020, amplíase o importe da dedución por nacemento ou adopción de fillos de 300 a 360 euros no caso de que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas sexa menor ou igual a 22.000 euros. Esta contía increméntase nun 20 % para os contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

Por outra banda, duplícase o límite da dedución por coidado de fillos menores, que pasa de 200 euros a 400 euros.

Finalmente, introdúcese unha mellora técnica na dedución por alugamento de vivenda habitual que facilita a presentación da autoliquidación deste imposto.

O segundo eixe persegue empregar os mecanismos tributarios á disposición da Comunidade Autónoma de Galicia para fomentar o inicio de novas actividades económicas que reactiven a economía galega para xerar oportunidades e emprego, combinando este obxectivo co apoio ás enerxías renovables, para conseguir unha redución das emisións de gases de efecto invernadoiro na comunidade autónoma e minorar a dependencia das importacións enerxéticas, fundamentalmente procedentes de combustibles fósiles.

Para estes efectos, introdúcese unha dedución do 92,5 % na cota do imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados cando se realice o feito impoñible a que se refire o artigo 13 do Texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, e a concesión ou autorización se refira a enerxías renovables.

Así mesmo, dentro deste eixe de actuación, hai que situar a modificación que se produce no ámbito do imposto sobre sucesións e doazóns da redución do 99 % que se aplica na base impoñible da modalidade de doazóns nos casos de transmisión de participacións *inter vivos* dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, ao permitir a coexistencia no exercicio de labores de dirección por parte do doador e do donatario durante un prazo máximo dun ano desde que se produce a transmisión. Ao

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

facilitarse esta coexistencia no desempeño de funcións directivas por parte do transmitinte ou adquirente, trátase de favorecer a transmisión interxeracional das empresas de carácter familiar e o seu mantemento no futuro, xa que soportan unha parte importante do produto interior bruto e do emprego rexional.

Co terceiro eixe perséguese equiparar o tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos co establecido na práctica totalidade das comunidades autónomas, pero mantendo a non tributación polo gasóleo de uso especial e permitindo a devolución de parte do imposto para o caso do gasóleo de uso profesional, de forma que a tributación efectiva do sector do transporte de viaxeiros e mercadorías non se vexa incrementada. Por outra banda, o efecto recadatorio derivado desta equiparación de tipos permitirá blindar o gasto social e contribuír ao financiamento da sanidade.

Finalmente, en materia de xogo, establécese a devindicación trimestral para a taxa fiscal que grava as máquinas, así como se modifica a fórmula para o cálculo da cota das denominadas «máquinas ou aparellos multiposto», e en relación co xogo do bingo simplifícase a normativa reguladora da súa fiscalidade, unificándose a súa tributación nunha soa figura tributaria e introducíndose unha nova forma de determinación da base impoñible, baseada no win, isto é, por diferenza entre o valor facial dos cartóns xogados e o importe dos premios repartidos.

As vinte e tres disposicións adicionais consideran aspectos diversos como a información ao Parlamento, as porcentaxes de gastos xerais de estrutura que se deben aplicar nos contratos de obra, a posibilidade de modificar os contratos administrativos e convenios cando sexa necesario para o cumprimento do obxectivo de estabilidade, o plan de restablecemento do equilibrio nos orzamentos das entidades públicas instrumentais, a obriga de adecuar estados financeiros das entidades instrumentais ás transferencias, os orzamentos iniciais das axencias públicas autonómicas, as prestacións familiares por coidado de fillos, a venda de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, as prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos, a obriga de adecuar os importes dos contratos, concertos e convenios de colaboración ás condicións retributivas establecidas no título II relativo aos gastos de persoal, a autorización para a modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, o persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional, as medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral e a evolución da subvención fixa correspondente ao financiamento estrutural previsto no Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2011-2015, que xa estaban reguladas na Lei de orzamentos para o ano 2013.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Incorpórase na lei unha disposición adicional na que se adecuan as subvencións destinadas a financiar gastos de persoal, as tarifas das encomendas de xestión e as transferencias a entidades financiadas maioritariamente pola Comunidade Autónoma de Galicia ao título da lei referente aos gastos de persoal. E na disposición referente ao control da información económico-financeira engádese que as auditorías das contas anuais das axencias públicas autonómicas as realizará a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Incorpóranse como novidades seis disposicións adicionais: a reestruturación de unidades administrativas da Consellería de Sanidade, as medidas de restablecemento do equilibrio económico necesarias para garantir a viabilidade económica da explotación das concesións de obra pública baixo o réxime de canon de demanda, a fixación dun canon unitario para garantir a viabilidade económica do sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional de residuos domésticos, a obriga de presentación de facturas nun rexistro administrativo ou a través do sistema de facturación electrónica e mais a xestión das taxas de eficiencia enerxética polo Instituto Enerxético de Galicia.

A lei conta con catro disposicións transitorias. As correspondentes á adecuación das entidades públicas instrumentais e mais ao réxime de transitoriedade para o canon eólico e á dotación gradual do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria xa se prevían na Lei de orzamentos de 2013. E como novidade incorpórase o réxime tributario aplicable aos cartóns do bingo subministrados no ano 2013.

A disposición derrogatoria única establece a derrogación da Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo, e do Decreto 247/1991, do 4 de xullo, polo que se aproban normas de xestión dos tributos creados pola Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo.

A lei conclúe con cinco disposicións derradeiras. A primeira delas recolle unha modificación da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, na que se unifica o sistema de recadación de impagados do canon de saneamento co establecido para o canon da auga e o coeficiente de vertedura.

A segunda das disposicións derradeiras mantén a vixencia das medidas contidas na Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución do produto interior bruto e do aforro desde a súa publicación, e establece as condicións para a súa próxima revisión.

As tres últimas regulan o desenvolvemento, a vixencia e a entrada en vigor da lei.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

TÍTULO I
Aprobación dos orzamentos e réxime das modificacións de crédito

CAPÍTULO I
Aprobación dos créditos iniciais e do seu financiamento

Artigo 1. *Aprobación e ámbito dos orzamentos xerais*

O Parlamento de Galicia aproba os orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2014, nos que se integran:

a) Os orzamentos da Administración xeral, nos cales se incorporarán os órganos estatutarios e consultivos.

b) Os orzamentos dos organismos autónomos.

c) Os orzamentos das entidades públicas instrumentais de asesoramento ou consulta, que consonte a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, terán a consideración de organismos autónomos para efectos orzamentarios.

d) Os orzamentos das axencias públicas autonómicas.

e) Os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

f) Os orzamentos de explotación e capital dos consorcios autonómicos a que fai referencia o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

g) Os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas a que fai referencia o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

h) Os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico a que fai referencia o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico.

i) En todo caso, os orzamentos das demais entidades que estean clasificadas como administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo coas normas do Sistema europeo de contas, agás as universidades públicas.

Artigo 2. *Orzamentos da Administración xeral, dos organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas*

Un. Nos estados de gastos consolidados dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas consígnanse créditos por importe de 10.281.347.155 euros, distribuídos da forma seguinte:

	Cap. I-VII Gastos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral	4.357.864.392	90.351.219	1.722.770.549	6.170.986.160
Organismos autónomos	3.471.067.074	33.027.805		3.504.094.879
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.799.455			1.799.455
Axencias públicas autonómicas	559.766.818	17.000.000	27.699.843	604.466.661
Total	8.390.497.739	140.379.024	1.750.470.392	10.281.347.155

As transferencias internas entre os orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos organismos autónomos e das axencias públicas representan 3.833.570.031 euros, distribuídos segundo o seguinte detalle:

Orixe	Destino			
	Organismos autónomos	Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	Axencias públicas autonómicas	Total
Administración xeral	3.260.638.553	1.799.455	572.757.023	3.835.195.031
Total	3.260.638.553	1.799.455	572.757.023	3.835.195.031

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Dous. A desagregación dos créditos consonte a finalidade á que van destinados establécese desta maneira:

Funcións	Importe
11 Alta dirección da Comunidade Autónoma	34.732.177
12 Administración xeral	55.051.625
13 Xustiza	110.214.070
14 Administración local	4.376.589
15 Normalización lingüística	7.079.868
21 Protección civil e seguridade	19.562.239
31 Acción social e promoción social	565.293.892
32 Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	182.950.648
33 Cooperación exterior e ao desenvolvemento	4.143.379
41 Sanidade	3.397.079.845
42 Educación	2.046.716.398
43 Cultura	61.273.204
44 Deportes	18.272.675
45 Vivenda	32.502.667
46 Outros servizos comunitarios e sociais	98.541.308
51 Infraestruturas	268.811.826
52 Ordenación do territorio	17.275.813
53 Promoción de solo para actividades económicas	44.050.608
54 Actuacións ambientais	97.082.744
55 Actuacións e valorización do medio rural	115.068.662
56 Investigación, desenvolvemento e innovación	112.550.500
57 Sociedade da información e do coñecemento	88.677.263
58 Información estatística básica	4.100.392
61 Actuacións económicas xerais	27.929.167
62 Actividades financeiras	84.687.332
71 Dinamización económica do medio rural	307.991.881
72 Pesca	78.482.713
73 Industria, enerxía e minaría	38.213.092
74 Desenvolvemento empresarial	111.346.227
75 Comercio	15.529.254
76 Turismo	43.232.120
81 Transferencias a entidades locais	117.411.846
91 Débeda pública	2.071.115.131
Total	10.281.347.155

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Tres. A distribución orgánica e económica do orzamento consolidado é como segue:

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Parlamento	9.145.373	5.927.866		2.626.186		252.200	4.000	70.300		18.025.925
Consello de Contas	4.902.429	1.243.339		2.705		333.180		36.061		6.517.714
Consello da Cultura Galega	1.238.547	927.400				208.500				2.374.447
Presidencia da Xunta de Galicia	8.908.787	6.691.100		47.968.267		5.130.767	96.143.724	90.194.858	416.667	255.454.170
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	109.700.917	36.466.421	8.100	38.110.243		10.024.307	9.544.671	50.000		203.904.659
Consellería de Facenda	16.705.270	1.210.069		22.751.971		2.699.183	7.061.622			50.428.115
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	32.396.264	4.706.555		35.114.007		28.057.924	303.488.999			403.763.749
Consellería de Economía e Industria	11.855.168	1.362.555		23.783.614		2.902.085	139.511.839			179.415.261
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	1.249.187.295	211.370.077		559.786.694		36.330.973	89.570.417		1.651.898	2.147.897.354
Consellería de Sanidade	43.490.825	1.621.084		3.023.860.227		18.293.037	87.140.358			3.174.405.531
Consellería de Traballo e Benestar	157.954.084	190.190.073		360.815.859		9.924.245	8.117.004			727.001.265
Consellería do Medio Rural e do Mar	150.850.226	9.579.941		16.717.600		108.854.469	295.910.982			581.913.218
Consello Consultivo de Galicia	1.574.937	314.517				101.000				1.990.454
Transferencias a corporacións locais				112.972.806						112.972.806
Débeda pública da Comunidade Autónoma			350.413.147						1.720.701.984	2.071.115.131
Gastos de diversas consellarías	3.286.392	17.540.447		4.439.040	32.181.440	11.554.073				69.001.392
Administración xeral	1.801.196.514	489.151.444	350.421.247	4.248.949.219	32.181.440	234.665.943	1.036.493.616	90.351.219	1.722.770.549	10.006.181.191
Escola Galega de Administración Pública	991.077	1.628.241		443.337		134.569				3.197.224
Academia Galega de Seguridade Pública	671.072	1.665.445				28.038				2.364.555
Instituto Galego de Estatística	2.613.568	339.119				964.592				3.917.279
Consello Galego da Competencia	272.146	74.217								346.363
Instituto de Estudos do Territorio	1.829.761	85.703		40.375		619.536				2.575.375
Instituto Galego da Vivenda e Solo	8.527.804	3.352.450		3.130.000		25.271.216	3.894.000	32.377.805		76.553.275
Instituto Galego de Consumo	4.200.328	594.528		200.000		652.106	50.000			5.696.962

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

DOG Diario Oficial de Galicia

Capítulos	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	IX	Total
Servizo Galego de Saúde	1.465.878.866	844.643.603		817.093.216	72.818.560	122.443.500	2.589.000	650.000		3.326.116.745
Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral	4.834.316	644.866				782.859				6.262.041
Fondo Galego de Garantía Agraria	4.168.321	546.579		8.000		1.225.376	71.116.784			77.065.060
Organismos autónomos	1.493.987.259	853.574.751		820.914.928	72.818.560	152.121.792	77.649.784	33.027.805		3.504.094.879
Consello Económico e Social de Galicia	514.889	235.345				3.000				753.234
Consello Galego de Relacións Laborais	601.503	391.585		45.000		8.133				1.046.221
Entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento	1.116.392	626.930		45.000		11.133				1.799.455
Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia	10.694.898	7.084.129		838.260		59.289.846	706.651		10.063.479	88.677.263
Axencia de Turismo de Galicia	10.098.425	3.791.767		4.609.947		17.940.174	6.791.807			43.232.120
Axencia Galega de Emerxencias	446.410	34.633				4.271.542				4.752.585
Axencia Tributaria de Galicia	11.399.229	1.958.733				28.000				13.385.962
Centro Informático para a Xestión Tributaria Económico-Financeira e Contable	4.811.011	1.237.989				6.066.030				12.115.030
Axencia Galega de Infraestruturas	12.378.056	871.929	199.500	7.357.343		181.126.188	29.292.337			231.225.353
Axencia Galega de Innovación	4.048.946	561.305		2.014.289		259.819	43.462.500	5.000.000	1.000.000	56.346.859
Instituto Galego de Promoción Económica	6.065.118	2.527.000	1.042.911	2.222.557		6.886.949	35.814.706	12.000.000	16.636.364	83.195.605
Instituto Enerxético de Galicia	1.554.137	498.274		34.916		289.257	14.965.965			17.342.549
Axencia Galega das Industrias Culturais	2.410.046	420.837		434.000		1.630.000	5.230.719			10.125.602
Axencia Galega de Desenvolvemento Rural	3.952.229	798.469				101.044	33.476.697			38.328.439
Instituto Galego de Calidade Alimentaria	958.771	730.989				1.519.174				3.208.934
Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia	1.798.217	342.333				389.810				2.530.360
Axencias públicas autonómicas	70.615.493	20.858.387	1.242.411	17.511.312		279.797.833	169.741.382	17.000.000	27.699.843	604.466.661
Total orzamento bruto	3.366.915.658	1.364.211.512	351.663.658	5.087.420.459	105.000.000	666.596.701	1.283.884.782	140.379.024	1.750.470.392	14.116.542.186
Total transferencias internas				3.146.232.386			688.962.645			3.835.195.031
Total orzamento consolidado	3.366.915.658	1.364.211.512	351.663.658	1.941.188.073	105.000.000	666.596.701	594.922.137	140.379.024	1.750.470.392	10.281.347.155

XUNTA DE GALICIA
ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia

Catro. Nos estados de ingresos dos orzamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, nos dos seus organismos autónomos e nos das axencias públicas autonómicas recóllense as estimacións dos dereitos económicos que se prevén liquidar durante o exercicio, por un importe consolidado de 10.281.347.155 euros, distribuídos da seguinte forma:

	Cap. I-VII Ingresos non financeiros	Cap. VIII Activos financeiros	Cap. IX Pasivos financeiros	Total
Administración xeral e órganos estatutarios	7.496.601.281	2.174.275	2.507.405.635	10.006.181.191
Organismos autónomos	242.796.326	660.000		243.456.326
Axencias públicas autonómicas	15.073.274	16.636.364		31.709.638
Total	7.754.470.881	19.470.639	2.507.405.635	10.281.347.155

Cinco. Os beneficios fiscais que afectan os tributos cedidos total ou parcialmente polo Estado á Comunidade Autónoma estímanse en 320.369.077 euros, consonte o seguinte detalle:

– Imposto sobre sucesións e doazóns: 90.755.600 euros.

– Imposto sobre a renda das persoas físicas (tarifa autonómica): 19.125.000 euros.

– Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados: 126.266.500 euros.

– Imposto sobre o patrimonio: 69.504.000 euros.

– Imposto sobre hidrocarburos (tipo autonómico): 14.717.977 euros.

En cumprimento do establecido no artigo 55.2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, o importe das subvencións reguladoras fíxase en 171.958.908 euros.

Artigo 3. *Orzamento das entidades instrumentais do sector público autonómico con orzamento estimativo*

Un. Entidades públicas empresariais.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que se refire a letra e) do artigo 1 desta lei, que recollen as súas estimacións de gastos

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

e as previsións de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 1.

Dous. Consorcios autonómicos.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital dos consorcios a que se refire a letra f) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 1.

Tres. Sociedades mercantís públicas autonómicas.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire a letra g) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 1.

Catro. Fundacións do sector público autonómico.

Apróbanse os orzamentos de explotación e capital das fundacións do sector público autonómico a que se refire a letra h) do artigo 1 desta lei, que inclúen a estimación de gastos e a previsión de ingresos referidas aos seus estados financeiros, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 1.

Cinco. Aprobación de subvencións de explotación e capital das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas.

Autorízanse as dotacións de subvencións de explotación e capital das entidades públicas empresariais a que se refire a letra e) do artigo 1 desta lei e das sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire a letra g) do artigo 1 desta lei, polos importes e coa distribución que se relacionan no anexo 2.

No caso de que se teñan que superar tales contías máximas, a consellería competente en materia de facenda dará conta ao Parlamento de Galicia das razóns que xustificasen tal aumento.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

CAPÍTULO II

Das modificacións orzamentarias

Artigo 4. *Réxime xeral das modificacións orzamentarias*

Un. As modificacións de créditos orzamentarios serán autorizadas consonte os requisitos establecidos no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, coas excepcións derivadas da aplicación do indicado neste capítulo.

Dous. As propostas de modificación deberán indicar, co maior nivel de desagregación orgánica, funcional e económica, as aplicacións orzamentarias afectadas, e recollerán adecuadamente os motivos que as xustifican, tanto os relativos á realización do novo gasto proposto coma, se é o caso, á suspensión da actuación inicialmente prevista.

Á comunicación a que se refire a disposición adicional segunda do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, uniráselle unha explicación sobre os motivos que a xustifican en relación co novo gasto proposto e a súa repercusión, se é o caso, sobre os obxectivos do programa afectado con respecto aos inicialmente previstos.

Artigo 5. *Competencias específicas en materia de modificacións orzamentarias*

Sen prexuízo das facultades que se lle asignan no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, atribúenselle á persoa titular da Consellería de Facenda competencias específicas para levar a cabo as seguintes modificacións orzamentarias:

a) Para incorporar os créditos de exercicios anteriores que correspondan a actuacións financiadas ou cofinanciadas pola Unión Europea, de acordo co previsto nos regulamentos do período de programación 2007-2013 que resulten aplicables, así como para as reasignacións destes créditos a que se refire a alínea Dous do artigo 9.

b) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga en cada exercicio do fondo de reserva constituído consonte o establecido no artigo 4 da Lei 12/1995, do 29 de decembro, pola que se aproba o imposto sobre a contaminación atmosférica.

c) Para incorporar o crédito que non acadase a fase de recoñecemento da obriga dos créditos xerados, con destino ao financiamento de gastos derivados da realización de pro-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

bas de selección de persoal, como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos no artigo 30, «Taxas administrativas».

d) Para incorporar o crédito de exercicios anteriores, que non acadase a fase de recoñecemento da obriga, no capítulo VIII dos orzamentos de gastos da Administración xeral, ou, se é o caso, nos dos organismos autónomos, no suposto previsto no artigo 43 da Lei 11/1996, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1997, sobre tratamento dos créditos para provisións de riscos non executados.

e) Para incorporar o crédito de exercicios anteriores, que non acadase a fase de recoñecemento da obriga, destinado á atención das obrigas derivadas de expedientes de expropiacións.

f) Para xerar crédito polo importe que corresponda á maior recadación das taxas e dos prezos públicos e privados respecto das previsións que inicialmente se establecen para as distintas seccións orzamentarias no anexo 3 desta lei, sempre que quede garantido o necesario equilibrio económico-financeiro, de acordo co previsto no artigo 9.

g) Para xerar crédito polo importe que corresponda aos maiores ingresos pola prestación do servizo de recadación executiva a outros entes, do subconcepto 399.04, do orzamento de ingresos.

h) Para xerar crédito, na sección orzamentaria correspondente, por contía igual ao importe das compensacións económicas a favor da Comunidade Autónoma derivadas de pólizas subscritas con compañías de seguros.

i) Para xerar crédito na sección 12, Consellería do Medio Rural e do Mar, polo importe que corresponda ao produto da venda do patrimonio das extintas cámaras agrarias locais e provinciais, con destino aos fins previstos na disposición adicional sétima da Lei 11/1995, do 28 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 1996, e na disposición adicional cuarta da Lei 1/2006, do 5 de xuño, do Consello Agrario Galego. Para tal fin, por pedimento da consellería interesada, a Consellería de Facenda tramitará o oportuno expediente de desafectación, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e nos artigos 24 e seguintes do seu regulamento de execución.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

j) En relación co orzamento do Servizo Galego de Saúde:

1. Para xerar créditos como consecuencia dos maiores ingresos recadados sobre os inicialmente previstos en cada unha das seguintes aplicacións do orzamento de ingresos do Servizo Galego de Saúde:

– 30, «Taxas administrativas».

– 37, «Ingresos por ensaios clínicos».

– 36, «Prestacións de servizos sanitarios», e 39, «Outros ingresos», computados conxuntamente.

2. Para xerar crédito derivado dos ingresos devindicados en exercicios anteriores que non acadasen a fase de recoñecemento do dereito e que correspondan ao financiamento dos centros e servizos sanitarios transferidos á Comunidade Autónoma polas corporacións locais, sempre que excedan as cifras orzadas inicialmente por eses conceptos no correspondente exercicio.

k) Para xerar crédito no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», por un importe igual á diferenza que poida existir entre a liquidación definitiva de exercicios anteriores correspondentes aos distintos mecanismos financeiros do sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e a estimada no estado de ingresos para o dito concepto.

l) Para xerar crédito no capítulo VIII de gastos cos ingresos do capítulo IX procedentes das operacións a que se refire o parágrafo terceiro da alínea Un e a letra b) da alínea Dous do artigo 37 desta lei.

m) Para xerar crédito nas entidades públicas instrumentais polos ingresos que se produzan nelas cando resulten beneficiarias das ordes de convocatorias de axudas realizadas por calquera administración que non estivesen orzadas inicialmente.

n) Para, por solicitude motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión ou, de ser o caso, das autoridades de xestión dos programas operativos, xerar crédito co obxecto de garantir a completa execución do marco financeiro de fondos comunitarios 2007-2013.

Así mesmo, unha vez aprobados os programas operativos correspondentes aos fondos europeos do marco financeiro 2014-2020, poderá xerar crédito financiado con eles.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

ñ) Para introducir nos estados de gastos as modificacións precisas para adecuar os créditos afectados por transferencias finalistas de calquera procedencia, incluíndo entre esas medidas a declaración de indispoñibilidade do crédito e a súa baixa en contabilidade.

No suposto de que as obrigas recoñecidas ata ese momento superen o importe real da transferencia, o seu financiamento realizarase mediante as oportunas minoracións noutros créditos, preferentemente de operacións correntes, da sección de que se trate.

o) Para introducir as variacións que sexan necesarias nos programas de gasto das entidades públicas instrumentais para reflectir as repercusións que neles teñan as modificacións dos créditos que figuran no estado de transferencias entre subsectores dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

p) Para realizar as adaptacións técnicas e as transferencias de crédito que procedan como consecuencia de reorganizacións administrativas, da posta en marcha de organismos autónomos e axencias públicas autonómicas ou do traspaso de competencias nas que estean implicadas outras administracións, sen que en ningún caso, polo que se refire aos dous primeiros supostos, poida orixinarse incremento de gasto.

q) Autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma consellería, cando teñan por obxecto cofinanciar incorporacións de remanentes de crédito de exercicios anteriores correspondentes a financiamento condicionado.

r) Autorizar transferencias de créditos entre programas incluídos en distinto grupo de función, correspondentes a servizos dunha mesma ou de distinta consellería, cando teñan por obxecto redistribuír remanentes de crédito do capítulo I.

s) Para efectuar no orzamento de capital do Instituto Galego de Promoción Económica as modificacións que sexan precisas para a disposición do préstamo autorizado na alínea Dous do artigo 37 desta lei.

Artigo 6. *Vinculación de créditos*

Un. Os créditos consignados nos estados de gastos destes orzamentos quedarán vinculados ao nivel establecido no artigo 56 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, con

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

excepción dos créditos que se relacionan a seguir, que serán vinculantes co grao de vinculación que se indica:

120.20, «Substitucións de persoal non docente».

120.21, «Substitucións de persoal docente».

120.22, «Regularización da parte proporcional das vacacións dos/as substitutos/as docentes».

120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente».

121.07, «Sexenios».

130.02, «Complemento de perigosidade, penosidade e toxicidade».

131, «Persoal laboral temporal».

131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal».

132, «Persoal laboral temporal (profesorado de Relixión)».

133, «Persoal laboral temporal indefinido».

136, «Persoal investigador en formación».

226.01, «Atencións protocolarias e representativas».

226.02, «Publicidade e propaganda».

226.06, «Reunións, conferencias e cursos».

226.13, «Gastos de funcionamento de tribunais de oposicións e de probas selectivas».

227.06, «Estudos e traballos técnicos».

228, «Gastos de funcionamento de centros e servizos sociais».

229, «Gastos de funcionamento de centros docentes non universitarios».

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

A mesma consideración terán os créditos correspondentes á aplicación 11.04.312E. 227.65, «Servizo Galego de Apoio á Mobilidade Persoal», así como os créditos correspondentes á aplicación 07.A1.512B.600.3, «Expropiacións en materia de estradas», e ás diferentes aplicacións do capítulo VI correspondentes a mandatos á Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., ou entidade pública que se subrogue na súa posición.

O concepto 160, «Cotas sociais», vinculará a nivel de sección, agás ás entidades con personalidade xurídica de seu, as cales vincularán a nivel de servizo.

Os conceptos 480, «Transferencias correntes a familias», e 481, «Transferencias correntes a institucións sen fin de lucro», por unha parte, e os conceptos 780, «Transferencias de capital a familias», e 781, «Transferencias de capital a institucións sen fin de lucro», pola outra, serán vinculantes entre si. A mesma consideración terán os créditos dos subconceptos 221.07, «Comedores escolares», e 223.08, «Transporte escolar», que vincularán entre eles.

Así mesmo, terán carácter vinculante, co nivel de detalle económico co que aparezan nos estados de gastos, as transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Dous. As transferencias a que se refire o artigo 67 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, cando afecten os créditos anteriores, deberán ser autorizadas pola persoa titular da Consellería de Facenda.

Artigo 7. *Créditos ampliables*

Un. Con independencia dos supostos previstos no punto 1 do artigo 64 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán excepcionalmente condición de ampliables os créditos seguintes:

a) Os incluídos nas aplicacións 06.A2.621A.227.07 e 06.A2.621A.227.08, destinados ao cumprimento dos convenios para a xestión e liquidación, e os premios de cobranza autorizados pola recadación en vía executiva así como nas transferencias da sección 06 que as financian.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

b) As obrigas contraídas no exterior e que deban ser pagadas en divisas de cambio variable, pola diferenza existente entre o tipo de cambio previsto e o seu importe real no momento do pagamento.

c) Os destinados ao pagamento das obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma. Cando se trate dun organismo autónomo ou dunha sociedade pública, a ampliación materializarase a través da sección orzamentaria á que figuren adscritos.

d) Os créditos destinados ao pagamento dos premios de cobranza e participacións en función da recadación de vendas e restantes créditos de vivendas, soares, locais e edificacións complementarias correspondentes ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, así como os referidos aos traballos de facturación e apoio á xestión do patrimonio inmobiliario do devandito instituto, que se establezan de acordo coas cifras recadadas no período voluntario.

e) Os créditos de transferencias a favor da Comunidade Autónoma que figuren nos orzamentos de gastos dos organismos autónomos e axencias públicas autonómicas ata o importe dos remanentes da tesouraría que resulten como consecuencia da súa xestión.

f) Os incluídos na aplicación 21.01.811B.460.0, con destino ao pagamento da liquidación de exercicios anteriores, que corresponde ao Fondo de Cooperación Local.

g) Os créditos vinculantes incluídos nas aplicacións 120.20, «Substitucións de persoal non docente», 120.21, «Substitucións de persoal docente», e 120.22, «Regularización da parte proporcional das vacacións dos/as substitutos/as docentes», que se considerarán ampliables unicamente con retencións noutros créditos do capítulo I da propia sección orzamentaria ou do organismo autónomo.

h) Os créditos incluídos na aplicación 05.11.313D.480.0, destinados ao pagamento de axudas periódicas a mulleres que sofren violencia de xénero.

i) Os incluídos na aplicación 23.03.621A.890.00, destinados ao Fondo de Garantía de Avais.

Esta ampliación financiarase con baixa nas dotacións da aplicación 08.01.741A.732.05 e das correspondentes ao Instituto Galego de Promoción Económica.

j) Os créditos da sección 09, «Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria», a que se refire o artigo 55 desta lei.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

k) Os créditos destinados ao pagamento do complemento autonómico ás pensións non contributivas de xeito que permitan dar cobertura a todos os solicitantes que cumpran os requisitos exixidos pola Administración.

l) Os créditos destinados ao pagamento da renda de integración social de Galicia (risga).

Dous. Para os efectos do previsto no artigo 64.1.g) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, terán a consideración de seccións orzamentarias as secretarías xerais da Presidencia.

Tres. O financiamento das ampliacións de crédito, ademais de por medio dos mecanismos previstos no artigo 64.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, poderá tamén realizarse con baixas de crédito noutros conceptos orzamentarios.

Artigo 8. *Transferencias de crédito*

Un. Con independencia das limitacións a que se refire o artigo 68.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e sen prexuízo do previsto no punto 3 do citado artigo, non poderán tramitarse expedientes de transferencias de crédito que atinxan os capítulos VI e VII cando deles derive incremento do gasto corrente.

Esa restrición non será aplicable:

a) Cando se destinen á atención de gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras situacións de natureza análoga e carácter excepcional, logo da declaración polo Consello da Xunta da situación excepcional, catastrófica ou de análoga natureza.

b) Aos incrementos do capítulo I que, se é o caso, poidan orixinarse polo desenvolvemento de procesos de regularización derivados de acordos sobre materias de función pública subscritos entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais.

c) Aos incrementos do capítulo I derivados do cumprimento de sentenzas xudiciais firmes ou autos de obrigada execución.

d) Aos incrementos do capítulo I derivados do previsto na alínea Cinco do artigo 14 desta lei.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

e) Excepcionalmente, cando as características das actuacións que se deban executar para o cumprimento da finalidade do programa orzamentario previsto exixan a adecuación da natureza económica do gasto.

f) Cando teñan por obxecto atender as obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, sempre que se xustifique a imposibilidade de as tramitar con cargo a gasto corrente.

g) As transferencias para atender xuros de mora cando se xustifique a imposibilidade de as tramitar con cargo a gasto corrente.

Dous. Polo que se refire á función 42 da sección 09, «Cultura, Educación e Ordenación Universitaria», función 41 da sección 10, «Sanidade», e función 31 da sección 11, «Traballo e Benestar», a limitación indicada na alínea anterior unicamente será aplicable unha vez superado o 5 % das dotacións iniciais dos capítulos VI e VII. Esa porcentaxe será do 20 % para o Servizo Galego de Saúde.

No caso de que as transferencias realizadas baixo este suposto incrementaren créditos do capítulo I destinados ao asinamento de contratos de duración determinada previstos no Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores, cando a modalidade de contratación sexa de realización de obra ou servizo recollida na letra a) do artigo 1 da citada disposición, será necesaria a existencia de informe previo e favorable da Dirección Xeral da Función Pública sobre a adecuación da modalidade de contratación que se pretende.

Tres. Sen prexuízo do disposto no resto de alíneas deste artigo, as transferencias de crédito axustaranse ás seguintes regras:

a) Poderán incrementarse os créditos autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias dos subconceptos 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal», e 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente», mediante transferencias de crédito do concepto 131, cun límite máximo conxunto do 30 % dos créditos iniciais do dito concepto. A superación deste límite con cargo a outros conceptos do capítulo I deberá ser autorizada polo Consello da Xunta por proposta do departamento solicitante e con informe previo da Intervención Xeral e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

b) Non se incrementarán os créditos autorizados inicialmente nas aplicacións orzamentarias do subconcepto 226.02, «Publicidade e propaganda»; 227.06, «Estudos e traballos técnicos»; 226.01, «Atencións protocolarias», e 226.06, «Reunións, conferencias e cursos».

Con todo, a limitación que atinxe o 226.02, «Publicidade e propaganda», non afectará a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza nin o Servizo Galego de Saúde cando a transferencia teña a súa causa na necesidade de facer públicas medidas de seguridade en materia de protección civil derivadas da existencia de riscos non previstos ou medidas sanitarias sobre riscos para a saúde pública.

c) Non se poderán diminuír os créditos consignados no programa 312D, «Servizos sociais de atención ás persoas dependentes», agás cando financien créditos que teñan a condición de ampliables consonte o previsto na letra l) do artigo 7 desta lei.

d) Non se poderán tramitar transferencias de crédito do capítulo VIII aos restantes capítulos do orzamento.

Catro. As limitacións sobre transferencias de crédito contidas nas letras b) e c) do artigo 68.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, non afectarán as transferencias de crédito que se refiran ás transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

Con independencia do anterior, esas mesmas limitacións entenderanse referidas, no orzamento do Servizo Galego de Saúde, ao orzamento individualizado de cada unha das estruturas de xestión integrada e non aos orzamentos totais.

Cinco. Ás transferencias de crédito que afecten unicamente a clasificación orgánica e que se efectúen entre estruturas de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde non lles serán aplicables as limitacións previstas no artigo 68 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, por teren a consideración de simples redistribucións de crédito.

Para os efectos do sinalado no parágrafo anterior, terán tamén a condición de redistribución de crédito as transferencias dentro das mesmas estruturas de xestión integrada, sempre que non afecten a clasificación económica.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Así mesmo, para os efectos de facilitar a xestión entre diferentes centros de gasto dentro dunha mesma sección, as transferencias de crédito que afecten os gastos de funcionamento (221, 222, 227.00, 227.01 e 229) serán autorizadas polo seu titular, por teren a consideración de redistribucións de crédito.

Seis. Sen prexuízo do establecido no artigo 68.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, así como nas alíneas anteriores deste artigo, o importe máximo das transferencias de crédito que se autoricen para cada consellería durante este exercicio non poderá diminuír as consignacións iniciais, ao nivel de vinculación legalmente establecido, en máis dun 20 %.

O indicado no parágrafo anterior non será aplicable nos seguintes casos:

a) Cando teñan por obxecto incrementar conceptos do capítulo I de gastos.

b) Cando se refiran á sección 23, «Gastos de diversas consellerías».

c) Cando se refiran ao centro de xestión 5001 do Servizo Galego de Saúde.

d) Cando se refiran a fondos propios que pasen a cofinanciar proxectos con fondos europeos.

e) Cando se refiran aos créditos consignados no capítulo V de gastos.

f) Cando se refiran a axudas ou subvencións, no caso de que a orde de convocatoria pola que se rexe a súa concesión asigne o gasto a diversas aplicacións orzamentarias e non sexa posible determinar previamente a contía imputable a cada unha delas.

g) As que se refiren ás transferencias de financiamento das entidades instrumentais do sector público autonómico.

h) Cando se realicen entre créditos dos capítulos VI e VII do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles.

i) Cando teñan por obxecto atender gastos extraordinarios derivados de catástrofes, sinistros ou outras actuacións de natureza análoga e carácter excepcional.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

j) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos necesarios para o mantemento dos centros de saúde de titularidade municipal, na medida en que se produza a transferencia da súa titularidade ao Servizo Galego de Saúde.

k) Cando teñan por obxecto adecuar a natureza económica dos créditos dun programa orzamentario que permita o cumprimento da súa finalidade.

l) Cando se trate de modificacións de crédito derivadas das obrigas a que se refire o artigo 60.2 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

m) Cando se realicen entre créditos dos capítulos II e IV do estado de gastos, así como as que se realicen dentro deles.

n) Cando se refiran aos créditos da Secretaría Xeral de Universidades, sempre que non afecten o importe total do Plan de financiamento de universidades.

Artigo 9. *Adecuación de créditos*

Un. Para facilitar a consecución do equilibrio económico-financeiro na execución do orzamento para o ano 2014, os créditos incluídos nos estados de gastos poderán experimentar os axustes necesarios para acomodar o seu importe ao dos recursos, na medida en que estes últimos difiran dos inicialmente previstos nos orzamentos de ingresos da Administración xeral da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das axencias públicas autonómicas.

Sen prexuízo do indicado na letra ñ) do artigo 5 desta lei, o Consello da Xunta adoptará, por proposta da Consellería de Facenda, os acordos de non dispoñibilidade de crédito que sexan precisos para cumprir o previsto no parágrafo anterior.

Dous. Para conseguir o máximo grao de execución posible dos fondos procedentes da Unión Europea, os créditos incorporados que non amparen compromisos de gastos debidamente adquiridos nos exercicios anteriores poderán ser reasignados a outras actuacións, da mesma ou distinta consellería ou organismo, con suxeición aos respectivos plans financeiros e ás disposicións dos programas operativos e da normativa que os regula, por proposta motivada dos organismos intermedios da autoridade de xestión dos respectivos programas, ou da autoridade de xestión no caso do Feader.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Artigo 10. *Transferencia de remanentes líquidos de tesouraría*

Os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais transferirán ao orzamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma o importe do remanente de tesouraría non afectado resultante da liquidación do anterior exercicio orzamentario.

A Consellería de Facenda poderá xerar crédito con este importe no programa 621B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», unha vez analizada a súa repercusión e os seus efectos sobre a estabilidade orzamentaria.

Non obstante, e coa finalidade de evitar que se produzan estes remanentes, a Consellería de Facenda poderalles limitar os libramentos de fondos a estas entidades en función do seu nivel de execución orzamentaria.

As axencias públicas autonómicas para a incorporación do remanente de tesouraría non afectado aplicarán o disposto na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. De non se realizar a incorporación procederase conforme o disposto neste artigo para os organismos autónomos e as entidades públicas empresariais.

Artigo 11. *Consello de Contas*

Con suxeición ás limitacións e aos requisitos establecidos con carácter xeral, as autorizacións de ampliacións e transferencias de crédito que se lle atribúen á persoa titular da Consellería de Facenda entenderanse referidas ao órgano competente do Consello de Contas cando correspondan ao orzamento do citado consello.

As modificacións autorizadas deberanlle ser comunicadas para a súa instrumentación á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

TÍTULO II
Gastos de persoal

CAPÍTULO I
Dos gastos do persoal ao servizo do sector público

Artigo 12. *Bases da actividade económica en materia de gastos de persoal*

Un. As retribucións íntegras do persoal ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia non poderán experimentar no ano 2014 ningún incremento con res-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

pecto ás vixentes o 31 de decembro de 2013, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal coma á súa antigüidade.

Dous. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos deberán experimentar a oportuna adecuación, resultando inaplicables as cláusulas que establezan calquera tipo de incremento. Debido ás actuais circunstancias económicas excepcionais, suspéndese a aplicación dos pactos ou acordos asinados que supoñan incrementos retributivos para o ano 2014.

Ademais, mantense a suspensión da aplicación do punto décimo oitavo do Texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, publicado pola Resolución do 31 de xullo de 2013 da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

Tres. O disposto nas alíneas precedentes entenderase sen prexuízo das adecuacións retributivas que con carácter singular e excepcional resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos seus obxectivos. En calquera caso, calquera modificación da lexislación básica do Estado que se produza ao longo do ano 2014 non afectará as retribucións derivadas desta lei en tanto non se absorba a diferenza.

Catro. As referencias relativas a retribucións contidas nesta lei enténdense sempre feitas a retribucións íntegras.

Cinco. As referencias contidas na normativa vixente relativas a haberes líquidos, para os efectos do cálculo de anticipos reintegrables ao persoal funcionario, entenderanse feitas ás retribucións básicas e complementarias que perciba este nos seus importes líquidos.

Seis. Para os efectos do establecido neste título, constitúen o sector público da Comunidade Autónoma:

a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de autonomía de Galicia para o Parlamento.

b) A Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos.

c) As entidades públicas instrumentais de consulta ou asesoramento a que se refire a disposición adicional sexta da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

d) As axencias públicas autonómicas.

e) As entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia.

f) As entidades públicas empresariais a que se refire o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

g) Os consorcios autonómicos a que se refire o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

h) As sociedades mercantís públicas autonómicas a que se refire o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

i) As fundacións públicas sanitarias e as demais fundacións do sector público da Comunidade Autónoma a que se refire o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 13. *Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal*

Un. Durante o ano 2014 non se procederá no sector público delimitado no artigo anterior, a excepción das sociedades mercantís públicas autonómicas, as cales se rexerán polo disposto na normativa básica estatal, á incorporación de novo persoal, salvo a que poida derivar da execución de procesos selectivos correspondentes a ofertas de emprego público de exercicios anteriores. Esta limitación alcanza as prazas incursas nos procesos de consolidación de emprego previstos na disposición transitoria cuarta do Estatuto básico do empregado público.

Respectando, en todo caso, as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I dos correspondentes orzamentos de gastos, a limitación contida no parágrafo anterior non será aplicable aos sectores determinados na lexislación básica do Estado, nos que, de acordo con ela, a taxa de reposición de efectivos se fixará ata un máximo do 10 %.

Dous. A oferta de emprego público dos sectores sinalados no segundo parágrafo da alínea Un deste artigo, resultante da aplicación da taxa de reposición correspondente a cada sector,

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

poderá acumularse e concentrarse nos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais.

A oferta de emprego público así calculada incluirá todos os postos e prazas desempeñados por persoal laboral contratado ou persoal interino nomeado, a que se refire a letra a) do punto 1 do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, excepto aqueles sobre os que exista unha reserva do posto ou que estean incursos en procesos de provisión ou se decida a súa amortización, existentes neses sectores, funcións e categorías profesionais. Tamén se incluirán aqueles postos aos que se adscribiran os afectados por unha resolución xudicial de recoñecemento dunha relación laboral de carácter indefinido non fixo. Con este fin, realizaranse as adecuacións nos orzamentos que resulten precisas e sempre de acordo co previsto no artigo 9 desta lei.

Tres. Durante o ano 2014 non se autorizarán convocatorias de postos ou prazas vacantes de persoal laboral das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que deberán ser autorizadas pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Co obxecto de posibilitar a adecuada optimización dos recursos humanos existentes no sector público autonómico, o persoal funcionario ou laboral fixo que presta servizos na Administración da Comunidade Autónoma poderá pasar a prestar servizos nas entidades instrumentais do sector público autonómico de acordo co disposto na normativa de función pública.

Catro. O Consello da Xunta poderá autorizar, coa limitación establecida na alínea Un deste artigo, por proposta da Dirección Xeral da Función Pública ou, se é o caso, das consellerías competentes na materia, e co informe favorable da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, a convocatoria das prazas vacantes de persoal funcionario e do persoal laboral incluído no ámbito de aplicación do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Cinco. Durante o ano 2014 non se procederá no sector público da Comunidade Autónoma delimitado no artigo anterior á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario temporal ou de funcionarios interinos, agás en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten o funcionamento dos servizos públicos esenciais segundo o establecido nos artigos seguintes.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Artigo 14. *Contratación de persoal laboral temporal e nomeamento de persoal funcionario interino no ámbito da Comunidade Autónoma e os seus organismos autónomos e axencias públicas*

Un. Durante o ano 2014, no ámbito a que se refiren as letras b) e d) da alínea Seis do artigo 12 desta lei, en casos excepcionais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables e sempre que non poidan ser atendidas mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes, poderanse realizar as seguintes contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal estatutario temporal e persoal funcionario interino, nos supostos previstos no artigo 9.2 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal dos servizos de saúde, e na letra a) da alínea Un do artigo 10 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, xa se trate de postos reservados nas relacións de postos de traballo a persoal laboral, estatutario ou a persoal funcionario:

a) Persoal docente, non docente e laboral de centros docentes.

b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.

d) Persoal adscrito ao Servizo de Defensa contra Incendios Forestais.

e) Persoal laboral e persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

f) Persoal adscrito ao sistema integrado de Emerxencias e Protección Civil.

g) Persoal que se atope en situación de permiso por parto, adopción ou acollemento.

h) Persoal laboral relevista substituto do xubilado parcial, independentemente da natureza xurídica do posto que este desempeñe.

As devanditas contratacións adecuaranse estritamente ás necesidades do servizo e terán como límite máximo as previsións orzamentarias establecidas para o efecto.

As direccións xerais competentes remitirán á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, con periodicidade mensual, a relación de todas as contratacións de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino e persoal estatutario interino realizados con base nesta excepción. Xunto coa relación achegarase unha memoria explicativa que xustifique a necesidade urxente e inaprazable e o carácter imprescindible para o funcionamento do servizo.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Dous. Durante o ano 2014, no ámbito determinado neste artigo e con carácter excepcional, poderán realizarse contratacións de persoal laboral temporal ou nomearse persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2014 nas relacións de postos de traballo, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos. Para estes efectos, o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa de que a cobertura do posto resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo.

Tres. Durante o ano 2014, no ámbito determinado neste artigo, poderán atenderse os excesos ou as acumulacións de tarefas mediante a contratación temporal de persoal laboral e o nomeamento de persoal funcionario interino sen adscrición a praza, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, e de acordo cos límites que se establecen na letra a) da alínea Tres do artigo 8 desta lei. O gasto derivado destas contratacións imputarase necesariamente aos subconceptos 131.24, «Acumulacións de tarefas de persoal laboral temporal», e 120.24, «Acumulacións de tarefas de persoal funcionario non docente».

Para estes efectos, o departamento solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa de que a contratación resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento do servizo e de que non puido ser atendida mediante procesos de reestruturación dos efectivos existentes.

Catro. Durante o ano 2014, no ámbito determinado neste artigo, poderán acordarse as substitucións transitorias, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, sempre que non poidan ser atendidas mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes e dentro das limitacións orzamentarias previstas e que, cando unha vez valorada polos responsables de xestión a duración prevista da devandita situación, resulten absolutamente imprescindibles para o funcionamento do servizo.

A dita autorización conxunta non será necesaria nas seguintes substitucións:

a) Persoal docente, non docente e laboral de centros docentes.

b) Persoal dos centros asistenciais do Servizo Galego de Saúde.

c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

d) Persoal adscrito ao Servizo de Defensa contra Incendios Forestais.

e) Persoal veterinario que preste os seus servizos en matadoiros e lonxas ou nos servizos de Sanidade e Produción Animal dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.

f) Persoal administrativo que preste os seus servizos nas oficinas de rexistro unificadas da Administración da Comunidade Autónoma.

g) Persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza.

h) Persoal adscrito ao sistema integrado de Emerxencias e Protección Civil.

Cinco. Durante o ano 2014, no ámbito determinado neste artigo, poderá efectuarse o nomeamento de persoal funcionario interino para a execución de programas de carácter temporal, segundo o previsto no artigo 10.1.c) da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, logo do informe conxunto da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, cos seguintes requisitos:

a) O financiamento debe proceder de fondos da Unión Europea ou da Administración estatal.

b) A duración do nomeamento non poderá exceder a execución do programa.

c) O persoal funcionario interino non ocupará prazas da relación de postos de traballo e a súa selección e nomeamento axustaranse ao procedemento establecido polo Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento do persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia.

Seis. De conformidade co establecido neste artigo, a aplicación dos pactos e acordos que prevexan medidas relativas á cobertura das ausencias do persoal das institucións sanitarias deberá respectar o carácter absolutamente imprescindible das substitucións transitorias do persoal. En consecuencia, serán os órganos de xestión das institucións sanitarias os que, atendendo as necesidades asistenciais, determinarán as medidas axeitadas para manter a cobertura asistencial, adecuándose, asemade, aos principios e criterios de responsabilidade na xestión do gasto e de eficiencia na asignación e o emprego dos recursos públicos, atendendo a situación económica e o cumprimento do principio de sustentabilidade financeira, consonte o preceptuado na Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Artigo 15. *Contratación de persoal laboral de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos*

Un. Durante o ano 2014, no ámbito a que se refiren as letras b) e d) da alínea Seis do artigo 12 desta lei, poderán formalizarse contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos, sempre que se dea a concorrencia dos seguintes requisitos:

a) Que a contratación teña por obxecto a execución de obras por administración de acordo co disposto na lexislación de contratos do sector público, ou a realización de servizos que teñan a natureza de investimentos.

b) Que tales obras ou servizos correspondan a investimentos previstos e aprobados nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

c) Que pola natureza das obras ou dos servizos non poidan ser executados por persoal fixo.

d) Que se refiran a obras e proxectos concretos.

Do cumprimento dos anteriores requisitos deberase deixar constancia no correspondente expediente de contratación.

Dous. Os contratos teranse que formalizar seguindo as prescricións dos artigos 15 e 17 do Estatuto dos traballadores e conforme o disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. Nos contratos farase constar a obra ou o servizo para cuxa realización se formaliza o contrato e o tempo de duración, así como o resto das formalidades que impón a lexislación sobre contratos laborais, eventuais ou temporais. Os incumprimentos destas obrigas formais, así como a asignación de persoal contratado para funcións distintas das que se determinen nos contratos, que puideren derivar no recoñecemento como persoal laboral indefinido non fixo, poderán dar lugar á exixencia de responsabilidades, segundo o artigo 122 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

O gasto xerado por estas contratacións, con excepción das suxeitas normativamente ao Real decreto 1435/1985, do 1 de agosto, polo que se regula a relación laboral especial de artistas en espectáculos públicos, así como o gasto que corresponda ás contratacións de

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

persoal temporal dedicado á extinción de incendios forestais e ás contratacións de persoal temporal asociado a proxectos de investigación imputaranse ao concepto correspondente do artigo 13 no programa e consellería de que se trate.

Tres. A realización destes contratos será obxecto de fiscalización previa nos casos en que esta resulte preceptiva, de conformidade co establecido nos artigos 94 a 117 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro. A intervención delegada do departamento, ou órgano equivalente, certificará, despois da proposta fundamentada do xestor, que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria que corresponda computado sempre na súa proxección anual.

Catro. A contratación poderá exceder o exercicio orzamentario cando se trate de obras ou servizos que excedan o devandito exercicio e correspondan a proxectos de investimento de carácter plurianual que cumpran os requisitos que para estes se prevén no artigo 58 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Cinco. O servizo xurídico do departamento ou organismo emitirá informe sobre os contratos con carácter previo á súa formalización e, en especial, pronunciarase sobre a modalidade de contratación utilizada e a observancia nas cláusulas do contrato dos requisitos e formalidades exixidos pola lexislación laboral.

Seis. Non se poderán realizar contratacións de persoal de carácter temporal para a realización de obras ou servizos previstos no anexo de investimentos sen autorización previa da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

Sete. Os contratos que se iniciasen durante o exercicio de 1999 ou anteriores e que teñan unha data de finalización posterior ao 31 de decembro de 1999 poderán continuar imputándose ao capítulo VI do orzamento de gastos do correspondente departamento ata o seu termo.

Artigo 16. *Contratación de persoal temporal no ámbito das restantes entidades públicas instrumentais*

Un. Durante o ano 2014, no ámbito a que se refiren as letras c), f), g), h) e i) da alínea Seis do artigo 12 desta lei e con carácter excepcional, poderán realizarse contratacións de persoal laboral temporal ou nomearse persoal funcionario interino ou persoal

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

estatutario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano 2014 nos cadros de persoal ou nas relacións de postos de traballo, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, que se poderá conceder tras a debida xustificación motivada da entidade solicitante de que a cobertura resulta absolutamente imprescindible para o funcionamento da entidade.

Dous. Non será necesario solicitar a autorización conxunta requirida na alínea anterior nas seguintes contratacións de novo persoal laboral temporal e nomeamentos de persoal estatutario temporal e persoal funcionario interino para a cobertura de postos vacantes e substitucións transitorias cuxa necesidade de cobertura xurda ao longo do ano:

a) Persoal dedicado á defensa contra incendios forestais.

b) Persoal que preste servizo nas unidades asistenciais das sociedades sanitarias e fundacións sanitarias.

c) Persoal de centros e residencias de servizos sociais.

Tres. Durante o ano 2014, no ámbito determinado na alínea Un, poderanse realizar, excepcionalmente, logo da autorización conxunta da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, tras a debida xustificación motivada da entidade solicitante de que a cobertura resulta absolutamente imprescindible e de que a necesidade non pode ser satisfeita mediante unha redistribución de funcións dos efectivos existentes, as seguintes contratacións:

– Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de obra ou servizo determinado.

– Contratacións de persoal laboral temporal na modalidade de acumulación de tarefas.

Para estes efectos, deberase remitir unha memoria xustificativa da necesidade da contratación solicitada e da adecuación da modalidade contractual. Así mesmo, incluirase unha memoria económica na que se valoren todos os aspectos económicos da solicitude e da forma de financiamento.

Catro. Con periodicidade mensual deberase remitir á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos a información referida a todas as contratacións realizadas durante o período pola entidade, independentemente da modalidade contractual e da súa duración.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Artigo 17. *Contratación de persoal vinculado a encomendas de xestión*

Durante o ano 2014 as encomendas de xestión que realicen a Administración da Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos ou as axencias públicas ás entidades a que se refiren as letras f), h) e i) da alínea Seis do artigo 12 desta lei non poderán supoñer a contratación de persoal temporal por parte das ditas entidades con cargo ás contías recibidas como contraprestación da realización das encomendas de xestión.

Quedan exceptuadas do disposto no parágrafo anterior as contratacións de persoal temporal que estiveren previstas no programa de actuación, investimento e financiamento.

Esta limitación non será aplicable a proxectos financiados con fondos finalistas do Estado e da Unión Europea.

CAPÍTULO II

Dos réximes retributivos

Artigo 18. *Retribucións dos altos cargos e outro persoal directivo*

Un. No ano 2014 as retribucións dos altos cargos non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013, quedando, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, sen prexuízo da percepción de catorce mensualidades da retribución por antigüidade que lles poida corresponder de conformidade coa normativa vixente:

Presidente da Xunta: 66.923,04 €.

Vicepresidente e conselleiros: 58.659,48 €.

Secretarios xerais, secretarios xerais técnicos, directores xerais, delegados territoriais e asimilados: 51.593,54 €.

Dous. No ano 2014 as retribucións dos membros do Consello de Contas non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013, quedando, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

Conselleiro maior: 62.223,84 €.

Conselleiros: 58.659,48 €.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Tres. No ano 2014 as retribucións dos membros do Consello Consultivo de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013, quedando, polo tanto, establecidas nas seguintes contías, referidas a doce mensualidades:

Presidente: 62.223,84 €.

Conselleiros: 58.659,48 €.

Catro. No ano 2014 as retribucións totais do persoal directivo a que se refire o artigo 7 do Decreto 119/2012, do 3 de maio, polo que se regulan as retribucións e percepcións económicas aplicables aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico, do restante persoal previsto nese decreto e dos altos cargos das entidades públicas instrumentais de consulta e asesoramento non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013.

Cinco. Por proposta da persoa titular da consellería á que se atopen adscritas, as retribucións iniciais das persoas titulares das presidencias e vicepresidencias e, se é o caso, das direccións xerais das entidades a que se refire a alínea anterior deste artigo serán autorizadas, logo do informe conxunto da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, pola persoa titular da Consellería de Facenda.

Artigo 19. *Complemento persoal*

O persoal funcionario designado para ocupar postos incluídos nos anexos de persoal dos orzamentos da Administración xeral, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas autonómicas que dean lugar á consideración de alto cargo e que no momento do seu nomeamento manteña unha relación de servizo permanente, non contractual, con algunha administración pública non poderá percibir retribucións inferiores ás que tiña asignadas no posto de procedencia.

Cando se produza esa circunstancia, o persoal indicado terá dereito a percibir un complemento persoal equivalente á diferenza entre a totalidade dos conceptos retributivos, básicos e complementarios, do posto de orixe, con exclusión das gratificacións por servizos extraordinarios, en cómputo anual, e as retribucións do mesmo carácter que lle correspondan polo posto que ocupe na Administración autonómica galega.

O recoñecemento do dereito á percepción deste complemento será realizado en cada caso pola Dirección Xeral da Función Pública.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Os complementos persoais e transitorios permanecerán coas mesmas contías que o 31 de decembro do ano 2013.

Artigo 20. *Retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior*

As contías das retribucións das persoas titulares das delegacións da Xunta de Galicia no exterior para o ano 2014 non poderán experimentar ningún incremento respecto das vixentes o 31 de decembro do ano 2013, sen prexuízo do dereito ás indemnizacións, as axudas de custo e a aplicación de coeficientes por razón de servizo que poidan corresponderlles por residencia no estranxeiro. Así mesmo terán dereito a percibir os trienios que poidan ter recoñecidos como persoal funcionario e persoal ao servizo das administracións públicas.

Artigo 21. *Retribucións dos consellos de administración*

No ano 2014 as retribucións dos consellos de administración das sociedades mercantís públicas ou das entidades públicas empresariais non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013.

Artigo 22. *Criterios retributivos en materia de persoal funcionario*

Un. As retribucións que percibirá no ano 2014 o persoal funcionario da Comunidade Autónoma incluído no ámbito de aplicación do Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, nos termos da disposición derradeira cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, que desempeñe postos de traballo para os que o Goberno da Comunidade Autónoma aprobou a aplicación do réxime retributivo previsto na devandita lei serán as seguintes:

a) O soldo e os trienios, nas nóminas ordinarias de xaneiro a decembro de 2014, que correspondan ao grupo ou subgrupo en que se atope clasificado o corpo ou escala a que pertenza a persoa funcionaria, coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Grupo/subgrupo Lei 7/2007	Soldo	Trienios
A_1	13.308,60	511,80
A_2	11.507,76	417,24
B	10.059,24	366,24

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Grupo/subgrupo Lei 7/2007	Soldo	Trienios
C_1	8.640,24	315,72
C_2	7.191,00	214,80
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007, do 12 de abril)	6.581,64	161,64

b) As pagas extraordinarias, que serán dúas ao ano e percibiranse de acordo co previsto no artigo 15 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 1989. O importe de cada unha destas pagas será o importe do soldo e dos trienios establecido a continuación e dunha mensualidade de complemento de destino:

Grupo/Subgrupo Lei 7/2007	Soldo	Trienios
A_1	684,36	26,31
A_2	699,38	25,35
B	724,50	26,38
C_1	622,30	22,73
C_2	593,79	17,73
E (Lei 30/1984) e agrupacións profesionais (Lei 7/2007, do 12 de abril)	548,47	13,47

Cando o persoal funcionario preste unha xornada de traballo reducida durante os seis meses anteriores aos meses de xuño e decembro, o importe da paga extraordinaria experimentará a correspondente redución proporcional.

c) O complemento de destino correspondente ao nivel do posto de traballo que se desempeñe, de acordo coas seguintes contías referidas a doce mensualidades:

Nivel	Euros
30	11.625,00
29	10.427,16
28	9.988,80
27	9.550,20
26	8.378,40
25	7.433,64
24	6.995,04
23	6.556,92
22	6.118,08
21	5.680,20

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Nivel	Euros
20	5.276,40
19	5.007,00
18	4.737,48
17	4.467,96
16	4.199,16
15	3.929,28
14	3.660,12
13	3.390,36
12	3.120,84
11	2.851,44
10	2.582,28

d) O complemento específico anual que, se é o caso, estea fixado ao posto que se desempeñe. Este complemento non experimentará na súa contía anual ningún incremento con respecto da vixente o 31 de decembro de 2013 e percibirase en doce mensualidades.

e) O complemento de produtividade que, se é o caso, se destine a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o persoal funcionario desempeñe o seu traballo, nos termos establecidos no artigo 69.3.c) do Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo.

O complemento de produtividade establecerase de acordo con criterios obxectivos que aprobe o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da consellería correspondente e logo do informe da Dirección Xeral da Función Pública, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, unha vez escoitados os órganos de representación do persoal. Os complementos de produtividade débense facer públicos nos centros de traballo.

As contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinarán ningún tipo de dereito individual respecto das valoracións ou apreciacións correspondentes a períodos sucesivos.

f) As gratificacións por servizos extraordinarios.

Estas gratificacións serán concedidas logo de autorización do Consello da Xunta por proposta da consellería respectiva, cando a súa contía exceda, para todo o exercicio 2014, de 40.000 euros en total. No caso contrario a súa autorización corresponderá á consellería.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

En todo caso, as devanditas gratificacións terán carácter excepcional e soamente poderán ser recoñecidas polos servizos extraordinarios prestados fóra da xornada normal de traballo, sen que, en ningún caso, poidan ser fixas na súa contía nin periódicas na súa devindicación.

g) Os complementos persoais e transitorios recoñecidos en cumprimento do disposto no artigo 10 da Lei 13/1988, do 30 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 1989.

Estes complementos persoais e transitorios serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza no ano 2014, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se considerarán en ningún caso os trienios, o complemento de produtividade nin as gratificacións por servizos extraordinarios, para estes efectos.

Incluso no caso de que o cambio de posto de traballo determine unha diminución das retribucións manterase o complemento persoal transitorio fixado ao producirse a aplicación do novo sistema, á absorción do cal se lle imputará calquera mellora retributiva ulterior, mesmo a que poida derivar do cambio de posto de traballo.

Dous. Para os efectos do disposto na alínea anterior, as retribucións que percibirá o persoal funcionario que ata a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007 viñan referenciadas aos grupos de titulación previstos na lexislación da función pública galega, e que se corresponden nos mesmos termos cos grupos recollidos no Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, pasan a estar referenciadas aos grupos e subgrupos de clasificación profesional establecidos no artigo 76 e na disposición transitoria terceira da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, sen experimentar outras variacións que as derivadas desta lei. As equivalencias entrambos os sistemas de clasificación son as seguintes:

Grupo A Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo A_1 Lei 7/2007
Grupo B Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo A_2 Lei 7/2007
Grupo C Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo C_1 Lei 7/2007
Grupo D Decreto lexislativo 1/2008	Subgrupo C_2 Lei 7/2007
Grupo E Decreto lexislativo 1/2008	Agrupacións profesionais Lei 7/2007

Tres. O persoal funcionario interino incluído no ámbito de aplicación da Lei 7/2007, do 12 de abril, pola que se aproba o Estatuto básico do empregado público, percibirá a to-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

talidade das retribucións básicas, incluídos trienios e pagas extraordinarias, e a totalidade das retribucións complementarias que correspondan ao posto de traballo para o que sexa nomeado, excluído o que estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

Catro. O complemento de produtividade poderáselle atribuír, se é o caso, ao persoal funcionario interino a que se refire a alínea anterior, así como ao persoal funcionario en prácticas cando estas se realicen desempeñando un posto de traballo e estea autorizada a aplicación do devandito complemento ao persoal funcionario que desempeñe análogos postos de traballo, agás que ese complemento estea vinculado á condición de persoal funcionario de carreira.

Cinco. Na Administración da Comunidade Autónoma, dos seus organismos autónomos e das súas axencias públicas, nos casos de adscrición durante o ano 2014 de persoal funcionario suxeito a un réxime retributivo distinto do correspondente ao posto de traballo a que se adscribe, o devandito persoal funcionario percibirá as retribucións que correspondan ao posto de traballo que desempeñe, logo da oportuna asimilación que autorice a Dirección Xeral da Función Pública por proposta das consellerías interesadas.

Só para os efectos da asimilación a que se refire o parágrafo anterior, a Dirección Xeral da Función Pública poderá autorizar que a contía da retribución por antigüidade sexa a que proceda de acordo co réxime retributivo de orixe do persoal funcionario.

A Dirección Xeral da Función Pública comunicará estas autorizacións á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos para o seu coñecemento.

Artigo 23. *Criterios retributivos en materia de persoal laboral*

Un. A masa salarial do persoal laboral dos entes e organismos que se indican na alínea Seis do artigo 12 desta lei, que non experimentará ningún incremento con respecto á vixente o 31 de decembro de 2013, estará integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais e os gastos de acción social devindicados polo devandito persoal no ano 2013.

Exceptúanse en todo caso:

a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.

b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.

d) As indemnizacións ou os suplidos por gastos que teña que realizar o traballador ou a traballadora.

As variacións da masa salarial bruta calcularanse en termos de homoxeneidade respecto dos dous períodos obxecto de comparación, tanto no que respecta a efectivos reais do persoal laboral e antigüidade deste coma ao réxime privativo de traballo, xornada legal ou contractual, horas extraordinarias efectuadas e outras condicións laborais, computándose, en consecuencia, por separado as cantidades que correspondan á variación de tales conceptos. Con cargo á masa salarial así obtida para o ano 2014 deberase satisfacer a totalidade das retribucións do persoal laboral derivadas dos convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2014 e todas as que se produzan ao longo do exercicio, agás as que lle corresponde devindicar ao devandito persoal no citado ano polo concepto de antigüidade.

As indemnizacións ou os suplidos deste persoal non poderán experimentar crecementos con respecto ao ano 2013.

Dous. As retribucións do persoal laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado na alínea Seis do artigo 12 desta lei non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013.

Artigo 24. *Retribucións do persoal ao servizo das institucións sanitarias da Comunidade Autónoma de Galicia*

Un. En aplicación do previsto na disposición transitoria sexta.1.a) da Lei 55/2003, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, o persoal incluído no ámbito de aplicación do Real decreto lei 3/1987, do 11 de setembro, sobre retribucións do persoal estatutario do Instituto Nacional da Saúde, percibirá as retribucións básicas e o complemento de destino nas contías sinaladas para os ditos conceptos retributivos no artigo 22.Un.a), b) e c) desta lei.

O importe anual das retribucións correspondentes ao complemento específico, ao complemento de produtividade fixa, ao complemento de atención continuada, ao complemento de penosidade, responsabilidade e dificultade e mais á carreira profesional que, se é o caso, lle corresponda ao referido persoal non experimentará ningún incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

A contía individual do complemento de produtividade determinarase conforme os criterios sinalados no artigo 2.Tres.c) e na disposición transitoria terceira do Real decreto lei 3/1987 e no artigo 43.2 da Lei 55/2003, e nas demais normas ditadas para o seu desenvolvemento.

Dous. As retribucións do restante persoal estatutario, funcionario e laboral das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde non experimentarán ningún incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013.

Tres. Nos supostos de pactos e acordos que establezan a asignación de conceptos retributivos ligados á prestación dunha xornada complementaria ou adicional á fixada nos propios acordos como xornada ordinaria, o aboamento dos ditos conceptos requirirá da acreditación da prestación efectiva dos servizos.

Non se poderán satisfacer en ningún caso percepcións retributivas ou asignacións económicas, incluíndo as suplementarias ou mediadas, derivadas de atención continuada, gardas ou concepto equivalente cando non exista prestación efectiva dos servizos motivada por situacións de incapacidade temporal, agás naqueles supostos expresamente previstos nunha norma con rango de lei.

Catro. Os requisitos para a modificación das retribucións do persoal a que se refire este artigo serán os establecidos no artigo 29 desta lei.

Artigo 25. *Retribucións do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza*

No ano 2014 as retribucións do persoal dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza non experimentarán ningún incremento, en termos anuais, respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013.

Artigo 26. *Criterios retributivos aplicables ao persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores*

Un. No ano 2014 as retribucións básicas e as complementarias de carácter fixo e periódico do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma non incluído nos artigos anteriores non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013, sen prexuízo, se é o caso, da adecuación destas últimas cando sexa necesaria para asegurar que a retribución total de cada posto de traballo garde a relación procedente coa súa especial dificultade técnica, dedicación, responsabilidade, perigosidade e penosidade.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Dous. O conxunto das restantes retribucións complementarias, se é o caso, non experimentará ningún incremento respecto das vixentes o 31 de decembro do ano 2013, sen prexuízo das modificacións que deriven da variación do número de efectivos asignados a cada programa, do grao de consecución dos obxectivos fixados para aquel e do resultado individual da súa aplicación.

Tres. Os complementos persoais e transitorios e as demais retribucións que teñan análogo carácter rexeranse pola súa normativa específica e polo disposto nesta lei.

Catro. As indemnizacións por razón do servizo rexeranse pola súa normativa específica.

Cinco. As prestacións familiares establecidas pola normativa específica do réxime especial da Seguridade Social dos funcionarios civís do Estado, das Forzas Armadas e da Administración de xustiza, extensiva, preceptivamente, a determinado persoal funcionario da Comunidade Autónoma, liquidaránselles ás persoas beneficiarias conforme o que determinen as leis anuais de orzamentos xerais do Estado ou calquera outra disposición que as regule.

CAPÍTULO III
Outras disposicións en materia de réxime de persoal activo

Artigo 27. *Prohibición de ingresos atípicos*

O persoal comprendido dentro do ámbito de aplicación desta lei, con excepción daquel sometido ao réxime de arancel, non poderá percibir ningunha participación nos tributos, nas comisións ou noutros ingresos de calquera natureza que correspondan á Administración ou a calquera poder público como contraprestación de calquera servizo ou xurisdición, nin participación ou premio en multas impostas aínda que estean normativamente atribuídas a eles, debendo percibir unicamente as remuneracións do correspondente réxime retributivo, sen prexuízo do que resulte da aplicación do sistema de incompatibilidades e do disposto na normativa específica sobre gozo de vivenda por razón do traballo ou cargo desempeñado.

Artigo 28. *Relacións de postos de traballo*

Un. As relacións de postos de traballo poderanse modificar para executar as sentenzas xudiciais firmes que requiran a creación de postos de traballo, por non poder adscribir os afectados a un posto preexistente que estea vacante sen ocupación. Con carácter xeral, os postos de traballo de carácter administrativo da Administración da Comunidade Autónoma

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

serán creados como de persoal funcionario, salvo que pola natureza das súas funcións teñan que ser creados para ser desempeñados por persoal laboral, de acordo co que establece a normativa de función pública.

A súa creación propoñerase no prazo máximo de tres meses, contados a partir da data de firmeza da sentenza xudicial, e, unha vez creado o posto, adscribirase provisionalmente a el a persoa afectada pola sentenza e procederase seguidamente á súa cobertura mediante os sistemas de selección e provisión legalmente establecidos.

Sen prexuízo do anterior, as consellerías e os seus organismos dependentes poderán propoñer mediante a correspondente modificación da relación de postos de traballo a amortización daqueles postos de traballo que consideren que non son necesarios para o cumprimento das funcións que teñen asignadas.

Dous. As relacións de postos de traballo vixentes o 1 de xaneiro do ano 2014 deberanse modificar para axustalas ás previsións orzamentarias que se deducen do anexo de persoal desta lei, sen que mentres tanto se poidan prover, provisional ou definitivamente, aqueles postos para os que non estea prevista dotación nos mencionados anexos.

Artigo 29. *Requisitos para a determinación ou modificación de retribucións do persoal laboral e non funcionario*

Un. Será necesario informe favorable, emitido conxuntamente pola Dirección Xeral da Función Pública e pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, para determinar ou modificar as condicións retributivas do persoal non funcionario e laboral ao servizo do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia delimitado na alínea Seis do artigo 12 desta lei.

Dous. Con carácter previo ás negociacións de convenios ou acordos colectivos que se subscriban no ano 2014, deberase solicitar da Consellería de Facenda a correspondente autorización de masa salarial, que cuantifique o límite máximo das obrigas que poidan contraerse como consecuencia dos ditos pactos, achegando para o efecto a certificación das retribucións salariais satisfeitas e devindicadas durante o ano 2013.

Cando como consecuencia de convenios ou acordos colectivos resulte a obriga de recoñecementos de complementos persoais de carácter transitorio, deberase establecer que estes complementos serán absorbidos por calquera mellora retributiva que se produza nos exercicios sucesivos, incluídas as derivadas do cambio de posto de traballo. Non se consi-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

derarán en ningún caso o complemento de antigüidade, o complemento de produtividade nin as horas extraordinarias para estes efectos.

Cando se trate de persoal non suxeito a convenio colectivo cuxas retribucións veñan determinadas en todo ou en parte mediante contrato individual, deberanse comunicar á Consellería de Facenda as retribucións satisfeitas e devindicadas durante o ano 2013.

Para a determinación das retribucións de postos de traballo de nova creación bastará coa emisión do informe a que se refire a alínea Un deste artigo.

Tres. Para os efectos das alíneas anteriores, entenderase por determinación ou modificación das condicións retributivas do persoal non funcionario as seguintes actuacións:

a) A determinación das retribucións dos postos de nova creación.

b) O asinamento de convenios colectivos subscritos polos organismos sinalados na alínea Un anterior, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.

c) A aplicación de convenios colectivos de ámbito sectorial, así como as súas revisións e as adhesións ou extensións a eles.

d) A fixación de retribucións mediante contrato individual, xa se trate de persoal fixo ou contratado por tempo determinado, cando non veñan reguladas en todo ou en parte mediante convenio colectivo.

e) O outorgamento de calquera clase de melloras salariais de tipo unilateral con carácter individual ou colectivo, aínda que deriven da aplicación extensiva do réxime retributivo dos funcionarios públicos.

f) A determinación das retribucións correspondentes ao persoal contratado no exterior.

Catro. Co fin de emitir o informe sinalado na alínea Un deste artigo, as consellerías, organismos e entes remitirán á Dirección Xeral da Función Pública e á Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos o correspondente proxecto, con carácter previo ao seu acordo ou asinamento no caso dos convenios colectivos ou contratos individuais, xunto coa achega da valoración de todos os seus aspectos económicos.

Cinco. O sinalado informe será realizado no prazo máximo de quince días, que se contarán desde a data de recepción do proxecto e da súa valoración, e versará sobre todos

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

aqueles extremos dos que deriven consecuencias directas ou indirectas en materia de gasto público, tanto para o ano 2014 coma para exercicios futuros, e, especialmente, no que se refire á determinación da masa salarial correspondente e ao control do seu crecemento.

Seis. Serán nulos de pleno dereito os acordos adoptados nesta materia con omisión do trámite de informe ou en contra dun informe desfavorable, así como os pactos que impliquen crecementos salariais para exercicios sucesivos contrarios ao que determinen as futuras leis de orzamentos.

Sete. Non se poderán autorizar gastos derivados da aplicación das retribucións para o ano 2014 sen o cumprimento dos requisitos establecidos neste artigo.

Artigo 30. *Persoal de alta dirección das entidades instrumentais do sector público da Comunidade Autónoma*

Nos contratos laborais do persoal de alta dirección das entidades a que se refire este artigo non se poderán fixar indemnizacións, en razón da extinción da relación xurídica coa entidade correspondente, de contía superior á fixada na lexislación reguladora desta relación laboral de carácter especial.

Artigo 31. *Nomeamento de profesorado interino a tempo parcial en centros docentes non universitarios*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá efectuar, nos centros docentes non universitarios, o nomeamento de profesorado interino con horarios de traballo inferiores aos establecidos con carácter xeral, que percibirá as retribucións básicas e complementarias de forma proporcional á xornada traballada.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tratará de completar o horario docente do persoal interino, compartindo, de ser necesario, varios centros de ensino, para minimizar deste xeito o número de prazas ofertadas segundo o parágrafo anterior.

No caso de ser necesario o nomeamento para prazas a tempo parcial, daráselle preferencia para optar a estas ao profesorado que voluntariamente queira acceder a elas, sobre todo a aquelas persoas que aleguen necesidades de conciliación da vida familiar e laboral.

Artigo 32. *Profesores e profesoras de corpos docentes*

Sen prexuízo do establecido con carácter xeral no artigo 74, punto 5, do Texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

marzo, e atendendo as peculiaridades do persoal docente, recoñecidas polo artigo 1, punto 2, do referido texto refundido, os profesores e as profesoras dos corpos docentes previstos no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderán percibir ata o total das súas retribucións tanto básicas coma complementarias cando sexan autorizados para o gozo de licenzas por estudos durante o curso escolar, nos supostos, termos, prazos e condicións que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co informe favorable da Dirección Xeral da Función Pública e da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos.

Artigo 33. *Persoal eventual e de gabinete*

Un. O persoal eventual de gabinete da Administración da Xunta de Galicia unicamente poderá ser adscrito aos departamentos en que figuren as persoas que formen parte do Consello do Goberno galego.

Dous. A Xunta de Galicia publicará na súa páxina web a información referida á totalidade do dito persoal.

Tres. Prohíbese a contratación de persoal de gabinete por calquera das entidades instrumentais dependentes da Xunta de Galicia, así como por parte das súas delegacións territoriais.

CAPÍTULO IV
Universidades

Artigo 34. *Custos de persoal máximos das universidades de Galicia*

Un. De conformidade co establecido no artigo 81.4 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, e en concordancia coa evolución da masa salarial do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma e coa normativa básica en materia de reposición de efectivos, quedan autorizados como límite máximo os seguintes custos do persoal das universidades, en miles de euros:

	Masa salarial	Cargas sociais	Total
A Coruña	73.366,36	11.414,35	84.780,71
Santiago de Compostela	127.777,91	16.188,21	143.966,12
Vigo	77.214,92	11.975,46	89.190,38
Total	278.359,19	39.578,02	317.937,22

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Dous. As retribucións anuais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia non experimentarán incremento respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013.

Artigo 35. *Retribucións adicionais do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia*

O importe das retribucións adicionais correspondentes aos complementos retributivos autonómicos vinculados ao recoñecemento ao labor docente, ao labor investigador, polos cargos de xestión e á excelencia curricular docente e investigadora que, se é o caso, lle correspondan ao persoal docente e investigador funcionario e contratado doutor non experimentarán, na súa contía anual, ningunha variación respecto das vixentes o 31 de decembro de 2013, sen prexuízo de que sobre elas se practiquen os axustes precisos para acadar a retribución sinalada no artigo anterior.

Artigo 36. *Oferta de emprego público ou outro instrumento similar de xestión da provisión de necesidades de persoal do Sistema universitario de Galicia*

As universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia aplicarán a normativa básica prevista no artigo 13 desta lei. Excepcionalmente, e con autorización previa conxunta das consellerías de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e de Facenda, poderán proceder á provisión temporal de postos de persoal docente e investigador para cubrir necesidades docentes urxentes e inaprazables, que, cando sexa necesario, se publicarán no *Diario Oficial de Galicia*.

Para estes efectos, a institución solicitante deberá remitir unha memoria xustificativa que acredite os seguintes extremos:

– Que a cobertura se basea nas necesidades obxectivas de docencia na área de coñecemento en cuestión.

– Que se cumpre o réxime de dedicación previsto na lei e que este non é superior aos encargos docentes que ten asignados a área de coñecemento.

– A fonte de financiamento da provisión solicitada.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

TÍTULO III
Operacións de endebedamento e garantía

CAPÍTULO I
Operacións de crédito

Artigo 37. *Operacións de endebedamento por prazo superior a un ano*

Un. A posición neta debedora da Comunidade Autónoma poderase incrementar durante o ano 2014 nunha contía máxima equivalente ao 1 % do produto interior bruto da Comunidade Autónoma.

Para estes efectos, tomarase a posición neta debedora de todos os organismos autónomos, axencias públicas autonómicas e demais entidades instrumentais de calquera condición que, conforme a normativa aplicable en materia de estabilidade orzamentaria, estean incluídos dentro do sector das administracións públicas e consoliden o seu endebedamento co da Comunidade Autónoma consonte as normas do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais.

Co obxecto de optimizar a carga financeira global da Comunidade Autónoma, a posición neta debedora da Administración xeral poderá incrementarse coa finalidade de amortizar préstamos dos organismos, entes e sociedades indicados no parágrafo precedente, no mesmo importe que se amortice.

Dous. A posición neta debedora será efectiva ao termo do exercicio, podendo ser excedida no curso deste, e quedará automaticamente revisada:

a) Polas desviacións que poidan xurdir entre as previsións de ingresos contidas nesta lei e a súa evolución real.

b) Nas contías necesarias para financiar as adquisicións de activos financeiros con destino a suxeitos non comprendidos no punto 1.b) do artigo 2 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que poidan xurdir ao longo do exercicio.

c) Na contía necesaria para a adquisición de activos financeiros por parte do Instituto Galego de Promoción Económica, conforme as condicións de renovación da liña do Banco Europeo de Investimentos que se instrumenten no 2014. Ese posible maior endebedamento debe estar destinado á adquisición de activos financeiros de suxeitos non comprendidos

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

no mencionado punto 1.b) da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

d) Nas contías asumidas en concepto de débeda polas variacións na composición do sector da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, en termos do Sistema europeo de contas nacionais e rexionais, como consecuencia de que entes que estaban nel considerados pasan a deixar de o estar ou viceversa, así como polo importe dos créditos comerciais e outras contas pendentes de pagamento financiadas mediante operacións de factoring sen recurso que deban rexistrase contablemente como débeda financeira.

e) Na contía máxima do endebedamento autorizado nas leis de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia dos catro últimos exercicios que non fose utilizado, sempre que estea dentro dos límites de endebedamento autorizados polos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira.

f) Polos anticipos reintegrables ou préstamos concertados con outras administracións públicas para o financiamento de investimentos incluídos en plans ou programas conxuntos.

g) Polos importes adicionais que se amparen nos acordos do Consello de Política Fiscal e Financeira en materia de endebedamento.

Tres. No ámbito da Administración xeral, autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda para formalizar as operacións de endebedamento a que se refire este artigo. A formalización poderá realizarse de maneira fraccionada, en función das necesidades de financiamento da Comunidade Autónoma. Estas operacións poderán instrumentarse mediante a emisión de débeda pública, a concertación de créditos ou calquera outro instrumento financeiro dispoñible no mercado.

Igualmente, facúltase para, de acordo coas respectivas normas de emisión ou contratación, ou de mutuo acordo cos acredores, acordar operacións de troco, conversión, amortización anticipada total ou parcial, substitución, refinanciamento ou modificar ou renegociar as operacións de endebedamento xa formalizadas, co obxecto de conseguir a xestión máis adecuada do conxunto do endebedamento da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, poderá acordar operacións con instrumentos financeiros derivados que permitan xestionar o risco ou a carga financeira da Comunidade Autónoma.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Catro. A Axencia Galega de Infraestruturas subrogarase na posición debedora da Sociedade Pública de Investimentos desde o momento da súa liquidación.

Artigo 38. *Débeda da tesouraría*

Un. A Comunidade Autónoma, para a atención de necesidades da Administración xeral, poderá concertar ou emitir operacións de débeda de tesouraría, por prazo inferior a un ano, conforme o disposto no artigo 31 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, ata un importe que non supere o 15 % da consignación que figura no orzamento da Administración xeral como ingresos correntes incondicionados, entendendo como tal a suma dos capítulos I, II e III e o concepto 400.

Dous. Autorízase a persoa titular da Consellería de Facenda a determinar as condicións concretas e a formalizar estas operacións de crédito ou emisión de débeda pública, en calquera das súas modalidades.

Artigo 39. *Outras operacións financeiras*

A formalización de calquera operación de carácter financeiro a medio ou longo prazo non referida nos artigos precedentes, como instrumentos de leasing, factoring e outros, por parte dos órganos da Administración xeral e de calquera das entidades públicas instrumentais cando o seu importe acumulado exceda os 200.000 euros, deberá contar coa correspondente autorización da Consellería de Facenda, a través da dirección xeral competente en materia de política financeira.

Artigo 40. *Endebedamento das entidades instrumentais do sector público*

Un. As entidades instrumentais do sector público autonómico, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, poderán concertar operacións para atender necesidades transitorias de tesouraría, con prazo de reembolso non superior a un ano, cun límite máximo do 10 % da súa previsión inicial de ingresos correntes ou de explotación. A superación dese límite deberá ser autorizada pola Consellería de Facenda.

Independentemente do anterior, o saldo vivo o 31 de decembro de 2014 non poderá superar por estas operacións o saldo vivo o 31 de decembro do exercicio anterior, agás autorización expresa da Consellería de Facenda.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Dous. Para concertar, renovar ou modificar as condicións de financiamento de calquera tipo de operacións de endebedamento a longo prazo ou de cobertura sobre elas, as entidades instrumentais do sector público autonómico, así como calquera outra entidade incluída no sector de sociedades non financeiras dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán conseguir a autorización da Consellería de Facenda.

Tres. O endebedamento autorizado ao Instituto Galego de Promoción Económica na alínea Dous do artigo 37 terá por obxecto o financiamento de actividades que lle son propias e, consecuentemente, outorgará préstamos, directamente ou a través de entidades financeiras, a pequenas e medianas empresas. O importe autorizado poderá ser disposto nunha ou en sucesivas operacións, sen que en ningún caso o importe acumulado disposto sexa superior ao importe global dos préstamos outorgados e dispostos ás pequenas e medianas empresas.

Catro. O Instituto Galego da Vivenda e Solo, como medida para facilitar o acceso á vivenda, poderá concertar con entidades financeiras préstamos hipotecarios subrogables con destino ao financiamento de actuacións en materia de vivenda de promoción pública, sen que poidan establecerse cláusulas das que deriven responsabilidades do referido instituto unha vez realizada a subrogación, sen prexuízo da previsión nos procedementos de execución hipotecaria, da cesión do remate ou da adxudicación por parte da entidade financeira executante a favor do Instituto Galego da Vivenda e Solo, cando sexa imprescindible para garantir o destino e réxime legal da vivenda.

O importe dos créditos hipotecarios vivos no ano 2014 non poderá superar en ningún caso os 24.000.000 de euros. Non obstante, o volume da débeda viva na fin do exercicio non excederá o do 31 de decembro do ano anterior, agás con autorización expresa da Consellería de Facenda.

Cinco. O réxime de autorización establecido nas alíneas anteriores realizarase a través da dirección xeral competente en materia de política financeira, que asesorará as mencionadas entidades nas distintas operacións financeiras co obxecto de elixir o instrumento máis apropiado, obter as mellores condicións dos mercados financeiros e conseguir unha mellor administración do conxunto do endebedamento da Comunidade Autónoma.

Co mesmo fin, as mencionadas entidades dependentes da Comunidade Autónoma deberán remitir á Consellería de Facenda, a través da referida dirección xeral, nos primeiros quince días de cada trimestre, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a seguinte información relativa á fin do trimestre inmediato anterior:

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

a) Detalle da situación de endebedamento, desagregando cada operación financeira.

b) Detalle das operacións financeiras activas.

Así mesmo, as citadas entidades estarán obrigas a remitir calquera outra información requirida pola Consellería de Facenda co obxecto de cumprir coas obrigas de subministración de información que veñan establecidas polo Estado e a Unión Europea.

CAPÍTULO II
Afianzamento por aval

Artigo 41. *Avais*

Un. Con carácter xeral e de conformidade co disposto no artigo 41 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, o importe máximo dos avais que a Xunta de Galicia poderá conceder durante o ano 2014 será de 30.000.000 de euros.

Dous. Adicionalmente, poderase avalar o puntual e íntegro cumprimento de todas as obrigas financeiras e pecuniarias do Instituto Galego de Promoción Económica que puideren derivar dos contratos de financiamento asinados co Banco Europeo de Investimentos.

Nos primeiros quince días de cada trimestre, o Instituto Galego de Promoción Económica deberá remitir á Consellería de Facenda, a través da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa ás disposicións, aplicacións e amortizacións efectuadas das operacións avaladas ante o Banco Europeo de Investimentos.

Tres. Consonte o disposto no artigo 45 do mesmo texto legal, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá conceder, durante o ano 2014, avais en contía que non supere en ningún momento o saldo efectivo vixente de 500.000.000 de euros.

Co obxecto de atender proxectos de axuda ao desenvolvemento no exterior, e dentro do saldo indicado no parágrafo anterior, o Instituto Galego de Promoción Económica poderá avalar operacións de crédito ata 30.000.000 de euros.

Por cada operación de aval e por cada liña ou programa de avais dotarase unha provisión para atender posibles falidos na contía que determine a Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro, ben en relación co importe da operación individual, ben en conside-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

ración ao montante total da liña ou programa. O importe destas provisións destinarase ao Fondo de Garantía de Avais de acordo co sinalado na letra i) do artigo 7 desta lei.

Nos primeiros quince días de cada trimestre o Instituto Galego de Promoción Económica deberá remitir á Consellería de Facenda a través da referida dirección xeral, e de conformidade coas instrucións que esta estableza, a información relativa aos avais existentes á fin do trimestre inmediato anterior.

Catro.

a) O Consello da Xunta, por proposta conxunta da persoa titular da Consellería de Facenda e da consellería a que estea adscrito o Instituto Galego de Promoción Económica, poderá acordar, por instancia motivada do Instituto Galego de Promoción Económica e logo de pedimento dos interesados e do informe da consellería correspondente por razón da materia, a novación das obrigas de reintegro derivadas da execución e do pagamento dos avais do Instituto Galego de Promoción Económica, e a suspensión do exercicio das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación dos avais prestados do Instituto Galego de Promoción Económica, corresponden á Comunidade Autónoma, cando se cumpran as seguintes condicións:

1) O exercicio da acción de regreso regulada no artigo 10.2 do Decreto 284/1994, do 15 de setembro, de regulación de avais do Instituto Galego de Promoción Económica, afectaría grave ou substancialmente o mantemento da actividade produtiva ou empresarial a que estean afectos os bens tomados en contragarantía dos avais e a valoración que se efectúe da viabilidade económica da empresa permita considerar que a continuación da explotación é máis vantaxosa para a administración, por lle permitir recuperar en maior grao o importe dos seus créditos.

2) O debedor deberá ofertar un calendario de pagamentos para o reintegro das cantidades debidas, e garantir estes pagamentos con iguais garantías que as constituídas inicialmente conforme o previsto na normativa aplicable. O Instituto Galego de Promoción Económica poderá exixir garantías adicionais no suposto de que as inicialmente constituídas resulten insuficientes.

3) A novación xustificarase en atención á capacidade económica e previsións de ingresos do titular dos bens, ao mantemento da actividade produtiva ou empresarial e do emprego vinculado a esta e mais ao valor actualizado dos bens dados en contragarantía. Complementariamente, teranse en conta circunstancias tales como a promoción de formas aso-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

ciativas laborais ou outras consideracións socioeconómicas relevantes, que deberán ser debidamente motivadas. Esta novación poderá incluír quitación ou minoración do importe debido, ademais de aprazamento de pagamento. A novación establecerá compromisos determinados en materia de mantemento de actividade e emprego, a cargo do beneficiario.

b) O incumprimento do calendario de pagamentos establecido ou dos compromisos asumidos en materia de mantemento de actividade e emprego supoñerá a ineficacia do pacto novatorio e a obriga de reintegro á Administración autonómica do importe total inicialmente debido máis os intereses de mora correspondentes. Poderán establecerse, ademais, penalidades por incumprimento.

O incumprimento supoñerá tamén a incoación das accións de regreso que ao abeiro do artigo 10.2 do Decreto 284/1994 corresponden á Comunidade Autónoma.

TÍTULO IV
Xestión orzamentaria

Artigo 42. *Intervención limitada*

A contía a que se refire o artigo 97.1.a) do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, queda establecida no importe fixado para ter a consideración de contratos menores de subministración na lexislación reguladora da contratación do sector público.

Artigo 43. *Modificacións de contratos de transporte escolar*

Os contratos administrativos de transporte escolar poderán modificarse por razóns de interese público e para atender causas imprevistas debidamente xustificadas, de conformidade co previsto no Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

As modificacións consistentes na variación dos percorridos, así como na reestruturación dos itinerarios, motivadas por razóns técnicas, dado o carácter esencial e impostergable dos servizos de transporte escolar, poñeranse en práctica de xeito inmediato, unha vez comprobado o cumprimento das condicións referidas ao comezo, así como a existencia de crédito orzamentario necesario para levalas a adiante.

Estas modificacións estarán excepcionadas do informe previo da asesoría xurídica cando a súa contía non supere o 20 % do prezo do contrato/día que se vai modificar e o impor-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

te anual que represente a modificación non supere os 18.000 euros, imposto sobre o valor engadido excluído.

Con independencia do establecido no artigo 97.1 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, non estarán sometidas a intervención previa as devanditas modificacións cando non excedan dos límites sinalados no parágrafo anterior.

Malia o anterior, a Intervención Delegada da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria comprobará, antes da fiscalización do primeiro pagamento, o cumprimento de todos os requisitos exixidos para autorizar e comprometer o gasto.

Artigo 44. *Fiscalización das operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma*

A intervención previa dos procedementos de contratación de operacións de endebedamento da Comunidade Autónoma realizarase no momento procedemental inmediatamente anterior ao compromiso que se adquire coa asinamento do contrato, e comprobarase o cumprimento de todos os requisitos exixidos para aprobar e comprometer o gasto.

Artigo 45. *Fiscalización de nomeamentos ou de contratos para substitucións de persoal*

A fiscalización de nomeamentos e de contratos para substitucións de persoal por razóns de necesidade e urxencia conxuntural realizarase con carácter previo á alta en nómina, mediante a verificación da adecuación do proceso de selección coa normativa vixente e da existencia de nomeamento ou de contrato, así como de crédito adecuado e suficiente.

Artigo 46. *Proxectos de gasto*

Un. A Consellería de Facenda poderá agregar as partidas de gasto corrente que constitúan un centro de custos en proxectos de gasto para os efectos de lles asignar obxectivos orzamentarios.

Dous. As modificacións dos programas de investimento que impliquen o inicio de novos proxectos ou a variación dos existentes requirirán a asignación dun novo código pola Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda, logo da tramitación da oportuna modificación polo órgano competente segundo o previsto no Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Artigo 47. *Autorización do Consello da Xunta para a tramitación de determinados expedientes de gastos*

Un. Requirirá autorización por parte do Consello da Xunta a tramitación de expedientes de contratación e de encomendas de xestión cando o valor estimado ou o importe do gasto, respectivamente, sexa superior a 4.000.000 de euros.

Dous. A tramitación de expedientes que leve á modificación de convenios que fosen previamente autorizados polo Consello da Xunta requirirá autorización do mesmo órgano. Non obstante, non será precisa esta autorización cando a modificación non supoña unha alteración do obxecto nin comporte incremento do importe total ou no número de exercicios orzamentarios, sempre que a distribución do importe correspondente a cada exercicio respecte os límites a que fai referencia o artigo 58.3 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Tres. Logo de se obter a autorización, a aprobación do gasto corresponderá ao órgano de contratación da consellería ou da entidade instrumental do sector público autonómico que xestione o crédito.

Artigo 48. Revisións de prezos contidos en concertos ou convenios

Con carácter xeral, as revisións de prezos que se establezan nos concertos ou convenios que subscriban durante o ano 2014 a Administración xeral da Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos e as entidades públicas instrumentais comprendidas no artigo 45 da Lei 16/2010, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, non poderán referenciarse por riba do 85 % da evolución do índice de prezos ao consumo de Galicia. Igualmente, as revisións de prezos e tarifas que afecten concertos ou convenios xa subscritos non poderán experimentar un incremento superior ao do 85 % do índice de prezos ao consumo galego do anterior exercicio.

Excepcionalmente, por causas plenamente xustificadas ou por alteracións das condicións dos concertos ou convenios, a persoa titular da Consellería de Facenda, por proposta do departamento correspondente, poderá autorizar a inclusión de cláusulas de revisión por contía diferente á indicada no parágrafo anterior.

Artigo 49. *Transferencias de financiamento*

Un. Teñen a consideración de transferencias de financiamento as achegas en diñeiro nominativas a favor dos organismos e das entidades vinculadas ou dependentes da Admi-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

nistración da Comunidade Autónoma destinadas a financiar global ou parcialmente a súa actividade con carácter indiferenciado.

Dous. As achegas de natureza corrente deberán librarse con carácter mensual por doceavas partes, salvo que mediante convenio se regule outro réxime diferente de pagamento. Este convenio deberá someterse a informe da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma sobre a adecuación do réxime de libramento proposto ao ritmo de execución do gasto corrente da entidade.

Os convenios que, de ser caso, estiveren vixentes á entrada en vigor desta lei deberán ser revisados nos tres primeiros meses do exercicio para os efectos de se axustar ao disposto neste artigo.

Tres. As achegas de capital libraranse atendendo o ritmo de execución do gasto de capital da entidade.

Catro. Os convenios que se formalicen para regular o réxime de libramentos das transferencias de financiamento non precisarán de autorización previa do Consello da Xunta de Galicia.

Cinco. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará a correcta aplicación destas achegas mediante o uso das técnicas de fiscalización e auditoría previstas no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, e nas normas que a desenvolven.

Artigo 50. *Subvencións nominativas*

Un. Non poderán incrementarse os créditos previstos nesta lei para subvencións nominativas.

Dous. Os convenios ou as resolucións en que se estableza a concesión de subvencións nominativas regularán así mesmo o réxime de xustificación, pagamentos e anticipos que, se é o caso, se poidan librar. Estes convenios ou resolucións só necesitarán a autorización previa do Consello da Xunta cando de xeito excepcional, logo da xustificación da súa ineludible necesidade, prevexan un pagamento a conta ou ben un anticipo superior aos permitidos nos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Artigo 51. *Concesión directa de axudas e subvencións*

A resolución de concesión de subvencións correntes e de capital que con carácter excepcional se realicen ao abeiro do disposto nos artigos 19.4.c) e 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirá autorización do Consello da Xunta cando a súa contía supere o importe de 6.010 euros por beneficiario e ano, ou as concedidas por cada departamento da Administración autonómica excedan globalmente os 60.100 euros no exercicio, exceptuadas as que vaian ser formalizadas mediante convenio ou instrumento bilateral, ás que lles será aplicable o réxime xeral previsto no artigo 26.3 da devandita Lei 9/2007. Os importes elevaranse a 12.000 euros e 120.300 euros, respectivamente, para a sección 04, servizo 10, Secretaría Xeral da Presidencia.

Artigo 52. *Simplificación da acreditación do cumprimento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social*

De acordo co previsto no artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a obriga de presentar a certificación que acredita o cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma poderá ser substituída pola declaración responsable do solicitante de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos seguintes casos:

a) As subvencións ou axudas que se concedan con cargo ao artigo 77 do orzamento de gastos, cando non superen por beneficiario ou beneficiaria e axuda o importe de 1.500 euros.

b) As concedidas aos beneficiarios e ás beneficiarias para a mellora da condición de financiamento que se paguen a través das entidades financeiras correspondentes.

c) As axudas que se concedan para incentivar a contratación de seguros no sector agrario e acuícola, amparados no Plan de seguros agrarios combinados.

d) As axudas que se concedan con carácter de compensación ou indemnizatorio.

Artigo 53. *Pagamento de axudas e subvencións*

O pagamento, mediante aboamentos mensuais, das bolsas que se concedan a persoas físicas beneficiarias directas, destinadas expresamente a financiar estudos e investigación

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

en centros públicos ou privados, poderá efectuarse de forma anticipada, con suxeición ao establecido no artigo 31.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 54. *Préstamos concedidos con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma*

Un. Sen prexuízo da análise de riscos, competencia e responsabilidade do centro xestor do gasto, será preceptivo e vinculante o informe da Consellería de Facenda para a concesión de préstamos con cargo aos créditos do capítulo VIII dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O citado informe terá por obxecto determinar o efecto que as condicións de concesión dos préstamos poidan ter sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e, atendendo as devanditas consideracións, determinará a procedencia da concesión das operacións propostas.

No suposto de préstamos que se vaian conceder a través de procedementos de concorrencia, o citado informe emitirase no momento anterior á aprobación da convocatoria.

Dous. Os beneficiarios dos préstamos deberán acreditar que se atopan ao corrente do pagamento das obrigas de reembolso de calquera outro préstamo concedido anteriormente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma.

Corresponde ao centro xestor do gasto comprobar o cumprimento destas condicións con anterioridade ao pagamento, exixindo, cando non se poida acreditar doutro xeito, unha declaración responsable do beneficiario ou certificación do órgano competente de este ser unha administración pública.

Tres. Mediante orde da Consellería de Facenda poderanse ditar as instrucións que sexan precisas para o cumprimento desta disposición.

Artigo 55. *Expedientes de dotación artística*

Á entrada en vigor desta lei, o 80 % dos créditos afectados á realización de traballos de dotación artística, nas aplicacións correspondentes a proxectos técnicos de obras novas do capítulo VI non financiados polo Fondo de Compensación Interterritorial nin con fondos finalistas ou procedentes da Unión Europea nin con fondos propios que cofinancien, será obxecto de ampliación de crédito na Consellería Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a conta das retencións de crédito previstas, para a finalidade determinada na

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Lei 12/1991, do 14 de novembro, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos camiños de Santiago da comunidade autónoma de Galicia.

A ampliación de crédito indicada terá carácter de «a conta» sobre a liquidación definitiva da porcentaxe que de acordo coa devandita Lei 12/1991 corresponde aos traballos de dotación artística, e non lle serán aplicables as limitacións establecidas no artigo 68 do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, e na alínea Sete do artigo 8 desta lei.

Artigo 56. *Módulo económico de distribución de fondos públicos para sostemento de centros concertados*

Un. De acordo co establecido nos puntos 2 e 3 do artigo 117 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o importe do módulo económico por unidade escolar, para os efectos de distribución da contía global dos fondos públicos destinados ao sostemento dos centros concertados para o ano 2014, é o fixado no anexo 4 desta lei.

Dous. As retribucións do persoal docente terán efectividade desde o 1 de xaneiro de 2014, sen prexuízo da data en que se asinen as táboas salariais para 2014 do VI Convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos, publicado pola Resolución do 30 de xullo de 2013 da Dirección Xeral de Emprego.

As contías sinaladas para salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais, serán aboadas directamente pola Administración, mediante pagamento delegado, sen prexuízo da relación laboral entre o profesorado e o titular do centro respectivo. A distribución dos importes que integran os «Gastos variables» efectuarase de acordo co establecido nas disposicións reguladoras do réxime de concertos.

A Administración só aboará as categorías funcionais directivas de director e xefe de estudos do centro, así como os trienios destas dúas categorías. Non aboará ningunha outra categoría funcional directiva e, singularmente, as denominadas xefaturas de departamento, aínda que figure expresamente recollido no convenio colectivo vixente. No ano 2014 a Administración autonómica tampouco subscribirá acordos nin ditará instrucións ou resolucións para o aboamento da paga extraordinaria por antigüidade na empresa prevista no VI Convenio colectivo de empresas do ensino privado sostidas total ou parcialmente con fondos públicos.

Os compoñentes do módulo destinados a «Outros gastos» e «Persoal complementario» terán efectos a partir do 1 de xaneiro de 2014.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

As contías correspondentes ao módulo de «Outros gastos» aboaranse mensualmente, e os centros poden xustificar a súa aplicación ao rematar o correspondente exercicio económico de forma conxunta para todas as ensinanzas concertadas do centro.

As contías correspondentes ao módulo de «Persoal complementario» tamén se aboarán mensualmente, e os centros deberán xustificar estes importes ao remate do exercicio económico e separadamente do módulo de «Outros gastos».

Tres. Os centros que impartan os catro cursos da educación secundaria obrigatoria serán dotados do financiamento dos servizos de orientación educativa. Esta dotación realizarase sobre a base de calcular o equivalente a unha xornada completa do profesional axeitado a estas funcións, en función do número de unidades de educación secundaria obrigatoria que teña concertadas o centro e ata un máximo de vinte e cinco horas por centro. Os custos do orientador, que se incluirán na nómina de pagamento delegado do centro, serán os correspondentes ao salario, os gastos variables e o complemento retributivo segundo o establecido nos módulos económicos por unidade escolar do primeiro e segundo cursos ou do terceiro e cuarto cursos de educación secundaria obrigatoria, respectivamente.

Catro. Facúltase o Consello da Xunta para fixar as relacións profesor/unidade concertadas adecuadas para impartir o plan de estudos vixente en cada nivel obxecto do concerto, calculadas con base nas xornadas de profesor con vinte e cinco horas semanais.

A Administración non asumirá os incrementos retributivos, as reducións horarias ou calquera outra circunstancia que conduza a superar o previsto para cada centro nos correspondentes módulos económicos, segundo o establecido no anexo 4 desta lei.

Cinco. A relación profesor/unidade dos centros concertados poderá ser incrementada en función do número total de profesores afectados polas medidas de recolocación que se viñesen adoptando ata o momento da entrada en vigor desta lei e se atopen na nómina de pagamento delegado.

TÍTULO V
Corporacións locais

CAPÍTULO I
Financiamento e cooperación económica coas corporacións locais

Artigo 57. *Créditos asignados ás corporacións locais*

O montante total dos créditos que se asignan ás corporacións locais nos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, derivados da súa participación no Fondo de

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Cooperación Local e da subscrición de convenios e da concesión de subvencións, ascende a 276.828.908 euros, coa distribución funcional que figura no anexo 5.

Artigo 58. *Dotación e distribución do Fondo de Cooperación Local*

Un. Conforme o indicado na disposición adicional quinta da Lei 14/2010, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, a porcentaxe de participación do Fondo de Cooperación Local na recadación líquida dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos da Administración xeral, homoxeneizados como se indica no parágrafo seguinte, queda establecida no 2,4782546 % para o exercicio de 2014 e corresponde na súa totalidade ao fondo base.

No exercicio 2014 o índice de evolución correspondente á recadación dos capítulos I, II e III do orzamento de ingresos, homoxeneizada coas variacións dos tipos impositivos estatais do imposto sobre o valor engadido e dos impostos especiais comunicadas polo Estado para ese exercicio, é negativo con respecto á do 2011, polo que non se repartirá fondo adicional entre os concellos.

Dous. O crédito orzamentario inicial destinado ao pagamento das entregas a conta correspondentes á participación das entidades locais nos tributos da Comunidade Autónoma ascende a 112.972.806 euros, que corresponden ao fondo base.

Tres. Con anterioridade ao reparto do fondo base deducirase un importe equivalente ao 1 %, sen que poida exceder de 600.000 euros anuais, que se destinarán aos gastos de mantemento propios da Federación Galega de Municipios e Provincias. A cantidade restante será obxecto de distribución entre todos os concellos de Galicia, conforme os coeficientes que se establecen no anexo 6.

Catro. O disposto nas alíneas Un e Tres será aplicable na distribución da entrega a conta e da liquidación definitiva do exercicio 2014. A distribución das liquidacións definitivas que, pola participación dos concellos no Fondo de Cooperación Local, se satisfagan durante o ano 2014 realizarase aplicando a cada concello o coeficiente de reparto e as regras de distribución que lle corresponderon na entrega a conta do exercicio que se liquida.

Cinco. Cando no transcurso do exercicio se poña fin a procedementos de fusión ou de incorporación de concellos, o concello resultante da fusión ou incorporación percibirá a suma das entregas a conta correspondentes a cada concello fusionado ou incorporado e, se é o caso, as liquidacións definitivas que para cada un deles se satisfagan no 2014.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Do mesmo xeito, o concello resultante destes procedementos terá dereito a percibir a suma das liquidacións que polo exercicio 2014 correspondan aos concellos fusionados ou incorporados.

Artigo 59. *Transferencias derivadas de convenios ou subvencións*

As transferencias ás entidades locais de Galicia derivadas da subscrición de convenios ou da concesión de subvencións, que figuran recollidas nos diferentes programas dos estados de gastos que se detallan no artigo 2 desta lei, ascenden a 163.856.102 euros, coa distribución funcional que figura no anexo 7.

CAPÍTULO II

Procedemento de compensación e retención do Fondo de Cooperación Local

Artigo 60. *Débedas obxecto de compensación*

Un. As cantidades que correspondan a cada concello como participación no Fondo de Cooperación Local serán susceptibles de compensación coas débedas vencidas, líquidas e exixibles que teñan contraídas coa Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas.

Dous. En particular, poderán ser obxecto de compensación as cantidades vencidas, líquidas e exixibles debidas á Administración da Comunidade Autónoma e ás entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio das súas potestades administrativas, como danos e perdas derivados do incumprimento de convenios administrativos de colaboración.

Para estes efectos, entenderase que son líquidas as cantidades que a Comunidade Autónoma lles aboase a terceiros como consecuencia do incumprimento do convenio pola entidade local. Estas cantidades comunicaranse ao concello, acompañando as facturas ou outros documentos que acrediten os gastos realizados, e tras a audiencia deste aprobaranse por resolución motivada.

Tres. Ademais, poderán ser obxecto de compensación coa participación no Fondo de Cooperación Local as achegas dos concellos que, en virtude de convenio coa Xunta de Galicia e as súas entidades instrumentais, teñan a condición de vencidas, líquidas e exixibles.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Catro. Por último, poderán ser obxecto de retención as cantidades que as entidades locais municipais deban satisfacer ás mancomunidades a que pertenzan de acordo co disposto na lexislación da Administración local. Tamén as que deban satisfacerse a outras mancomunidades, concellos e consorcios que xestionen servizos en común, como consecuencia da súa obriga de participar no financiamento e mantemento destes servizos e sempre que así se estableza de xeito expreso no instrumento regulador asinado entre as partes, e que este instrumento lle sexa comunicado, con carácter previo ao seu asinamento, á Consellería de Facenda para que autorice a utilización do procedemento de compensación.

Artigo 61. *Procedemento para a compensación das débedas e posterior retención nas entregas a conta*

Un. No caso de débedas vencidas, líquidas e exixibles coa Xunta de Galicia, os seus organismos autónomos, as axencias públicas e as demais entidades instrumentais do sector público autonómico que actúen no exercicio de potestades administrativas, o procedemento de retención iniciarase por solicitude do órgano ao que lle corresponde a competencia no procedemento executivo de recadación da débeda, quen previamente terá ditado o oportuno acordo de compensación desta e o terá notificado ao concello debedor.

Neste suposto, corresponderá ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención, tanto nas entregas a conta do fondo que se deban realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente coma na liquidación definitiva anual deste que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas nos supostos de concorrencia.

Dous. O procedemento previsto na alínea anterior tamén se aplicará ás débedas incluídas na alínea Tres do artigo 60. Non obstante, cando o propio convenio estableza expresamente a posibilidade de realizar a retención no Fondo de Cooperación Local, o procedemento limitarase ao sinalado respecto do acordo de retención.

Tres. No caso de débedas con entidades locais, o procedemento de retención iniciarase por solicitude do alcalde ou presidente da entidade local acredora da débeda, que acompañará a esta solicitude a certificación do seu responsable de recadación, na que se faga constar a denominación, o concepto e o importe da débeda cuxa retención se solicita e mais a data en que se produciu o vencemento do período de pagamento comunicado para a facer efectiva. Ademais, á solicitude incorporarase copia compulsada do documento (estatutos da entidade, convenio de prestación de servizos ou calquera outro) do que dimane a vinculación xurídica entre as partes e ampare a obrigatoriedade da débeda reclamada.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Neste suposto, corresponderá ao órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local ditar o acordo de retención tanto nas entregas a conta do fondo que se deben realizar ao concello debedor durante o exercicio corrente coma na liquidación definitiva anual del que se realice durante o devandito exercicio, tendo en conta o establecido no artigo seguinte en canto á orde de prelación de débedas en supostos de concorrencia.

Artigo 62. *Orde de prelación na concorrencia de débedas*

Un. Cando concorran varias débedas que deba satisfacer o mesmo concello, a retención practicarase tendo en conta a seguinte orde de prelación:

1. A débeda correspondente á liquidación anual do Fondo de Cooperación Local, cando esta tiver carácter negativo.

2. As restantes débedas previstas no artigo 60.

Dous. No caso de que a liquidación anual do Fondo de Cooperación Local ao concello teña carácter negativo, procederase á súa retención, por partes iguais nas entregas a conta correspondentes ás catro mensualidades inmediatamente seguintes ao coñecemento da liquidación, podendo alcanzar ata o 100 % da contía asignada a cada entrega a conta.

Se a contía desta liquidación negativa supera o importe desas catro mensualidades, continuará a practicarse a retención, conforme as condicións anteriormente sinaladas, nas mensualidades sucesivas ata que se extinga a débeda.

Tres. Cando o importe que haxa que reter da liquidación anual de carácter negativo o permita e, no acordo de retención, concorran outras débedas previstas no artigo 60, a retención, ata a extinción total das débedas, poderá alcanzar ata o 100 % da contía asignada, tanto en cada entrega a conta coma na liquidación definitiva anual correspondente á participación no fondo, ao respectivo concello. Esta retención aplicarase ás débedas seguindo estritamente a orde de prelación establecida neste artigo.

Catro. Se no acordo de retención existe concorrencia das débedas previstas no grupo 2 da alínea Un deste artigo e cando a contía de todas elas supere a cantidade máxima susceptible de retención, esta ratearase entre aquelas en función dos seus importes.

Cinco. A contía que haxa que reter no conxunto do exercicio poderase reducir cando se xustifique a existencia de graves desfasamentos de tesouraría xerados pola prestación daquelas obrigas relativas a:

– O cumprimento regular das obrigas de persoal;

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

– A prestación dos servizos públicos obrigatorios en función do número de habitantes do municipio;

– A prestación de servizos sociais, protección civil e extinción de incendios, para cuxa realización non se exixa ningunha contraprestación en forma de prezo público ou taxa equivalente ao custo do servizo realizado.

Non se poderá establecer en ningún caso unha porcentaxe de retención para o conxunto das restantes débedas previstas na alínea Un deste artigo inferior ao 50 % da entrega a conta ou da liquidación definitiva anual correspondente ao concello.

Nos procedementos de redución da porcentaxe de retención, o órgano xestor do Fondo de Cooperación Local ditará a resolución correspondente, tendo en conta a situación financeira da entidade e a necesidade de garantir a prestación dos servizos públicos obrigatorios. Para iso, a entidade local deberá achegar, con carácter imprescindible e non exclusivo:

– Certificado expedido polos órganos de recadación das entidades acredoras polo que se acredite ter atendido o pagamento das obrigas correntes nos doce meses precedentes ao mes inmediato anterior á data de solicitude da certificación;

– Informe da situación financeira actual subscrito polo interventor local que inclúa o cálculo do remanente de tesouraría na data de solicitude da redución da porcentaxe de retención e poña de manifesto os termos en que a dita situación afecta o cumprimento das obrigas recollidas no parágrafo primeiro desta alínea;

– Plan de saneamento, aprobado polo pleno, que inclúa o exercicio en curso.

Na resolución fixarase o período de tempo en que a porcentaxe de retención deberá ser reducida, sen que caiba a extensión deste máis alá da finalización do exercicio económico. En todo caso, tal redución estará condicionada á aprobación pola entidade local dun plan de saneamento, ou á verificación do cumprimento doutro en curso.

Seis. As débedas obxecto de retención nun exercicio que non se extinguisen ao termo deste recibirán, dentro do grupo a que se refire a alínea Un deste artigo, tratamento preferente para o exercicio seguinte, de maneira que as débedas pertencentes ao mesmo grupo, cuxa compensación se solicite nese exercicio, concorrerán con aquelas só cando a aplicación dos límites porcentuais que, en cada caso, prevexa este artigo o permita.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Sete. As resolucións en que se declara a extinción das débedas con cargo ás cantidades que se retivesen corresponderán, en cada caso, ao órgano legalmente competente que teña atribuída a xestión recadatoria, de acordo coa normativa específica aplicable, e producirán os seus efectos, na parte concorrente da débeda, desde o momento en que se efectuou a retención.

TÍTULO VI
Normas tributarias

CAPÍTULO I
Tributos propios

Artigo 63. *Taxas*

Un. Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, na súa redacción vixente:

1) Modifícase o punto 3 do artigo 26, que queda redactado como segue:

«3. Os beneficiados polas obras de regulación dos recursos hídricos xestionadas pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, con captacións situadas augas abaixo dos encoros xestionados por Augas de Galicia e/ou que capten directamente do encoro, financiadas total ou parcialmente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, sempre que non teñan asumida a explotación, conservación e mantemento destes encoros, satisfarán a tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais incluída no anexo 3, coa finalidade de compensar os custos do investimento que soporte a dita administración e de atender os gastos de explotación e conservación de tales obras.».

2) Suprímese o punto 5 do artigo 27.

3) Modifícase o artigo 32, que queda redactado como segue:

«Artigo 32. *Tarifas*

A taxa exixirase de acordo coas tarifas contidas nos anexos 2 e 3 desta lei, para as modalidades de actuacións administrativo-facultativas e actuacións profesionais, respectivamente, e entenderanse co imposto sobre o valor engadido, de ser o caso, a excepción da tarifa 99 prevista no anexo 3.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

A contía da tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais da taxa por servizos profesionais contida no anexo 3 fixarase para cada exercicio orzamentario, sumando as seguintes cantidades:

a) O total previsto de gastos de funcionamento e conservación das obras realizadas.

b) Os gastos de administración do organismo xestor, imputables ás devanditas obras.

c) O 4 % do valor dos investimentos realizados pola Administración hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia, debidamente actualizado, tendo en conta a amortización técnica das obras e instalacións e a depreciación da moeda.

O importe total das tres letras anteriores imputarase en función do volume total de auga captada, expresada en metros cúbicos.».

4) Engádese unha novo punto 2.l) no artigo 40, que queda redactado como segue:

«l) Cando tras un procedemento aberto para a selección de interesados na explotación de edificacións propiedade de Portos de Galicia se declarase deserto o devandito procedemento, exclusivamente pola falta de concorrencia, poderase establecer unha bonificación sobre o valor resultante da taxa de ocupación de terreos, obras e instalacións dun 20 %.».

5) Modifícase a alínea 04 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«04	Expedición de certificados e diplomas	
01	Expedición de certificados ou diplomas	2,96
02	Expedición de duplicados de certificados ou diplomas	3,85»

6) Modifícase a alínea 27 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«27	Fotocopias compulsadas de expedientes en poder da Administración	
	a) Documentos	
	- Formato DIN A4 (€/copia)	0,10
	- Formato DIN A3 (€/copia)	0,25
	- Mínimo	5,00
	b) Planos	
	- Formato DIN A4 (€/copia)	0,30
	- Formato DIN A3 (€/copia)	0,43

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

- Formato superior a DIN A3 (€/copia)	0,56
- Formato superior a DIN A2 (€/copia)	0,70
- Formato superior a DIN A1 (€/copia)	1,00
- Formato superior a DIN A0 (€/copia)	1,50
- Mínimo	5,00
c) Copia en soporte dixital	3,20»

7) Modifícase a subalínea 05 da alínea 51 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«05	Autorización de instalación e localización de máquinas auxiliares de apostas (en locais de hostalaría). Por cada máquina auxiliar instalada	100,00»

8) Engádese a subalínea 06 na alínea 51 do anexo 1, que queda redactada como segue:

«06	Comunicación de instalación de máquinas auxiliares de apostas	25,00»

9) Engádese a alínea 55 no anexo 1, que queda redactada como segue:

«55	Autorizacións de parques zoolóxicos	
01	Apertura	497,54
02	Ampliación	140,04»

10) Engádese a alínea 56 no anexo 1, que queda redactada como segue:

«56	Autorizacións de captura de aves frinxílidas	25,68»

11) Engádese un novo punto na subalínea 06 da alínea 04 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«-	Inscrición dos asesores fitosanitarios no Rexistro Oficial de Produtores e Operadores	30,00»

12) Modifícase o punto 04 da subalínea 07 da alínea 04 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«04	Carnés de manipulación de praguicidas	
	- Inscrición para a realización de probas de aptitude para a súa obtención	8,83
	- Renovación ou duplicado do carné	4,43
	- Validación para a súa obtención	12,07»

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

13) Engádese un novo punto 05 na subalínea 07 da alínea 04 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«05	Realización de prácticas fitosanitarias en centros ou dependencias da Administración da Xunta de Galicia	42,00»

14) Engádese unha nova subalínea 10 na alínea 04 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«10	Autorización de estacións de inspeccións técnicas de equipos de aplicación de produtos fitosanitarios	120,00»

15) Modifícase a subalínea 01 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«01	Comprobación sanitaria, loita contra enfermidades das gandarías afectadas e nas campañas de saneamento cando a prestación deba realizarse por incumprimento da normativa que a regula, por perda de identificación do gando ou por petición de parte fóra do período de revisión obrigatoria:	
	– Por explotación	107,17
	– Por cada animal:	
	- Équidos, bóvidos, ovino, cabrún e similares (por cabeza)	3,69
	Máximo	220,80
	- Porcino (por cabeza):	0,7503
	Máximo	88,22
	- Aves, coellos, visóns e similares (por cabeza)	0,016508
	Máximo	44,07
	- Colmeas (por unidade)	0,471616
	Máximo	44,07»

16) Modifícase a subalínea 08 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«08	Revisión, toma de mostras e informes técnicos por petición de parte de industrias e explotacións gandeiras non previstos nos programas oficiais:	
	- Sen saír ao campo	28,72
	- Con saída ao campo	162,20
	- De ser necesario saír máis dun día, por cada día de máis	133,56
	- De ser o caso, por foto	2,96

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

- Visitas posteriores para verificar a adopción das medidas correctoras requiridas, por día 133,56»

17) Modifícase a subalínea 12 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«12 Por servizos facultativos veterinarios correspondentes á autorización e control das plantas e industrias relacionadas cos subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, conforme o Regulamento 1069/2009, do 21 de outubro:

- Por autorización e apertura 132,31
- Por control e toma de mostras 44,07»

18) Modifícase a subalínea 25 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«25 Autorizacións en materia de hixiene dos pensos conforme o Regulamento (CE) nº 183/2005, do 12 de xaneiro, de fabricantes e establecementos intermediarios

Autorización inicial, ampliación ou cambio de localización:

- Fabricación de pensos, aditivos ou premesturas 250,10
- Intermediarios de aditivos ou premesturas 128,61»

19) Modifícase o punto 03 da subalínea 28 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«03 Expedición do certificado de competencia para persoas condutoras e coidadoras de vehículos de estrada de transporte de animais vivos, ou duplicado 9,65»

20) Modifícase o punto 04 da subalínea 28 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«04 Acreditación de formación en materia de benestar animal, ou duplicado 5,10»

21) Modifícase o punto 04 da subalínea 29 da alínea 07 do anexo 2, que queda redactado como segue:

«04 Expedición do certificado oficial de competencia en materia de protección de animais utilizados para experimentación e outros fins científicos, ou duplicado 5,00»

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

22) Engádese a subalínea 04 na alínea 08 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«04	Actuacións extraordinarias dos veterinarios oficiais de Galicia, por demanda dos establecementos	
	Cota mínima (tres horas)	64,83
	Por cada hora máis	21,61»

23) Modifícase a subalínea 03 da alínea 22 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«03	Declaración responsable e modificación da declaración responsable, de laboratorios de ensaios de control de calidade e de entidades de control de calidade da edificación	
	- Declaración responsable	58,37
	- Modificación da declaración responsable	26,05»

24) Engádese a subalínea 07 na alínea 44 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«07	Toma de mostras de mexillón cultivado en viveiros flotantes (€/mostraxe)	138,00»

25) Modifícase a alínea 50 do anexo 2, que queda redactada como segue:

«50	Inscricións no Rexistro de certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia	
01	Certificados de eficiencia enerxética do proxecto para vivenda unifamiliar	5 € + 0,08 € por m² de superficie construída
02	Certificados de eficiencia enerxética do edificio terminado para vivenda unifamiliar	5 € + 0,08 € por m² de superficie construída
03	Certificados de eficiencia enerxética do proxecto para edificios de vivenda	5 € + 0,04 € por m² de superficie construída
04	Certificados de eficiencia enerxética do edificio terminado para edificios de vivenda	5 € + 0,04 € por m² de superficie construída
05	Certificados de eficiencia enerxética do proxecto para edificios destinados a outros usos (non residenciais)	5 € + 0,05 € por m² de superficie construída
06	Certificados de eficiencia enerxética do edificio terminado para edificios destinados a outros usos (non residenciais)	5 € + 0,05 € por m² de superficie construída
07	Certificados de eficiencia enerxética do edificio existente para vivenda unifamiliar ou vivenda individual en bloque	5 € + 0,08 € por m² de superficie construída
08	Certificados de eficiencia enerxética do edificio existente para edificios de vivenda	5 € + 0,04 € por m² de superficie construída

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

09	Certificados de eficiencia enerxética do edificio existente para edificios destinados a outros usos (non residenciais)	5 € + 0,05 € por m² de superficie construída»

26) Engádese a alínea 51 no anexo 2, que queda redactada como segue:

«51 Inspección e expedición do certificado do equipo de pesca, por petición do interesado, realizada por persoal ao servizo da Subdirección Xeral de Gardacostas

De 0,10 a 10 GT	10,40
De 10,1 a 50 GT	20,8
De 50,1 a 500 GT	62,40
De 500,1 GT en adiante	104»

27) Suprímese a alínea 17 do anexo 3.

28) Modifícase a alínea 18 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«18 Autorización/rexistro de instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica e gas

- Sobre a tarifa consignada na alínea 09	150 %
- Transformadores	25 + 0,6 * (pot. en kW)»

29) Engádese a subalínea 13 na alínea 19 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«13	Rexistro de instalacións de almacenamento de produtos químicos (APQ)	Sobre a tarifa consignada na alínea 09: 100 %»

30) Engádese a subalínea 14 na alínea 19 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«14 Rexistro de instalacións con equipos a presión

Sobre a tarifa consignada na alínea 09	100 %»

31) Modifícase a alínea 23 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«23 Comprobación do plan anual de labores mineiros

Base en función do orzamento para o plan de labores

Ata 75.000,00	249,20
De 75.000,01 ata 125.000,00	292,06
De 125.000,01 ata 175.000,00	377,77

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

De 175.000,01 ata 250.000,00	452,77
De 250.000,01 ata 350.000 ,00	602,77
Por cada 100.000,00 ou fracción que exceda de 350.000,00	53,57»

32) Modifícase a alínea 25 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«25 Emisión de certificados de verificación periódica ou de verificación tras a reparación ou modificación, emitidos directamente pola Administración, cando os ensaios os realice un laboratorio por ela designado. Por instrumento, non inclúe a tarifa do ensaio, que deberá ser aboada ao laboratorio designado pola Administración.

01	Aparellos, instrumentos ou sistemas de medida que non teñan taxa específica. Neste caso non se inclúe a tarifa do ensaio, que deberá ser aboada ao laboratorio designado pola Administración	10,40
20	Analizadores de gases de escape	278,87
21	Opacímetros	256,56
22	Instrumentos de medidas de son: sonómetros	211,41
23	Instrumentos de medidas de son: calibradores acústicos	155,99
24	Instrumentos de medidas de son: medidores persoais de exposición sonora	155,99
25	Verificación de instrumentos sometidos a control metereolóxico	385,39
26	Instrumentos destinados a medir a concentración de alcohol no aire aspirado. Verificación tras a reparación ou modificación de etilómetros	443,20
27	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor. Verificación periódica de cinemómetros estáticos	289,04
28	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor. Verificación periódica de cinemómetros móbil	428,21
29	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor. Verificación periódica de cinemómetros tramo	900,13
30	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor. Verificación tras a reparación ou modificación de cinemómetros estáticos	460,33
31	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor. Verificación tras a reparación ou modificación de cinemómetros móbil	674,43
32	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor. Verificación tras a reparación ou modificación de cinemómetros tramo	1.202,75
33	Instrumentos destinados a medir a velocidade de circulación de vehículos a motor. Verificación de cabinas	460,33
34	Contadores de máquinas recreativas e de azar	100,00»

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

33) Modifícase a subalínea 01 da alínea 26 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«01	Verificación de instrumentos de medida realizada por un laboratorio designado pola Administración. Non se inclúe a tarifa do ensaio nin os portes, de ser o caso, que deberán ser aboados directamente ao laboratorio designado pola Administración	10,00»

34) Engádese a subalínea 05 na alínea 26 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«05	Realización de informes técnicos e actuacións facultativas realizadas por persoal técnico ao servizo da Administración xeral e das entidades públicas instrumentais dependentes dela, en relación co levantamento de instrumentos de medida para a súa posterior verificación	162,20»

35) Modifícase a alínea 29 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«29	Tramitación de expedientes en materia de dereitos mineiros, con exclusión dos gastos relativos á información pública	
	Permisos de exploración seccións C) e D)	
	- Polas primeiras 300 cuadrículas	1.525,64
	- Por cada unha das restantes	2,02
	- Prórroga	200,77 + 0,1 * (tarifa consignada na alínea 23)
	Permisos de investigación seccións C) e D)	
	- Pola primeira cuadrícula	2.576,04
	- Por cada unha das restantes	110,39
	- Prórroga	200,77 + 0,1 * (tarifa consignada na alínea 23)
	- Prórroga extraordinaria	200,77 + 0,2 * (tarifa consignada na alínea 23)
	Concesión de explotación derivada de permiso de investigación seccións C) e D)	
	- Pola primeira cuadrícula	2.576,04
	- Por cada unha das restantes	110,39
	- Prórroga	200,77 + 0,5 * (tarifas consignadas nesta alínea)
	Concesión de explotación directa seccións C) e D)	
	- Pola primeira cuadrícula	2.576,04
	- Por cada unha das restantes	110,39
	- Prórroga	200,77 + 0,5 * (tarifas consignadas nesta alínea)

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Recursos da sección B), a excepción das augas minerais e termais	
- Declaración de recursos da sección B)	464,34
- Aproveitamento de recursos da sección B)	
Polas primeiras 30 ha	1.840,03
Por cada unha das restantes	3,69
Recursos da sección A)	
Polas primeiras 30 ha	1.840,03
Por cada unha das restantes	3,69
Expedición do título de concesión mineira	56,59
Paralizacións temporais dos traballos	220,05
Establecementos de beneficio	
- Autorización e posta en servizo e/ou funcionamento	382,25
Aprobación do plan de restauración	220,05 + 0,1 * (tarifa consignada na alínea 23)
Recoñecementos administrativos	57,85»

36) Modifícase a subalínea 04 da alínea 37 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«04	Inclusión no réxime especial e inscrición no Rexistro de inclusión, modificación e cancelación do réxime especial:	
	Ata 100 kW	90
	Máis de 100 KW	90 + 0,05 * (pot. en kW)»

37) Engádese a subalínea 07 na alínea 37 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«07	Solicitude de modificación dos anteproxectos dos parques eólicos admitidos a trámite e/ou instalacións de conexión, así como dos plans industriais	1.500,00»

38) Modifícase a subalínea 01 da alínea 55 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«01	Operacións de ensaio de ouro e, de ser o caso, contraste	
	Por gramo ou fracción (xénero desembolsado)	0,154500
	Mínimo	42»

39) Modifícase a subalínea 02 da alínea 55 do anexo 3, que queda redactada como segue:

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

«02	Operacións de ensaio de platino e, de ser o caso, contraste	
	Por gramo ou fracción (xénero desembolsado)	0,215600
	Mínimo	63»

40) Modifícase a subalínea 03 da alínea 55 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«03	Operacións de ensaio de prata e, de ser o caso, contraste	
	Por gramo ou fracción (xénero desembolsado)	0,055190
	Mínimo	21»

41) Elimínase a alínea 58 do anexo 3.

42) Modifícase a alínea 64 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«64 Execución subsidiaria en expedientes de dominio público hidráulico. A base impoñible da taxa será o custo total da execución.

O tipo será o 25 % da base impoñible».

43) Engádese a subalínea 06 na alínea 69 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«06	Autorizacións ou habilitacións de organismos autorizados de verificación metrolóxica, organismos notificados e organismos de control metrolóxico	100,00»

44) Engádese a subalínea 07 na alínea 69 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«07	Rexistro, modificacións, ampliacións e traslados de organismos autorizados de verificación metrolóxica, organismos notificados e de control metrolóxico	53,00»

45) Engádese a alínea 77 no anexo 3, que queda redactada como segue:

«77 Tramitación de expedientes mineiros, augas minerais ou termais e voaduras

01	Tramitación de expedientes de solicitude de participación en concursos mineiros	10 % das tarifas consignadas na alínea 29 do anexo 3
02	Tramitación de expedientes en materia de augas minerais e termais, con exclusión dos gastos relativos á información pública	

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

	Declaración da condición de mineral e/ou termal dunha auga	2.134,96
	Aproveitamento e perímetros de protección para augas minerais e/ou termais	
	- Polas primeiras 30 ha	1.429,14
	- Por cada unha das restantes	3,57
03	Voaduras especiais	
	Base en función da cantidade de explosivo que se vai empregar na obra	
	Ata 5.000 kg	200,77
	De 5.000,01 kg ata 15.000 kg	286,48
	De 15.000,01 kg ata 25.000 kg	448,69
	Máis de 25.000 kg	610,89»

46) Suprímese o derradeiro parágrafo da regra décimo terceira da tarifa X-2, «Atracada», contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3.

47) Modifícase a regra oitava da tarifa X-3, «Mercadorías e pasaxeiros», contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Para tráficos considerados regulares establécese unha bonificación que se debe aplicar sobre a tarifa base definida na regra quinta dun 10 % ata os 50.000 embarques ou desembarques de pasaxeiros realizados dentro da mesma liña regular, e do 20 % nos pasaxeiros embarcados ou desembarcados que superen este número.

Entenderase por tráfico regular, para os efectos de aplicación desta bonificación, aquelas liñas de transporte marítimo que se presten con continuidade durante todo o ano, con horarios preestablecidos e con portos de orixe e destino diferentes.».

48) Modifícase a letra C) da regra sexta da tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«C) Pola dispoñibilidade doutros servizos específicos:

1. Por cada finger en cada posto de atracada: 0,016282 euros.

2. Por brazo de amarre ou por tren de ancoraxe para amarre por popa de embarcacións atracadas: 0,008142 euros.

3. Toma de auga: 0,005815 euros.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

4. Toma de enerxía eléctrica: 0,005815 euros.

5. Servizo de mariñeiría a embarcacións atracadas.

Para embarcacións de menos de 12 metros de eslora 19,72 €/m²/ano, e de 22,17 €/m²/ano para o resto de embarcacións, correspondendo os metros cadrados á superficie nominal da praza teórica que ocuparía cada embarcación, e aplicando a parte proporcional ao período autorizado.

O servizo de mariñeiría inclúe as axudas á atracada e desatracada e o control e a xestión das instalacións.

No suposto de que o servizo de mariñeiría non inclúa a parte proporcional do servizo de vixilancia continuada, as contías serán as indicadas anteriormente multiplicadas por 0,65.

Cando o organismo portuario acoute especificamente zonas do porto para ancoraxe ou depósito de embarcacións deportivas, as contías dos puntos 4 e 5 do concepto B) terán unha bonificación do 50 %, sempre que previamente se soliciten os correspondentes servizos a Portos de Galicia.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións de paso no porto serán as anteriormente indicadas multiplicadas por 1,5.

As contías dos conceptos A), B) e C) para as embarcacións tradicionais debidamente acreditadas, conforme o establecido na normativa aplicable e nas disposicións que se diten en interpretación ou aclaración dela, no suposto exclusivamente de embarcacións dedicadas á promoción e a conservación do patrimonio marítimo tradicional sen fins lucrativos, serán as anteriormente indicadas cunha bonificación de ata un 60 %. A dita bonificación calcularase en función da antigüidade, as características, a actividade á cal se dedica e a tonelaxe da embarcación. Esta bonificación non será acumulable ás bonificacións descritas na regra oitava da presente tarifa X-5.

Para os efectos da aplicación da bonificación indicada terase en conta o seguinte:

A bonificación será do 40 % para as embarcacións orixinais e do 20 % para as réplicas, e aplicarase sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante.

Ademais, se é o caso, serán aplicables sobre a suma das contías dos conceptos A), B) e C) resultante as seguintes bonificacións adicionais:

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

1. O 10 % para réplicas construídas con anterioridade ao ano 1950.

2. O 15 % para as embarcacións de porte superior ás 50 toneladas de rexistro bruto.

3. O 20 % para as embarcacións pertencentes a asociacións náuticas ou culturais sen ánimo de lucro.

As bonificacións adicionais dos puntos 1, 2 e 3 non son acumulables entre si.

Consideraranse embarcacións tradicionais aquelas nas que no seu proceso construtivo se utilizaron técnicas artesanais e que teñan un interese identitario ou patrimonial, podendo distinguir entre embarcacións orixinais, aquelas construídas con anterioridade ao ano 1950, seguindo deseños ancestrais en liñas, materiais e técnicas construtivas, e réplicas, aquelas embarcacións construídas de forma exacta ás orixinais, aplicando os mesmos deseños, materiais e técnicas construtivas que estas.

Enténdese por ancoraxe a dispoñibilidade dunha superficie de espello de auga destinado para tal fin e debidamente autorizado.

Enténdese por atracada en punta a dispoñibilidade dun elemento de amarre fixo a embarcadoiro, peirao, banqueta ou dique que permita fixar un dos extremos (proa ou popa) da embarcación.

Enténdese por embarcación en seco aquela que permaneza nas instalacións portuarias, fóra da lámina de auga, tanto en estadía transitoria non dedicada a invernada coma en estadías prolongadas en zonas habilitadas para tal fin.

Enténdese por dispoñibilidade dos servizos de auga e enerxía, dos puntos 3 e 4 do concepto C), a existencia nas proximidades do punto de atracada, a peirao ou embarcadoiro, de tomas de subministración de auga ou enerxía, con independencia do aboamento da tarifa E-3 que lle sexa aplicable polos consumos efectuados.».

49) Suprímese o parágrafo segundo da regra terceira da tarifa E-1, «Guindastres», contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3.

50) Modifícase a regra décimo primeira da tarifa E-1, «Guindastres», contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

«Décimo primeira. Con carácter xeral, as contías da tarifa, por hora de utilización, do guindastre tipo pluma ou por eslora máxima no guindastre tipo pórtico serán as seguintes:

Guindastre tipo pluma	€/h
Menos de 3 toneladas	14,181233
Entre 3 e 6 toneladas	19,241587
Maior de 6 toneladas	22,275079

Guindastre tipo pórtico	€ por manobra de subida ou baixada
Eslora máxima ata de 8 metros	60
Eslora máxima entre 8,01 a 10 metros	65
Eslora máxima entre 10,01 a 12 metros	70
Eslora máxima entre 12,01 a 14 metros	80
Eslora máxima entre 14,01 a 16 metros	90
Eslora máxima de máis de 16,01 metros	105

Para embarcacións que realicen manobras de subida e baixada nun prazo de vinte e catro horas terán un desconto do 25 %.

Portos de Galicia poderá establecer concertos para a utilización dos guindastres cos usuarios habituais, facéndose estes cargo da súa conservación e mantemento ordinario e sendo responsables ante terceiros da súa manipulación, e fixará como tarifa mensual unha estimación da utilización do guindastre baseada para cada porto no tipo e na composición da frota usuaria, nas condicións de abrigo das augas e na superficie de peirao dispoñible para a ancoraxe.

Os portos en que será aplicable o disposto nesta regra serán San Pedro de Visma, Suevos, Caión, Razo, Malpica, Barizo, Santa Mariña de Camariñas e Aguete. Esta relación poderá será modificada, por criterio de Portos de Galicia, se as condicións físicas ou climatolóxicas do porto así o aconsellaren.».

51) Engádese un último parágrafo na regra cuarta da tarifa E-3, «Fornecementos», contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactado como segue:

«A facturación mínima tanto no primeiro caso coma no segundo caso será de 3,840155 €.».

52) Modifícase o segundo suposto do punto 2.a) da alínea 02, «Dominio público portuario», do anexo 5, que queda redactado como segue:

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

«- Nas áreas destinadas a outros usos portuarios pesqueiros, usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, aos relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e aos servizos básicos que se prestan nunha instalación náutico-deportiva: o 5 %.

No suposto de edificacións propiedade da Administración destinadas a estacións marítimas, ou instalacións para o servizo ao tráfico de pasaxeiros, aplicarase o gravame do 5 % a toda a instalación, incluso naqueles espazos destinados a actividades complementarias desta.».

53) Modifícase o segundo suposto do punto 2.c) da alínea 02, «Dominio público portuario», do anexo 5, que queda redactado como segue:

«- Nas áreas destinadas a outros usos portuarios pesqueiros, usos portuarios relacionados co intercambio entre modos de transporte, aos relativos ao desenvolvemento de servizos portuarios e aos servizos básicos que se prestan nunha instalación náutico-deportiva: o 5 %.

No suposto de edificacións propiedade da Administración destinadas a estacións marítimas, ou instalacións para o servizo ao tráfico de pasaxeiros, aplicarase o gravame do 5 % a toda a instalación, incluso naqueles espazos destinados a actividades complementarios desta.».

Dous. Con vixencia exclusivamente para o 2014, establécense as seguintes bonificacións:

– Para a tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, sobre o valor resultante da citada tarifa un 8 %.

– Para a tarifa X-5 contida na subalínea 01 da alínea 99 do anexo 3, sobre o valor resultante da citada tarifa un 2,5 %.

– Para a tarifa polo exercicio de actividades, industriais e de servizos, contida no subalínea 03 da alínea 99 do anexo 3, sobre o valor resultante da citada tarifa un 10 %.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Artigo 64. *Cotas do canon da auga e coeficiente de vertedura*

Un. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 53 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que quedan redactados como segue:

«2. Establécese unha cota fixa de 1,54 € por contribuínte e mes. No caso de que nese período o contribuínte non supere o volume establecido no primeiro tramo, a cota fixa será de 0,51 €.

3. A parte variable resulta de aplicar aos consumos mensuais os seguintes tipos de gravame:

a) Consumo realizado dentro do primeiro tramo: 0,00 €/m^3.

b) Consumo realizado dentro do segundo tramo: 0,29 €/m3.

c) Consumo realizado dentro do terceiro tramo: 0,37 €/m^3.

d) Consumo realizado dentro do cuarto tramo: 0,42 €/m^3.».

Dous. Modifícase o punto 2 do artigo 55 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que queda redactado como segue:

«2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.».

Tres. Modifícase o punto 3 do artigo 56 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que queda redactado como segue:

«3. O tipo de gravame expresarase en euros/metro cúbico e será:

a) Na modalidade de volume, de 0,433 €/m^3.

b) Na modalidade de carga contaminante será o determinado a partir dos seguintes valores dos parámetros de contaminación:

— Materias en suspensión: 0,253 €/kg.

— Materias oxidables: 0,507 €/kg.

— Nitróxeno total: 0,380 €/kg.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

— Fósforo total: 0,761 €/kg.

— Sales solubles: 4,070 €/S/cm m³.

— Metais: 11,435 €/kg equimetal.

— Materias inhibidoras: 0,054 €/equitox.».

Catro. Modifícanse os puntos 2, 3 e 6 do artigo 57 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que quedan redactados como segue:

«2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.

3. O tipo de gravame variable nas augas de refrixeración será de 0,000103 euros por metro cúbico.».

«6. A cota variable (Q) calcularase en función dos tipos específicos de 0,00041 €/kWh ou 0,00026 €/kWh, en función de que o réxime de produción de enerxía hidroeléctrica sexa ordinario ou especial, respectivamente.».

Cinco. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 58 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que quedan redactados como segue:

«2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.

3. O tipo de gravame da parte variable será de 0,0051 euros por metro cúbico.».

Seis. Modifícanse os puntos 2 e 3 do artigo 59 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que quedan redactados como segue:

«2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.

3. O tipo de gravame da parte variable nas augas termais e mariñas destinadas a uso terapéutico será de 0,051 euros por metro cúbico.».

Sete. Modifícanse os puntos 2, 3 e 4 do artigo 60 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que quedan redactados como segue:

«2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

3. Nos usos non exentos da auga para a rega de instalacións deportivas o tipo de gravame da parte variable será de 0,0103 euros por metro cúbico, sempre que este uso de auga se leve a cabo de forma ambientalmente sustentable mediante acreditación da posesión de sistemas de certificación ambiental, de acordo coas condicións e cos requisitos que se establezan regulamentariamente.

4. Noutro caso, o tipo de gravame aplicable a estes usos da auga será de 0,103 euros por metro cúbico.».

Oito. Modifícanse os puntos 2, 3, 4 e 5 do artigo 61 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que quedan redactados como segue:

«2. A parte fixa da cota será de 2,57 euros por contribuínte e mes.

3. Nos usos da auga procedentes de captacións do dominio público marítimo-terrestre realizados en acuicultura a parte variable da cota calcularase a partir da produción segundo o tipo de gravame de 5,1 €/t.

4. Nos usos da auga procedentes de captacións do dominio público hidráulico realizados en acuicultura, cando o volume da auga captado, determinado conforme o establecido no artigo 48 desta lei, sexa superior aos 100.000 m^3, a parte variable da cota calcularase a partir da produción segundo o tipo de gravame de 5,1 €/t. Nestes supostos non será aplicable o coeficiente de uso establecido no artigo 56.

5. O tipo de gravame da parte variable nas augas mariñas en depuradores de moluscos será de 0,00103 €/m^3.».

Nove. Engádese un punto 6 no artigo 61 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, co seguinte contido:

«6. Nos usos da auga do mar de calquera procedencia destinados á limpeza ou mantemento en vivo de produtos do mar para o seu posterior procesamento ou comercialización a cota do canon da auga determinarase de igual modo que o indicado neste artigo para os usos da auga en depuradoras de moluscos.».

Artigo 65. *Canon eólico*

Un. Suprímese o punto 4 do artigo 12 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Dous. Modifícase o artigo 16 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, que queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Bonificacións na cota*

1. Cando como consecuencia dun proxecto de repotenciación teña lugar unha redución efectiva das unidades aeroxeradoras que non supoña tramo diferente de base, a contía da cota que debe satisfacerse, no período correspondente á devandita redución, bonificarase nunha porcentaxe resultante de multiplicar por 10 o número de unidades de aeroxeradores reducidas.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e para o seu recoñecemento estará condicionado á comunicación do proxecto de repotenciación ao órgano competente da Administración autonómica en materia de enerxía e á acreditación efectiva por ese órgano da redución das unidades de aeroxeradores.».

Artigo 66. *Criterios de afectación de determinados tributos*

Un. A totalidade dos ingresos previstos polo imposto sobre o dano ambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, establecido pola Lei 15/2008, do 19 de decembro, financiará actuacións comprendidas nos programas 541B e 551B, en concreto os gastos de investimento destinados ao saneamento, protección e mellora do medio natural, así como a realización de transferencias para levar a cabo obras e servizos hidráulicos.

Dous. A metade da dotación anual, que cos recursos do canon eólico corresponde ao Fondo de Compensación Ambiental, establecido pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, financiará os gastos de investimento consignados nos programas 541B e 551B do estado de gastos.

CAPÍTULO II
Tributos cedidos

Artigo 67. *Imposto sobre a renda das persoas físicas*

Un. Modifícase o artigo 4 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 4. *Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas*

Un. O tipo de gravame autonómico aplicable aos contribuíntes cuxa base liquidable xeral sexa igual ou inferior a 17.707,20 € será do 11,5 %.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Dous. O tipos da escala autonómica aplicables aos contribuíntes cuxa base liquidable xeral sexa superior a 17.707,20 € serán os seguintes:

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra Euros	Resto da base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0	17.707,20	12
17.707,20	2.124,86	15.300,00	14
33.007,20	4.266,86	20.400,00	18,5
53.407,20	8.040,86	En diante	21,5.»

Dous. Modifícase a alínea Dous do artigo 5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado por Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Dous. Dedución por nacemento ou adopción de fillos.

1. O contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica por cada fillo nado ou adoptado no período impositivo, que conviva co contribuínte na data da devindicación do imposto, a seguinte contía:

a) 300 euros, sempre que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas sexa igual ou maior de 22.000,01 euros. No caso de parto múltiple esta dedución ascenderá a 360 euros por cada fillo.

b) 360 euros, sempre que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas sexa menor ou igual a 22.000 euros.

A contía incrementarase nun 20 % para os contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

2. A dedución estenderase aos dous períodos impositivos seguintes ao nacemento ou adopción, sempre que o fillo nado ou adoptado conviva co contribuínte na data de devindicación do imposto que lle corresponda a cada un deles, segundo as seguintes contías e límites de renda:

a) 300 euros, sempre que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas estea comprendida entre 22.000,01 e 31.000 euros.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

b) 360 euros, sempre que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas sexa menor ou igual a 22.000 euros.

3. Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción, ou nos dous seguintes, os fillos convivan con ambos os proxenitores a dedución practicarase por partes iguais na declaración de cada un deles.».

Tres. Modifícase a alínea Cinco do artigo 5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Cinco. Dedución por coidado de fillos menores.

Os contribuíntes que por motivos de traballo, por conta propia ou allea, teñan que deixar os seus fillos menores ao coidado dunha persoa empregada do fogar ou en escolas infantís 0-3 anos poderán deducir da cota íntegra autonómica o 30 % das cantidades satisfeitas no período, co límite máximo de 400 euros, sempre que concorran os seguintes requisitos:

a) Que na data da devindicación do imposto os fillos teñan tres ou menos anos de idade.

b) Que ambos os pais realicen unha actividade por conta propia ou allea, pola que estean dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social ou mutualidade.

c) Que, no caso de que a dedución sexa aplicable por gastos dunha persoa empregada do fogar, esta estea dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

d) Que a base impoñible total menos os mínimos persoal e familiar para efectos do imposto sobre a renda das persoas físicas non exceda 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta.

Cando máis dun contribuínte teña dereito á aplicación desa dedución respecto dos mesmos descendentes, o seu importe será rateado entre eles.».

Catro. Modifícase a alínea Sete do artigo 5 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Sete. Dedución por alugamento de vivenda habitual.

O contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica o 10 %, cun límite de 300 euros por contrato de arrendamento, das cantidades que satisfixese durante o período impo-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

sitivo en concepto de alugamento da súa vivenda habitual, coa condición de que concorran os seguintes requisitos:

a) Que a súa idade, na data da devindicación do imposto, sexa igual ou inferior a trinta e cinco anos.

b) Que a data do contrato de arrendamento sexa posterior ao 1 de xaneiro de 2003.

c) Que estea en posesión do xustificante de constituír o depósito da fianza a que se refire o artigo 36.1 da Lei 29/1994, de arrendamentos urbanos, no Instituto Galego da Vivenda e Solo, ou posúa copia compulsada da denuncia presentada perante o devandito organismo por non entregarlle o citado xustificante a persoa arrendadora.

d) Que a base impoñible do período, antes da aplicación das reducións por mínimo persoal ou familiar, non sexa superior a 22.000 euros.

Cando, cumprindo estes requisitos, dous contribuíntes teñan dereito á aplicación desta dedución, o importe total desta, sen exceder o límite establecido por contrato de arrendamento, ratearase por partes iguais na declaración de cada un deles.

No caso de tributación conxunta o requisito da idade deberá cumprilo polo menos un dos cónxuxes ou, se for o caso, o pai ou a nai.».

Artigo 68. *Imposto sobre sucesións e doazóns*

Modifícase a alínea Catro do artigo 8 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Catro. Redución pola adquisición de bens e dereitos afectos a unha actividade económica e de participacións en entidades.

Nos casos de transmisión de participacións *inter vivos* dunha empresa individual ou dun negocio profesional ou de participacións en entidades, aplicarase unha redución na base impoñible, para determinar a base liquidable, do 99 % do valor de adquisición, coa condición de que concorran as seguintes condicións:

a) Que a persoa doadora teña 65 anos ou máis ou se atope en situación de incapacidade permanente en grao de absoluta ou grande invalidez.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

b) Que, se a persoa doadora vén exercendo funcións de dirección, deixe de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das devanditas funcións no prazo dun ano desde o momento da transmisión.

Para estes efectos, non se entenderá comprendida entre as funcións de dirección a mera pertenza ao consello de administración da sociedade.

c) Que o centro principal de xestión da empresa ou do negocio profesional, ou o domicilio fiscal da entidade, se atope situado en Galicia e que se manteña durante os cinco anos seguintes á data da devindicación do imposto.

d) Que na data da devindicación do imposto á empresa individual, ao negocio profesional ou ás participacións lles sexa aplicable a exención regulada na alínea 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio. Para estes efectos, a participación do suxeito pasivo no capital da entidade debe ser:

d.1) Con carácter xeral, do 50 % como mínimo, xa sexa de forma individual ou conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción.

d.2) Do 5 % computado de forma individual, ou do 20 % conxuntamente co seu cónxuxe, ascendentes, descendentes ou colaterais de ata o cuarto grao, xa teña a súa orixe o parentesco na consanguinidade, na afinidade ou na adopción, cando se trate de participacións en entidades que teñan a consideración de empresas de reducida dimensión de acordo co disposto no artigo 108 do Texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo.

No caso de que tan só se teña dereito parcial á exención regulada na alínea 8 do artigo 4 da Lei 19/1991, do 6 de xuño, do imposto sobre o patrimonio, tamén será de aplicación, na mesma proporción, esta redución.

e) Que a adquisición corresponda ao cónxuxe, descendentes ou adoptados e colaterais, por consanguinidade ata o terceiro grao inclusive, da persoa doadora.

f) Que a persoa adquirente manteña o adquirido e cumpra os requisitos da exención do imposto sobre o patrimonio durante os cinco anos seguintes á devindicación do imposto de acordo co establecido nas alíneas anteriores deste artigo, agás que dentro do devandito prazo faleza a persoa adquirente ou transmita a adquisición en virtude de pacto sucesorio conforme o previsto na Lei de dereito civil de Galicia. No suposto de que a persoa doadora non deixase de exercer e percibir remuneracións polo exercicio das funcións de dirección no prazo do ano a que se refire a letra b) non se lle terá en conta para determinar o grupo

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

de parentesco para os efectos do cumprimento na persoa adquirente dos requisitos de exercicio de funcións directivas e remuneracións polo devandito exercicio.

g) Que a empresa individual ou a entidade viñese exercendo efectivamente as actividades do seu obxecto social durante un período superior aos dous anos anteriores á devindicación do imposto.».

Artigo 69. *Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados*

Engádese unha alínea Seis no artigo 16 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, co seguinte contido:

«Seis. Dedución aplicable ás concesións ou autorizacións administrativas relativas ás enerxías renovables.

Establécese, na modalidade de transmisións patrimoniais onerosas, unha dedución na cota do 92,5 % cando se realice o feito imponible a que se refire o artigo 13 do Texto refundido da Lei do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/1993, do 24 de setembro, sempre que se trate da primeira concesión ou autorización e se refira a enerxías renovables. Non se entenderá para estes efectos como primeira concesión ou autorización a ampliación posterior do seu contido.

Enténdese por enerxías renovables aquelas a que se refire o artigo 2 da Directiva 2009/28/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2009, relativa ao fomento do uso de enerxía procedente de fontes renovables e pola que se modifican e se derrogan as directivas 2001/77/CE e 2003/30/CE.».

Artigo 70. *Imposto sobre hidrocarburos*

1. Modifícase o artigo 18 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 18. *Tipo de gravame autonómico no imposto sobre hidrocarburos*

Un. O tipo de gravame autonómico de aplicación pola Comunidade Autónoma de Galicia, no imposto sobre hidrocarburos, será o seguinte:

a) Produtos comprendidos nas epígrafes 1.1, 1.2.1, 1.2.2, 1.3, 1.13 e 1.14 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: 48 euros por 1.000 litros.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

b) Produtos comprendidos na epígrafe 1.5 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: 2 euros por tonelada.

c) Produtos comprendidos na epígrafe 1.11 do artigo 50 da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais: 48 euros por 1.000 litros.

Dous. O tipo autonómico de devolución do gasóleo de uso profesional do imposto sobre hidrocarburos, a que se refire a alínea 6.a) do artigo 52 bis da Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, establécese en 36 euros por 1.000 litros.

Tres. De conformidade co previsto na Lei 38/1992, do 28 de decembro, de impostos especiais, o procedemento aplicable para a práctica da devolución será o establecido pola normativa estatal.

Catro. Os rendementos derivados da aplicación do tipo autonómico do imposto sobre hidrocarburos quedan afectados na súa totalidade ao financiamento dos gastos de natureza sanitaria incluídos nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.».

2. Ao peche de cada exercicio, a consellería competente en materia de facenda elaborará e remitirá ao Parlamento de Galicia unha memoria acreditativa na que se reflicta que os rendementos derivados deste imposto quedan afectados na súa totalidade ao financiamento de gastos de natureza sanitaria, así como das exencións practicadas.

Artigo 71. *Tributos sobre o xogo*

Un. Modifícase a alínea Dous do artigo 20 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Dous. Base impoñible.

A base impoñible da taxa será a seguinte:

No caso do xogo en casinos ou do xogo da lotaría instantánea electrónica, virá constituída polos ingresos brutos que obteñan os suxeitos pasivos. Entenderase por ingresos brutos a diferenza entre o importe total dos ingresos obtidos procedentes do xogo e as cantidades satisfeitas aos xogadores ou ás xogadoras polas súas ganancias.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

No xogo do bingo nas súas distintas modalidades, incluído o bingo electrónico, a base impoñible virá constituída pola diferenza entre a suma total dos ingresos pola adquisición dos cartóns ou polo valor facial destes e as cantidades destinadas a premios satisfeitas aos xogadores ou ás xogadoras polas súas ganancias.

Nos xogos e concursos difundidos mediante radio ou televisión e nos que a súa participación se realice, na súa totalidade ou en parte, mediante servizos de telecomunicación sobretarifados ou con tarifación adicional, a base impoñible virá determinada pola suma do valor dos premios e mais polas cantidades correspondentes á sobretarifación da participación no xogo, excluído o imposto indirecto sobre o valor engadido ou calquera outro imposto indirecto deste carácter que grave as operacións realizadas.

No resto dos supostos a base impoñible virá constituída polas cantidades que os xogadores ou as xogadoras dediquen á súa participación nos xogos que se realicen nos distintos locais, en instalacións ou en recintos onde se realicen xogos de sorte, envite ou azar.

A base impoñible determinarase con carácter xeral por estimación directa. Nos supostos do xogo do bingo nas súas distintas modalidades e dos xogos desenvolvidos a través da internet, por medios técnicos, telemáticos, interactivos ou dunha forma remota, os medios de desenvolvemento e xestión do xogo deberán conter o procedemento ou os elementos de control necesarios que garantan a exactitude na determinación da base impoñible. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá dispoñer dun sistema informático que lle permita á Administración tributaria o control telemático da xestión e o pagamento do tributo correspondente.

A base impoñible poderá determinarse mediante estimación obxectiva por medio da aplicación das magnitudes, dos índices, dos módulos ou dos datos previstos regulamentariamente.».

Dous. Modifícase o punto 3 da alínea Tres do artigo 20 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«3. Máquinas ou aparellos automáticos.

Nos casos de explotación de máquinas ou aparellos automáticos aptos para a realización dos xogos, a cota determinarase en función da clasificación das máquinas, realizada

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

pola Lei 14/1985, do 23 de outubro, reguladora dos xogos e apostas en Galicia, segundo as normas seguintes:

A. Máquinas tipo “A especial”: a contía que se debe pagar por este tipo de máquinas será a que resulte de multiplicar por 0,75 as contías sinaladas na letra B seguinte para as máquinas tipo “B” segundo proceda conforme as súas características. No caso de que o valor do premio non supere os 40 euros, a contía trimestral que se deberá pagar será de 125 euros.

B. Máquinas tipo “B” ou recreativas con premio:

a) Cota trimestral: 935 euros.

b) Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos tipo “B”, nos que poidan intervir dous ou máis xogadores ou xogadoras de forma simultánea e sempre que o xogo de cadaquén sexa independente do realizado polos demais, será aplicable a cota trimestral seguinte: 935 €, máis un incremento do 25 % desta cantidade por cada novo xogador ou xogadora a partir da primeira persoa.

c) No caso de homologación dunha máquina de tipo “B” cun prezo máximo de partida superior ao prezo máximo regulamentario de 0,20 euros, as cotas tributarias establecidas nas letras a) e b) anteriores incrementaranse en 4,70 euros por cada céntimo de euro en que se incremente o prezo máximo regulamentario.

d) No caso de modificación do prezo máximo regulamentario de 0,20 euros para a partida en máquinas de tipo “B” ou recreativas con premio, a cota tributaria trimestral correspondente incrementarase en 4,70 euros por cada céntimo de euro de diferenza entre os prezos máximos regulamentarios ou, se for o caso, entre o novo prezo máximo regulamentario e o prezo máximo de partida homologado.

C. Máquinas tipo “B” especial: a contía que se debe pagar por este tipo de máquinas será a que resulte de incrementar nun 25 % as contías sinaladas na letra B anterior para as máquinas tipo “B” segundo proceda conforme as súas características.

D. Máquinas tipo “C” ou de azar: cota trimestral, 1.365 euros.

E. Calquera outro tipo de máquina apta para un único xogador ou xogadora: cota trimestral, 1.500 euros. Esta tarifa incrementarase nun 25 % por cada xogador ou xogadora de máis.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

A cota trimestral calcularase conforme as características da autorización da máquina en cada trimestre natural. Para estes efectos, se nun trimestre natural as características da máquina se tivesen modificado, a cota trimestral será a que corresponda ao maior número de xogadores e ao maior prezo de partida que amparase a autorización no trimestre.».

Tres. Modifícase o punto 4 da alínea Tres do artigo 20 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«4. Bingo.

Nas modalidades do xogo do bingo diferentes ao bingo electrónico aplicarase o tipo de gravame do 50 %. Na modalidade do bingo electrónico aplicarase o tipo de gravame do 30 %.».

Catro. Modifícase o apartado Catro do artigo 20 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Catro. Devindicación e período impositivo.

1. A devindicación producirase con carácter xeral pola autorización e, no seu defecto, pola organización e/ou realización do xogo.

2. Para aquelas autorizacións que permitan o desenvolvemento do xogo dun xeito continuado ao longo do tempo, o primeiro ano a devindicación coincidirá coa data da autorización e os anos subseguintes co 1 de xaneiro de cada ano natural. Nestes casos o período impositivo coincidirá co ano natural.

3. No xogo do bingo a devindicación producirase consonte o disposto no parágrafo anterior.

4. Cando se trate de máquinas ou aparellos automáticos, a devindicación producirase:

a) Cando se trate dunha autorización de explotación nova, na data da autorización.

b) Cando se trate de autorizacións de explotación vixentes en trimestres anteriores, o primeiro día de cada trimestre natural. Para estes efectos, a taxa devindicarase sempre e

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

cando non conste fidedignamente que antes do primeiro día de cada trimestre natural a autorización de explotación foi extinguida ou suspendida provisionalmente.

c) Cando se trate de autorizacións de explotación vixentes en trimestres anteriores que estivesen en situación de suspensión provisional, o día do reinicio da explotación.

A taxa exixirase na súa contía trimestral en cada trimestre natural no que se produza a devindicación.».

Cinco. Modifícase o artigo 30 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:

«Artigo 30. *Liquidación e pagamento da taxa fiscal sobre rifas, tómbolas, apostas e combinacións aleatorias*

1. Os suxeitos pasivos deberán presentar, na forma, lugar e prazo determinados por orde da consellería competente en materia de facenda, declaración dos feitos sometidos a gravame. En defecto de disposición regulamentaria, os suxeitos pasivos deberán presentar declaración no prazo dun mes, contado desde o momento da devindicación, ante o órgano competente da Administración tributaria.

2. Os suxeitos pasivos que organicen ou celebren apostas sobre eventos a longo prazo estarán obrigados a efectuar pagamentos a conta do importe da débeda tributaria definitiva, autoliquidando e ingresando o seu importe na contía e nas condicións determinadas na orde da consellería competente en materia de facenda. Para estes efectos, as apostas sobre eventos a longo prazo son aquelas apostas realizadas sobre eventos para os que entre a data en que se comeza a aceptar ou validar apostas e a data de resolución do evento sobre o que se aceptan ou validan as apostas transcorre máis dun ano natural.

3. A consellería competente en materia de facenda aprobará, de ser o caso, os modelos mediante os cales os suxeitos pasivos deberán declarar, autoliquidar e ingresar o importe correspondente na forma, lugar e prazos que determine regulamentariamente. A consellería competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá dispoñer a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos.».

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Seis. Modifícase a alínea Un do artigo 31 do Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que queda redactada como segue:

«Un. Máquinas.

1. Os suxeitos pasivos deberán presentar, na forma, lugar e prazo determinados por orde da consellería competente en materia de facenda, unha declaración por cada máquina en explotación, e deberán autoliquidar e ingresar a cota trimestral legalmente establecida que corresponda á tipoloxía e ás características da autorización da máquina.

2. A consellería competente en materia de facenda poderá dispoñer que as declaracións e/ou autoliquidacións do tributo se efectúen mediante os programas informáticos de axuda que, se é o caso, se aproben. Así mesmo, poderá dispoñer a obrigatoriedade da súa presentación e o pagamento mediante medios telemáticos.».

Disposición adicional primeira. *Información ao Parlamento*

Un. A Consellería de Facenda facilitará trimestralmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento información referida ás seguintes actuacións:

a) As ampliacións de crédito realizadas para atender o pagamento de obrigas derivadas de crebas de operacións de crédito avaladas pola Comunidade Autónoma.

b) As operacións de endebedamento por prazo superior a un ano, formalizadas pola Comunidade Autónoma, os seus organismos autónomos, as axencias públicas autonómicas ou as restantes entidades instrumentais do sector público autonómico, conforme as autorizacións contidas nesta lei.

c) Os avais amortizados, os pagamentos efectuados por falidos, os importes recuperados e o risco acumulado, tanto no que respecta aos avais concedidos pola Comunidade Autónoma coma aos concedidos polas entidades instrumentais do sector público autonómico.

d) As autorizacións de revisións de prezos en concertos ou convenios que superen o incremento do índice de prezos ao consumo.

e) A enumeración nominal e individualizada das concesións de subvencións ou axudas autorizadas polo Consello da Xunta a que se refire artigo 26.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

f) Os plans a que se refire a disposición adicional cuarta desta lei.

Dous. A Consellería de Facenda comunicará á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento, nun prazo de trinta días:

a) A realización das adaptacións técnicas dos orzamentos autorizadas consonte o previsto na letra p) do artigo 5 desta lei.

b) As modificacións efectuadas conforme o indicado no artigo 9.

c) Os orzamentos dos organismos autónomos, das axencias públicas autonómicas, das entidades públicas empresariais e das sociedades mercantís públicas autonómicas que poidan entrar en funcionamento ao longo de 2014.

Tres. A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A., ou entidade que se subrogue na súa posición, comunicará mensualmente á Comisión de Economía, Facenda e Orzamentos do Parlamento os plans económico-financeiros que subscriba no desenvolvemento da súa actividade.

Disposición adicional segunda. *Porcentaxes de gastos xerais de estrutura de contrato de obra*

En virtude da previsión establecida no artigo 131.1 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, determínase, con carácter uniforme para todos os contratos de obra que concerten os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e do seu sector público, a seguinte distribución de gastos xerais de estrutura que sobre eles inciden:

a) O 13 % en concepto de gastos xerais da empresa, gastos financeiros, cargas fiscais (imposto sobre o valor engadido excluído), taxas da Administración, que inciden sobre o custo das obras e demais derivados das obrigas do contrato.

b) O 6 % en concepto de beneficio industrial do contratista.

Disposición adicional terceira. *Supeditación dos contratos e convenios concertados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira*

Un. Para os efectos do disposto na lexislación de contratos do sector público, considerarase que concorren motivos de interese público para as modificacións dos proxectos e

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

das prestacións dos contratos concertados pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico que se realicen durante o exercicio orzamentario do ano 2014 e que teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Naqueles supostos en que os principios indicados fagan necesario que a prestación se execute en forma distinta á pactada inicialmente e a modificación exixida exceda os límites previstos na lexislación de contratos do sector público para o exercicio desta potestade, os órganos de contratación promoverán a resolución dos contratos para evitar unha lesión grave aos intereses públicos, de acordo co indicado na lexislación aplicable.

Dous. Os órganos de contratación da Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico incorporarán para as novas contratacións, de acordo co disposto no artigo 106 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, nos pregos de cláusulas administrativas ou, se é o caso, pregos de condicións, previsións expresas de eventuais modificacións á baixa dos contratos necesarias para o cumprimento dos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

Tres. Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

As ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

Disposición adicional cuarta. *Entidades públicas instrumentais*

As entidades públicas instrumentais que, se é o caso, poidan presentar perdas de explotación están obrigadas a elaborar un plan coa finalidade de restablecer a situación de equilibrio nos seus orzamentos.

O citado plan deberase remitir á Consellería de Facenda para a súa aprobación dentro dos tres meses seguintes a aquel en que se detectase a situación de desequilibrio ou, en todo caso, a partir da aprobación das contas anuais en que esta circunstancia se reflicta.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Disposición adicional quinta. *Autorización de orzamentos en entidades instrumentais de nova creación*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da Consellería de Facenda, a aprobar os orzamentos de explotación e capital das entidades públicas instrumentais con orzamento estimativo que se constitúan ou entren en funcionamento ao longo do ano 2014.

Disposición adicional sexta. *Adecuación dos estados financeiros das entidades instrumentais*

Os órganos de goberno das entidades públicas empresarias, sociedades mercantís públicas autonómicas, fundacións do sector público autonómico e demais entidades con orzamento estimativo incluídas no ámbito de aplicación desta lei deberán adecuar os orzamentos de explotación e capital e os demais estados financeiros ás transferencias de financiamento consignadas nos estados de gastos desta lei no prazo dun mes desde a entrada en vigor desta norma.

Disposición adicional sétima. *Orzamento inicial das axencias públicas autonómicas e requisitos de creación*

Un. Para as axencias públicas que se poidan constituír ata o 31 de decembro do ano 2014 e asuman funcións doutros centros directivos, organismos ou entidades, o Consello da Xunta de Galicia, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda e por iniciativa da consellería da que dependa a axencia pública, establecerá as dotacións do seu orzamento inicial.

O orzamento financiarase mediante a minoración dos créditos que teña atribuídos o centro, organismo ou entidade cuxas funcións asuma, sen que supoña un incremento do gasto público, e terá a vinculación orzamentaria establecida para axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

Dous. Con todo, cando a axencia que se constitúa asuma na súa totalidade funcións dun organismo autónomo, procederase á adaptación do orzamento do organismo ao previsto para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, de conformidade co seguinte:

A vinculación do orzamento a partir da entrada en vigor do estatuto da axencia será a prevista para as axencias na normativa vixente en materia de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Para incorporar ao orzamento do organismo os recursos e as dotacións correspondentes ás operacións comerciais que, de ser o caso, realice, tramitarase un expediente de modificación orzamentaria, que autorizará a persoa titular da Consellería de Facenda, manténdose o equilibrio orzamentario.

Tres. No caso de que polas datas de aprobación dos estatutos ou por calquera outra circunstancia que dificulte a aplicación do disposto nas alíneas anteriores se considere procedente non alterar durante o ano 2014 a estrutura e o réxime orzamentario dos centros ou organismos afectados, esta circunstancia farase constar no decreto polo que se aprobe o correspondente estatuto.

Disposición adicional oitava. *Prestacións familiares por coidado de fillos*

Aquelas persoas que, na data do 1 de xaneiro de 2014, teñan ao seu cargo fillos menores de tres anos terán dereito a percibir unha prestación de 360 euros por cada un deles cando, por razón dos ingresos obtidos durante o ano 2012, nin elas nin ningún dos membros da unidade familiar estean obrigados a presentar a declaración polo imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a ese período, nin a presentasen de xeito voluntario aínda sen estar obrigados a iso.

Disposición adicional novena. *Alleamento de solo empresarial polo Instituto Galego da Vivenda e Solo*

Autorízase o Instituto Galego da Vivenda e Solo, nos supostos de alleamento de terreos destinados á creación de solo industrial e residencial, así como a parcelas ou a polígonos empresariais ou residenciais terminados que se realicen a favor das sociedades públicas con participación maioritaria polo anterior organismo, para que o alleamento se poida efectuar con pagamento aprazado non superior a dez anos e sen repercusión de xuros.

Disposición adicional décima. *Prestacións extraordinarias para beneficiarios de pensións e subsidios non contributivos*

No ano 2014 as persoas beneficiarias de pensións de xubilación e invalidez na súa modalidade non contributiva, de pensións do Fondo de Asistencia Social e do subsidio de garantía de ingresos mínimos terán dereito á percepción dunha prestación única non superior a 210 euros, nas condicións que estableza o Consello da Xunta por proposta da consellería con competencias en materia de benestar social.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Disposición adicional décimo primeira. *Concertos, contratos e convenios de colaboración*

Os importes dos concertos, contratos e convenios de colaboración que teñan subscritos a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as demais entidades do sector público adecuaranse ás condicións retributivas que derivan das previsións desta lei.

En particular, no ámbito do ensino privado concertado suspéndese o Acordo do 24 de abril de 2008, polo que se autoriza o asinamento do acordo entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, as organizacións patronais e as organizacións sindicais do ensino privado concertado da Comunidade Autónoma de Galicia sobre condicións laborais e a calidade do ensino, publicado mediante Resolución do 15 de maio de 2008, no relativo ao establecido na súa cláusula terceira sobre o incremento interanual do 2 % no complemento retributivo da Comunidade Autónoma e o incremento de 45 euros brutos mensuais para todo o profesorado en pagamento delegado e xornada completa.

Disposición adicional décimo segunda. *Modificación dos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde*

Corresponde ao Servizo Galego de Saúde a autorización das modificacións, dentro de cada centro de xestión, dos cadros de persoal estatutario, de persoal MIR e de calquera outro tipo de persoal de institucións sanitarias dependentes do organismo non incluídos nas relacións de postos de traballo, sempre que a modificación acordada non supoña un incremento dos créditos do artigo correspondente do devandito centro.

En idénticas condicións corresponde ao Servizo Galego de Saúde a autorización da modificación prevista no parágrafo anterior dos cadros de persoal funcionario sanitario pertencentes ás clases de médicos, practicantes e matronas titulares.

En todo caso, darase conta á Consellería de Facenda unha vez tramitada a correspondente modificación.

Disposición adicional décimo terceira. *Reestruturación de unidades administrativas da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde*

O persoal funcionario da Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas do persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma, con destino na Consellería de Sa-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

nidade ou no Servizo Galego de Saúde, poderá con carácter voluntario pasar a prestar servizos en postos de traballo nos distintos departamentos das consellerías da Xunta de Galicia cando como consecuencia da reestruturación de unidades administrativas da Consellería de Sanidade ou do Servizo Galego de Saúde non haxa postos de traballo vacantes nela e sexa necesaria a súa adscrición noutras consellerías que necesiten cubrir postos de traballo con persoal funcionario da mesma especialización. Este persoal terá dereito a percibir as retribucións correspondentes ao posto de traballo que pase a desempeñar e aos complementos persoais que teña recoñecidos.

Disposición adicional décimo cuarta. *Transferencias, tarifas e subvencións afectadas especialmente polos gastos de persoal*

Un. As transferencias da Comunidade Autónoma de Galicia ás entidades non comprendidas na alínea Seis do artigo 12 desta lei, cuxos ingresos proveñan en máis do 50 % dela, adecuaranse ao disposto no título II desta lei.

Dous. As tarifas das encomendas de xestión ás entidades declaradas medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma e demais entes, organismos e entidades dependentes adecuaranse ao disposto no título II desta lei.

Tres. As subvencións destinadas a financiar gastos de persoal de entidades ás que resulte de aplicación o disposto no título II desta lei adecuaranse no seu importe ao disposto neste título.

Disposición adicional décimo quinta. *Persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional*

O persoal contratado ao abeiro do Plan nacional de formación e inserción profesional (Plan FIP) nos centros de formación profesional ocupacional dependentes da Xunta de Galicia que continúe prestando servizos como persoal laboral indefinido en cumprimento dunha resolución xudicial que declarase a devandita condición percibirá durante os períodos en que exerza esa actividade as retribucións establecidas para o grupo profesional no Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia que lle correspondese en función da titulación mínima requirida do curso que imparta. No caso de que non exista categoría laboral concreta equiparable, aplicaránselle as retribucións xenéricas do grupo respectivo, e nos grupos III, IV e V as mínimas do grupo profesional.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Disposición adicional décimo sexta. *Medidas en relación co V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia*

Durante o ano 2014 quedará suspendida a aplicación do artigo 19 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Disposición adicional décimo sétima. *Evolución da subvención fixa correspondente ao financiamento estrutural previsto no Plan de financiamento do Sistema universitario de Galicia 2011-2015*

Co obxecto de recoller os novos acordos alcanzados na Comisión de Seguimento do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia, para a dotación da partida 09.40.422C.444.0 aplicáronse, sobre a evolución prevista no plan de financiamento, as correccións dirixidas a recoller a previsión da regularización resultante do incremento dos ingresos de matrícula derivados da aplicación dos prezos públicos que se establezan sobre os vixentes no curso académico 2011-2012.

Disposición adicional décimo oitava. *Normas de especial aplicación en materia de recursos educativos complementarios de ensino público*

Durante os exercicios económicos 2014 e 2015 non serán aplicables aos contratos, convenios e demais expedientes de gastos que dan soporte aos recursos educativos complementarios do ensino público galego as actualizacións dos prezos, derivadas do incremento de prezos ao consumo (IPC galego) anual, así como de calquera outra fórmula de revisión prevista normativa ou convencionalmente.

Concretamente, as contías globais a que ascendan as aplicacións dos índices de prezos ao consumo aos contratos e convenios dos exercicios 2014 e 2015, e tamén os pendentes do ano 2013, serán aboadas de xeito proporcional ao longo dos exercicios 2016 a 2020, de acordo sempre co que se dispoña nas correspondentes leis de orzamentos e na lexislación estatal, se é o caso, aplicable, actualizándose os prezos correspondentes ao exercicio 2016 tomando como referencia para o cálculo os prezos do exercicio base 2015 sen actualizacións.

Disposición adicional décimo novena. *Control da información económico-financeira*

Para os efectos de garantir a exactitude e coordinación da información económico-financeira subministrada pola Administración xeral e polos organismos autónomos, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma verificará mediante técnicas de auditoría que os datos e a información con transcendencia económica proporcionados polos órganos

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

xestores como soporte da información contable reflictan razoablemente as operacións derivadas da súa actividade. A Intervención Xeral da Comunidade Autónoma establecerá o procedemento, o alcance e a periodicidade das actuacións que se deban desenvolver.

As auditorías das contas anuais das axencias públicas autonómicas realizaraas a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de conformidade co procedemento previsto no título V do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Disposición adicional vixésima. *Actuacións en relación coas concesións de obra pública en fase de explotación baixo réxime de canon de demanda*

Un. En atención á concorrencia de razóns de interese xeral, habilítase a Axencia Galega de Infraestruturas para adoptar as medidas de restablecemento do equilibrio económico necesarias para garantir a viabilidade económica da explotación das concesións de obra pública baixo réxime de canon de demanda naqueles supostos en que se produza unha alteración extraordinaria e imprevisible nas previsións de utilización da obra recollidas nos estudos de tráfico aprobados no seu día pola Administración e nos plans económico-financeiros tidos en conta para a adxudicación dos contratos.

Dous. As medidas de reequilibrio económico acordaranse dentro dos límites das dotacións consignadas cada ano no orzamento da Axencia Galega de Infraestruturas, e exixirán a previa petición do concesionario á que se acompañe a documentación técnico-financeira que acredite a inviabilidade dos contratos a través da análise de resultados de rendibilidade dos accionistas e do cumprimento de ratios financeiras.

Tres. As condicións do reequilibrio deberanse limitar ao indispensable para asegurar a viabilidade do contrato a través do cumprimento das ratios financeiras exixidas sen que se alteren as condicións de calidade da obra pública. A Axencia Galega de Infraestruturas fixará, en cada caso, as condicións en que as citadas medidas deban ser aplicadas, as circunstancias en que poidan quedar sen efecto e as consecuencias económico-financeiras destas.

Catro. A Axencia Galega de Infraestruturas introducirá as condicións oportunas para que as medidas adoptadas queden sen efecto no momento en que a viabilidade financeira dos contratos estea garantida.

Cinco. Nos supostos previstos na presente disposición, a Axencia ponderará o exercicio das súas prerrogativas contractuais co obxectivo de garantir a mellor solución para o inte-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

rese xeral, de tal maneira que, logo dos estudos de viabilidade económico-financeira precisos, poderá optar por aplicar as medidas de reequilibrio previstas ou proceder á resolución dos contratos e a unha nova licitación para a adxudicación doutros baixo as condicións pertinentes e con substitución do modelo de canon de demanda empregado.

Nos casos de nova licitación, poderá impoñerse como condición aos adxudicatarios a asunción da infraestrutura construída e a asunción de todos os riscos de construción, así como a obriga destes de aboar ao concesionario saínte as cantidades que de acordo coa lexislación de contratos do sector público deba aboar a Administración por razón da resolución do contrato, incluídos os investimentos realizados por razón da expropiación de terreos, execución de obras de construción e adquisición de bens que sexan necesarios para a explotación da obra obxecto da concesión.

Disposición adicional vixésimo primeira. *Garantía de viabilidade do sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos*

Un. O sistema promovido pola Administración autonómica para a xestión institucional dos residuos domésticos, xestionado de acordo co disposto na Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, pola sociedade do sector público autonómico Sociedade Galega de Medio Ambiente, configúrase como un modo de xestión colectiva dos residuos municipais cuxa finalidade de interese xeral é a de conseguir en cooperación coas entidades locais adheridas ao sistema o mellor resultado ambiental global no tratamento dos residuos domésticos procurando a máxima eficiencia no uso dos recursos públicos.

O sistema deberá asegurar, mediante a valorización enerxética e material dos residuos domésticos e a eliminación en vertedoiro controlado da fracción dos ditos residuos para os cales non caiba ningún outro tratamento previsto pola lexislación vixente, que a xestión integrada dos residuos se efectúa garantindo o cumprimento de todos os obxectivos establecidos nos correspondentes plans de residuos, cuns niveis máximos de protección ambiental, buscando un custo homoxéneo e o máis reducido posible para todas as entidades locais adheridas a ese sistema.

Dous. Para os efectos indicados na alínea anterior e para garantir a sustentabilidade financeira do sistema fíxase un canon unitario de tratamento por tonelada, expresado no artigo 29.b) da Lei 10/2008, na cantidade de 74,64 €/t máis o imposto sobre o valor engadido para o ano 2014, de acordo co plan de viabilidade presentado pola sociedade pública e en función dos custos totais que xera o tratamento dos residuos domésticos no marco do sistema. En posteriores exercicios o dito canon actualizarase anualmente no mes de

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

xaneiro conforme o índice de prezos ao consumo, publicándose a súa contía no D*iario Oficial de Galicia.*

Este canon será aplicable aos negocios xurídicos xa subscritos polas entidades locais coa Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., para a xestión dos residuos urbanos municipais unha vez que transcorra o prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta norma, salvo que dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo que se desiste do negocio xurídico subscrito.

Tres. Cando por circunstancias extraordinarias de alteración da viabilidade económica do sistema sexa necesario revisar a contía do canon unitario por tonelada de residuos domésticos para o seu tratamento no marco do sistema, este será establecido pola consellería competente en materia de residuos logo de informe favorable da Consellería de Facenda, de tal forma que non exceda os custos totais que xere o tratamento dos residuos domésticos no marco do sistema.

Para estes efectos, o órgano de administración da Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., tras os estudos pertinentes en que se xustifiquen os custos asociados ás operacións de tratamento e o desenvolvemento dunha fase de consultas coa entidade asociativa máis representativa das entidades locais co fin de que poida efectuar as alegacións oportunas na defensa dos intereses locais, procederá á aprobación dunha proposta de canon unitario e os seus mecanismos obxectivos de revisión, que se remitirá para a súa aprobación á consellería.

A aprobación da contía do canon unitario por tonelada así como a súa revisión publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Catro. A xestión, a liquidación e o cobramento do canon unitario corresponderán á Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., que deberá expedir mensualmente as facturas correspondentes ás entidades locais, e estas deberán aboalas nos termos previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

Cinco. A adhesión ao sistema de xestión institucional de residuos domésticos será voluntaria para as entidades locais no marco do disposto na lexislación de residuos e no Plan de xestión de residuos urbanos, e efectuarase mediante negocio xurídico-administrativo, o cal será formalizado entre a entidade local e a Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., como xestora do sistema. A consellería competente en materia de residuos, para asegurar

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

o funcionamento do sistema, logo da proposta da sociedade pública, fixará as condicións de adhesión das entidades locais ao sistema e aprobará o modelo para a formalización da adhesión. Logo de se publicar as condicións para a adhesión no *Diario Oficial de Galicia*, os negocios xurídicos que nese momento estean subscritos polas entidades locais coa Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A., para a xestión dos residuos urbanos municipais entenderanse modificados e adaptados ás condicións aprobadas unha vez que transcorra o prazo de dous meses desde a indicada publicación, salvo que dentro dese prazo as entidades locais remitan o acordo adoptado polo órgano competente da entidade local polo que se desiste do negocio xurídico subscrito.

Seis. En garantía da sustentabilidade financeira do sistema, entre as condicións para a adhesión figurará a dun tempo mínimo de adhesión que permita realizar as previsións oportunas en canto ao volume de residuos para tratar e a de que en caso de non pagamento das cantidades que corresponda aboar ás entidades locais en concepto de canon unitario estas terán a consideración de vencidas, líquidas e exixibles para os efectos do seu aboamento con cargo ás cantidades que correspondan a cada municipio como participación no Fondo de Cooperación Local, por instancia da sociedade pública, mediante acordo de retención ditado polo órgano encargado da xestión do Fondo de Cooperación Local de acordo co establecido na regulación deste. As cantidades retidas serán obxecto de entrega á sociedade pública.

Cando o obrigado ao pagamento fose unha mancomunidade de municipios os concellos integrantes serán responsables solidarios, na parte que corresponda segundo a súa porcentaxe de participación na correspondente mancomunidade, das débedas xeradas ao xestor institucional do sistema polo non pagamento do canon unitario.

Disposición adicional vixésimo segunda. *Obriga de presentación de facturas nun rexistro administrativo ou a través do sistema de facturación electrónica*

Un. O contratista terá a obriga de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ou bens entregados perante o correspondente rexistro administrativo para os efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación desta.

Nos pregos de cláusulas administrativas para a preparación dos contratos incluirase a identificación do órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública, así como a identificación do órgano de contratación e do destinatario, que deberán constar na factura correspondente.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Dous. As facturas electrónicas presentaranse no sistema de facturación electrónica previsto no artigo 15 do Decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula a factura electrónica e a utilización de medios electrónicos, informáticos e telemáticos en materia de contratación pública da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e entes do sector público dela dependentes.

Disposición adicional vixésimo terceira. *Xestión das taxas de eficiencia enerxética polo Instituto Enerxético de Galicia*

As taxas correspondentes aos procedementos administrativos de inscrición no Rexistro dos certificados de eficiencia enerxética de edificios da Comunidade Autónoma de Galicia serán xestionadas polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega).

Disposición transitoria primeira. *Adecuación das entidades públicas instrumentais*

O disposto nesta lei para as entidades incluídas na alínea Cinco da disposición transitoria terceira da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, aplicarase ás axencias públicas autonómicas que resulten da adaptación das súas normas estatutarias de organización e funcionamento.

Disposición transitoria segunda. *Canon eólico*

Un. As declaracións de alta, modificación e baixa a que se refire o artigo 17 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en tanto en canto non entre en vigor a orde a que se refire o devandito artigo, presentaranse no prazo dun mes desde o día seguinte ao de inicio do primeiro período impositivo ao que se produza a modificación ou ao que se produza o desmantelamento do parque segundo cada caso, mediante o modelo e consonte as instrucións establecidas na Orde da Consellería de Economía e Industria do 15 de xaneiro de 2010, pola que se aproba o modelo de declaración de alta, modificación e baixa do canon eólico creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Dous. As autoliquidacións do canon eólico a que se refire o artigo 17 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, en tanto en canto non entre en vigor a orde a que se refire o devandito artigo, presentaranse no prazo dun mes desde o día seguinte á data da devindicación, mediante o modelo e consonte as instrucións estable-

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

cidas na Orde da Consellería de Economía e Industria do 7 de xaneiro de 2010, pola que se aproba o modelo de autoliquidación do canon eólico creado pola Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

Disposición transitoria terceira. *Dotación do Fondo de Continxencia*

A dotación do Fondo de Continxencia de Execución Orzamentaria a que se refire o artigo 55 bis do Texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, realizarase gradualmente ata o exercicio 2015 para alcanzar o seu importe legal neste último exercicio. Para o ano 2014 a porcentaxe mínima será do 1,4 % e, con carácter excepcional, poderá empregarse para financiar os desaxustes que poidan xurdir no capítulo I.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime tributario aplicable aos cartóns de bingo subministrados no ano 2013*

Os cartóns para o xogo do bingo subministrados ata o último día do ano 2013 incluído, quedarán suxeitos ao réxime tributario vixente anterior á entrada en vigor desta lei.

Disposición derrogatoria única

Derróganse a Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo, e o Decreto 247/1991, do 4 de xullo, polo que se aproban normas de xestión dos tributos creados pola Lei 7/1991, do 19 de xuño, de tributación sobre o xogo.

Disposición derradeira primeira. *Notificación da recadación do canon de saneamento*

Engádese un novo punto 4 á disposición transitoria segunda da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que terá a seguinte redacción:

«4. As cantidades de canon de saneamento xustificadas polas entidades subministradoras como non percibidas consonte o establecido no artigo 16.4 do Decreto 8/1999, do 21 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento lexislativo do capítulo IV da Lei 8/1993, reguladora da Administración hidráulica, exixiranse directamente ao contribuínte na vía executiva, agás no caso de que da xestión recadatoria seguida pola entidade subministradora non exista constancia da notificación da débeda ao contribuínte, en cuxo caso estas débedas serán notificadas aos contribuíntes por Augas de Galicia para o seu ingreso en período voluntario, antes de pasar, de proceder, á súa exacción na vía executiva.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Esta notificación para o seu ingreso en período voluntario poderase levar a cabo mediante publicación colectiva, outorgándose un prazo dun mes natural para que os interesados se presenten persoalmente perante Augas de Galicia para seren notificados por comparecencia dos importes repercutidos e non aboados.

O procedemento recadatorio indicado neste punto será tamén aplicable ás cantidades de canon de saneamento xustificadas polas entidades subministradoras como non percibidas que se atopen pendentes de ser exixidas ao contribuínte.».

Disposición derradeira segunda. *Ampliación do prazo de vixencia da Lei de medidas de emprego público*

De acordo co previsto na disposición derradeira única da Lei 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma, unha vez analizada a evolución do produto interior bruto real de Galicia e do aforro primario dos orzamentos, mantéñense as medidas contidas na citada lei para todo o exercicio 2014. A próxima revisión realizarase no proceso de elaboración dos orzamentos para o ano 2015.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento da lei*

Facúltase a Xunta de Galicia para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e a execución de canto se prevé nesta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Vixencia*

As disposicións desta lei terán vixencia exclusiva para o ano 2014, agás os artigos 63.Un, 64, 65, 67, 68, 69, 70 e 71, as disposicións adicionais décimo terceira, vixésima, vixésimo primeira e vixésimo segunda, e a disposición derradeira primeira, os cales terán vixencia permanente.

Disposición derradeira quinta. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014.

Santiago de Compostela, vinte e seis de decembro de dous mil trece

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

ANEXO 1

Artigo 3.Un

Entidades públicas empresariais	Explotación	Capital
Portos de Galicia	12.668	14.530
Augas de Galicia	40.496	61.957
Total	53.163	76.487

(Miles de euros)

Artigo 3.Dous

Consorcios autonómicos	Explotación	Capital
Axencia de Protección da Legalidade Urbanística	3.261	2.060
Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar	58.520	3.965
Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Valdeorras	941	15
Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca de Verín	883	54
Consorcio Contra Incendios e Salvamento das Comarcas de Deza e Tabeirós-Terras de Montes	794	27
Consorcio Contra Incendios e Salvamento da Comarca da Limia	883	53
Axencia para a Calidade do Sistema universitario de Galicia	1.191	18
Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia	4.842	
Consorcio Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia	273	12
Consorcio Casco Vello de Vigo	458	
Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento	4.895	276
Consorcio Provincial de Pontevedra para la Prestación do Servizo Contra Incendios e Salvamento	2.795	350
Total	79.735	6.829

(Miles de euros)

Artigo 3.Tres

Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e sociedades	92.902	3.485
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	9.572	152
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	7.454	4.716

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Sociedades mercantís públicas autonómicas	Explotación	Capital
Sodiga Galicia, Sociedade de Capital Risco, S.A.	915	
Xesgalicia, Sociedade Xestora de Entidades Capital Risco, S.A.	1.905	80
Galicia Calidade, S.A.	851	
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	1.398	45
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	4.625	
Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	13.266	
Xenética Fontao, S.A.	3.771	250
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitario, S.A.	28.903	1.180
Sociedade Galega de Medio Ambiente, S.A.	99.655	450
Xestión Urbanística da Coruña, S.A.	5.206	2.596
Xestión Urbanística de Lugo, S.A.	2.767	583
Xestión Urbanística de Ourense, S.A.	2.217	641
Xestión Urbanística de Pontevedra, S.A.	2.971	3.757
Total	278.378	17.935

(Miles de euros)

Artigo 3.Catro

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Instituto Galego de Oftalmoloxía	1.321	91
Fundación Pública Centro de Transfusión	23.736	104
Fundación Pública Cidade da Cultura de Galicia	6.456	4.991
Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria	1.415	
Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia 061	48.092	651
Instituto Galego de Medicina Xenómica	2.946	76
Fundación Galicia Europa	633	1
Fundación Autonomía Persoal e Dependencia	856	
Fundación Semana Verde de Galicia	2.067	
Fundación Centro Galego de Artesanía e Deseño	789	0
Fundación Centro Supercomputación de Galicia	1.799	1.788
Fundación Exposicións e Congresos da Estrada	208	
Fundación Feiras e Exposicións de Lugo	506	
Instituto Feiral da Coruña	388	
Fundación Centro Tecnolóxico da Carne	1.314	49
Fundación Rof Codina	1.508	41
Fundación Deporte Galego	3.390	10
Fundación Centro Tecnolóxico do Mar	3.547	

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Fundacións do sector público autonómico	Explotación	Capital
Fundación Galega Formación para o Traballo	425	
Fundación Camilo José Cela	310	3
Total	101.707	7.804

(Miles de euros)

ANEXO 2

Artigo 3.Cinco

Entidades públicas empresariais	Subvencións de explotación	Subvencións de capital
Portos de Galicia	0	11.531
Augas de Galicia	0	36.262
Total	0	47.793

(Miles de euros)

Sociedades mercantís públicas autonómicas	Subvencións de explotación	Subvencións de capital
Compañía de Radio-Televisión de Galicia e sociedades	0	127
Redes de Telecomunicación Galegas, S.A.	0	151
Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A.	0	25.382
Galicia Calidade, S.A.	371	399
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.	628	395
Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, S.A.	2.639	0
Xenética Fontao, S.A.	8	250
Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A.	29.813	94
Xestión Urbanística da Coruña, S.A.	105	0
Total	33.563	26.798

(Miles de euros)

ANEXO 3

Artigo 5.f)

Distribución de taxas e prezos (euros)

Seccións	Taxas	Prezos	Total
Presidencia da Xunta de Galicia	368.280		368.280
Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza	3.069.344		3.069.344

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Seccións	Taxas	Prezos	Total
Consellería de Facenda (Selección de persoal)	40.000		40.000
Consellería de Facenda (outras)	15.089		15.089
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas	4.459.765	283.029	4.742.794
Consellería de Economía e Industria	2.642.381	1.646.000	4.288.381
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Selección de persoal)	135.538		135.538
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (outras)	1.684.335	11.950.321	13.634.656
Consellería de Sanidade	2.558.316		2.558.316
Consellería de Traballo e Benestar	263.083	16.283.992	16.547.075
Consellería do Medio Rural e do Mar	2.100.140	1.867.819	3.967.959
Total	17.336.271	32.031.161	49.367.432

ANEXO 4

Artigo 56

Conforme o disposto nese artigo, os importes anuais e a desagregación dos módulos económicos por unidade escolar nos centros concertados dos distintos niveis e modalidades educativas quedan establecidos con efectos do 1 de xaneiro, e ata o 31 de decembro de 2014, do seguinte xeito:

Educación infantil:	
(Ratio profesor/unidade: 1,08:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	31.240,76
Gastos variables	4.039,51
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	3.274,93
Outros gastos	6.020,95
Importe total anual	44.576,15

Educación primaria:	
Centros de ata seis unidades de primaria:	
(Ratio profesor/unidade: 1,40:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	40.497,29
Gastos variables	5.236,41
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.245,29
Outros gastos	6.020,95
Importe total anual	55.999,94

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Centros de máis de seis unidades de primaria:

(Ratio profesor/unidade: 1,36:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	39.340,23
Gastos variables	5.086,79
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.124,00
Outros gastos	6.020,95
Importe total anual	54.571,97

Educación especial (niveis obrigatorios e gratuítos):

I. Educación básica primaria:

(Ratio profesor/unidade: 1,12:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	32.397,84
Gastos variables	4.189,13
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	3.396,21
Outros gastos	6.422,40
Importe total anual	46.405,58

Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	20.011,46
Autistas ou problemas graves de personalidade	23.109,92
Auditivos	18.619,87
Plurideficientes	23.109,92

II. Programas de formación para a transición á vida adulta:

(Ratio profesor/unidade: 2:1)

Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	57.853,26
Gastos variables	4.907,57
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	6.064,67
Outros gastos	9.058,94
Importe total anual	77.884,44

Persoal complementario (logopedas, fisioterapeutas, axudantes técnicos educativos, psicólogo-pedagogo, traballador social, mestre especialidade de audición e linguaxe e coidador/a), segundo deficiencias:

Psíquicos	31.951,05
Autistas ou problemas graves de personalidade	35.529,17
Auditivos	24.755,72
Plurideficientes	35.529,17

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Educación secundaria obrigatoria:

I. Primeiro e segundo cursos (*)**:**

Centros de ata catro unidades de ESO:	
(Ratio profesor/unidade: 1,56:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	52.991,30
Gastos variables	9.666,23
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	7.347,17
Outros gastos	7.827,26
Importe total anual	77.831,96

Centros de máis de catro unidades de ESO:	
(Ratio profesor/unidade: 1,52:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	51.632,54
Gastos variables	9.418,39
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais (*)	7.158,79
Outros gastos	7.827,26
Importe total anual	76.036,98

II. Terceiro e cuarto cursos:

Centros de ata catro unidades de ESO	
(Ratio profesor/unidade: 1,56:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	52.991,30
Gastos variables	9.666,23
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.452,34
Outros gastos	8.639,29
Importe total anual	75.749,16

Centros de máis de catro unidades de ESO:	
(Ratio profesor/unidade: 1,52:1)	
Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	51.632,54
Gastos variables	9.418,39
Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.338,18
Outros gastos	8.639,29
Importe total anual	74.028,40

Ciclos formativos:
(Ratio profesor/unidade grao medio: 1,52:1)
(Ratio profesor/unidade: grao superior: 1,52:1)

I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais:

Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	50.404,11
Segundo curso	0,00

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso	50.404,11
Segundo curso	50.404,11

Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	50.404,11
Segundo curso	0,00

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso	50.404,11
Segundo curso	50.404,11

II. Gastos variables:

Grupo 1. Ciclos formativos de grao medio de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	6.466,15
Segundo curso	0,00

Grupo 2. Ciclos formativos de grao medio de 2.000 horas:

Primeiro curso	6.466,15
Segundo curso	6.466,15

Grupo 3. Ciclos formativos de grao superior de 1.300 a 1.700 horas:

Primeiro curso	6.959,66
Segundo curso	0,00

Grupo 4. Ciclos formativos de grao superior de 2.000 horas:

Primeiro curso	6.959,66
Segundo curso	6.959,66

III. Complemento retributivo Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais:

Ciclos formativos de grao medio	4.338,18
Ciclos formativos de grao superior	4.338,18

IV. Outros gastos:

Grupo 1. Ciclos formativos de:

Condución de actividades físico-deportivas no medio natural.

Animación turística.

Estética persoal decorativa.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Química ambiental.
Hixiene bucodental.

Primeiro curso	10.178,78
Segundo curso	2.380,58

Grupo 2. Ciclos formativos de:
Secretariado.
Mergullo a media profundidade.
Laboratorio de imaxe.
Comercio.
Xestión comercial e márketing.
Servizos ao consumidor.
Muiñaría e industrias cerealistas.
Laboratorio.
Fabricación de produtos farmacéuticos e afíns.
Coidados auxiliares de enfermaría.
Documentación sanitaria.
Curtidos.
Procesos de ennobrecemento téxtil.

Primeiro curso	12.376,05
Segundo curso	2.380,58

Grupo 3. Ciclos formativos de:
Transformación de madeira e cortiza.
Operacións de fabricación de produtos farmacéuticos.
Operacións de transformación de plásticos e caucho.
Industrias de proceso de pasta e papel.
Plástico e caucho.
Operacións de ennobrecemento téxtil.

Primeiro curso	14.729,24
Segundo curso	2.380,58

Grupo 4. Ciclos formativos de:
Encadernados e manipulados de papel e cartón.
Impresión en artes gráficas.
Fundición.
Tratamentos superficiais e térmicos.
Calzado e marroquinaría.
Produción de fiadura e teceduría de calada.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Produción de tecidos de punto.
Procesos téxtiles de fiadura e teceduría de calada
Procesos téxtiles de teceduría de punto.
Operacións de fabricación de vidro e transformados.
Fabricación e transformación de produtos de vidro.

Primeiro curso	17.041,30
Segundo curso	2.380,58

Grupo 5. Ciclos formativos de:
Realización e plans de obra.
Asesoría de imaxe persoal.
Radioterapia.
Animación sociocultural.
Integración social (plan vello).

Primeiro curso	10.178,78
Segundo curso	3.849,67

Grupo 6. Ciclos formativos de:
Operacións de cultivo acuícola.

Primeiro curso	14.729,24
Segundo curso	3.849,67

Grupo 7. Ciclos formativos de:
Elaboración de produtos alimenticios.
Guía de información e asistencia turísticas.
Axencias de viaxes e xestión de eventos.
Xardinaría.
Traballos forestais e de conservación do medio natural.
Xestión e organización de empresas agropecuarias.
Xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos.
Administración e finanzas.
Pesca e transporte marítimo.
Navegación, pesca e transporte marítimo.
Produción de audiovisuais, radio e espectáculos.
Comercio internacional.
Xestión do transporte.
Obras de albanelaría.
Obras de formigón.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Operación e mantemento de maquinaria de construción.
Desenvolvemento e aplicación de proxectos de construción.
Desenvolvemento de proxectos urbanísticos e operacións topográficas.
Óptica de anteollaría.
Caracterización.
Perrucaría.
Estética.
Desenvolvemento de produtos de carpintaría e moble.
Prevención de riscos profesionais
Anatomía patolóxica e citoloxía.
Saúde ambiental.
Dietética.
Imaxe para o diagnóstico.
Laboratorio de diagnóstico clínico.
Ortoprotésica.
Educación infantil.
Interpretación da lingua de signos.
Atención sociosanitaria.
Xestión de aloxamentos turísticos.
Servizos en restauración.
Panadaría, repostaría e confeitaría.
Laboratorios de análises e control de calidade.
Química industrial.
Planta química.
Audioloxía protésica.
Emerxencias sanitarias.
Farmacia e parafarmacia.
Aceite de oliva e viños.
Xestión administrativa.
Administración de sistemas informáticos en rede.
Administración de aplicacións multiplataforma.
Administración de sistemas informáticos.
Desenvolvemento de aplicacións web.
Dirección de cociña.
Dirección de servizos de restauración.
Deseño e produción de calzado e complementos.
Proxectos de edificación.
Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma.
Xardinaría e floraría.
Asistencia á dirección.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Xestión forestal e do medio natural.

Paisaxismo e medio rural.

Actividades comerciais.

Xestión de vendas e espazos comerciais.

Márketing e publicidade.

Transporte e loxística.

Construción.

Proxectos de obra civil.

Estética e beleza.

Perrucaría estética e capilar.

Asesoría de imaxe persoal e corporativa.

Caracterización e maquillaxe profesional.

Estética integral e benestar.

Estilismo e dirección de perrucaría.

Produción de audiovisuais e espectáculos.

Transporte marítimo e pesca de altura.

Operacións de laboratorio.

Atención a persoas en situación de dependencia.

Animación sociocultural e turística.

Calzado e complementos de moda.

Fabricación e ennobrecemento de produtos téxtiles.

Deseño técnico en téxtil e pel.

Vestiario a medida e de espectáculos.

Condución de vehículos de transporte por estrada.

Gandaría e asistencia en sanidade animal.

Aproveitamento e conservación do medio natural.

Navegación e pesca do litoral.

Caracterización e maquillaxe profesional.

Integración social.

Primeiro curso	9.167,25
Segundo curso	11.074,12

Grupo 8. Ciclos formativos de:

Operación, control e mantemento de maquinaria e instalacións do buque.

Supervisión e control de máquinas e instalacións do buque.

Equipos electrónicos de consumo.

Desenvolvemento de produtos electrónicos.

Sistemas de regulación e control automáticos.

Acabados de construción.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Mantemento de aviónica.
Próteses dentais.
Instalacións eléctricas e automáticas.
Sistemas microinformáticos e redes.
Cociña e gastronomía.
Confección e moda.
Patronaxe e moda.
Produción agropecuaria.
Produción agroecolóxica.
Instalacións de telecomunicación.
Mantemento electrónico.
Automatización e robótica industrial.
Sistemas electrotécnicos e automatizados.
Enerxías renovables.
Centrais eléctricas.
Obras de interior, decoración e rehabilitación.
Educación e control ambiental.
Organización e mantemento de maquinaria de buques e embarcacións.
Operacións subacuáticas e hiperbáricas.
Mantemento e control da maquinaria de buques e embarcacións.
Operacións acuáticas e hiperbáricas.

Primeiro curso	11.290,71
Segundo curso	12.887,91

Grupo 9. Ciclos formativos de:
Animación de actividades físicas e deportivas.
Deseño e produción editorial.
Produción en industrias de artes gráficas.
Imaxe.
Realización de audiovisuais e espectáculos.
Son.
Sistemas de telecomunicación e informáticos.
Produción por fundición e pulvimetalurxia.
Fabricación a medida e instalación de madeira e moble.
Produción de madeira e moble.
Automoción.
Mantemento aeromecánico.
Desenvolvemento de proxectos de instalacións térmicas e fluídos.
Mantemento de instalacións térmicas e de fluídos.
Carrozaría.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Eficiencia enerxética e enerxía solar térmica.
Programación da produción en fabricación mecánica.
Deseño en fabricación mecánica.
Carpintaría e moble.
Conformado por moldeo de metais e polímeros.
Programación da produción en moldeo de metais e polímeros.
Escavacións e sondaxes.
Pedra natural.
Instalacións de produción de calor.
Instalacións frigoríficas e de climatización.
Vídeo, disc jockey e son.
Animacións 3D, xogos e contornos interactivos.
Iluminación, captación e tratamento da imaxe.
Realización de proxectos de audiovisuais e espectáculos.
Son en audiovisuais e espectáculos.
Instalación e amoblamento.
Deseño e amoblamento.
Electromecánica de maquinaria.
Electromecánica de vehículos automóbiles.
Artista falleiro e construción de escenografías.
Deseño e edición de publicacións impresas e multimedia.
Deseño e xestión da produción gráfica.

Primeiro curso	13.279,90
Segundo curso	14.733,80

Grupo 10. Ciclos formativos de:
Procesos de calidade na industria alimentaria.
Fabricación de produtos cerámicos.
Produción acuícola.
Preimpresión en artes gráficas.
Xoiaría.
Mecanizado.
Soldadura e caldeiraría.
Construcións metálicas.
Instalación e mantemento electromecánico de maquinaria e condución de liñas
Mantemento ferroviario.
Mantemento de equipo industrial.
Desenvolvemento e fabricación de produtos cerámicos.
Vitivinicultura.
Impresión gráfica.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Preimpresión dixital.
Mantemento electromecánico.
Mecatrónica industrial.
Cultivos acuícolas.
Acuicultura.
Postimpresión e acabados gráficos.
Mantemento de material rodante ferroviario.

Primeiro curso	15.361,16
Segundo curso	16.471,77

Programas de cualificación profesional inicial
(Ratio profesor/unidade: 1,44:1)

I. Salarios de persoal docente, incluídas cargas sociais	47.751,27
II. Gastos variables	6.125,83
III. Complemento retributivo da Comunidade Autónoma, incluídas cargas sociais	4.145,78
IV. Outros gastos:	
Grupo 1	7.502,54

Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:
Administración.
Comercio e márketing.
Hostalaría e turismo.
Imaxe persoal.
Sanidade.
Servizos socioculturais e á comunidade.
Administración e xestión.
Artesanías.
Química.
Seguridade e medio ambiente.

Grupo 2	8.577,66

Sobre cualificacións nivel 1 das familias profesionais de:
Actividades agrarias.
Artes gráficas.
Comunicación, imaxe e son.
Edificación e obra civil.
Electricidade e electrónica.
Fabricación mecánica.
Industrias alimentarias.
Madeira e moble.
Mantemento de vehículos autopropulsados.

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Mantemento e servizos á produción.
Téxtil, confección e pel.
Agraria.
Imaxe e son.
Enerxía e auga.
Industrias extractivas.
Madeira, moble e cortiza.
Transporte e mantemento de vehículos.
Marítimo-pesqueira.
Instalación e mantemento.
Informática

2º curso de PCPI 7.502,54

(*) O importe do complemento retributivo da Comunidade Autónoma do profesorado licenciado de 1º e 2º curso de educación secundaria obrigatoria axustarase de xeito que a suma do salario, complemento de equiparación de licenciados e CRCA sexa igual ao salario e CRCA do profesorado de 3º e 4º de ESO.

ANEXO 5

Artigo 57

Créditos asignados ás corporacións locais		
12	Administración xeral	520.789
13	Xustiza	815.908
14	Administración local	3.306.697
15	Normalización lingüística	300.000
21	Protección civil e seguridade	853.167
31	Acción social e promoción social	55.965.700
32	Promoción do emprego e institucións do mercado de traballo	26.534.000
41	Sanidade	4.122.096
42	Educación	628.545
43	Cultura	2.221.540
44	Deportes	461.537
45	Vivenda	150.000
51	Infraestruturas	3.910.607
52	Ordenación do territorio	2.516.251
54	Actuacións ambientais	2.455.805
55	Actuacións e valoración do medio rural	16.485.000
57	Sociedade da información e do coñecemento	768.272
61	Actuacións económicas xerais	100.000
71	Dinamización económica do medio rural	14.741.492
73	Industria, enerxía e minaría	12.661.929
75	Comercio	4.073.295
76	Turismo	5.824.432
81	Transferencias a entidades locais	117.411.846
Total		276.828.908

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

ANEXO 6

Artigo 58. Coeficientes fondo base

Concello	Coeficiente
Abadín	0,2067100
Abegondo	0,2479098
Agolada	0,2207326
Alfoz	0,1469580
Allariz	0,2919105
Ames	0,7217843
Amoeiro	0,1426595
Antas de Ulla	0,1606026
Aranga	0,1629145
Arbo	0,1957850
Ares	0,2114099
Arnoia (A)	0,1310605
Arteixo	0,8392101
Arzúa	0,2792102
Avión	0,1853746
Baiona	0,3736793
Baleira	0,1686745
Baltar	0,1301123
Bande	0,1694552
Baña (A)	0,2529409
Baños de Molgas	0,1590171
Baralla	0,1922172
Barbadás	0,2828940
Barco de Valdeorras (O)	0,4301403
Barreiros	0,1684317
Barro	0,1506496
Beade	0,0786331
Beariz	0,1252191
Becerreá	0,2118851
Begonte	0,1901471
Bergondo	0,2648589
Betanzos	0,3707458
Blancos (Os)	0,1139576
Boborás	0,2002334
Boimorto	0,1754150
Boiro	0,6212726
Bola (A)	0,1312506
Bolo (O)	0,1406423
Boqueixón	0,1991911
Bóveda	0,1631081
Brión	0,3149912
Bueu	0,3480399
Burela	0,2791427

Concello	Coeficiente
Cabana de Bergantiños	0,2383138
Cabanas	0,1517693
Caldas de Reis	0,3230698
Calvos de Randín	0,1331193
Camariñas	0,2218404
Cambados	0,4482263
Cambre	0,6719665
Campo Lameiro	0,1229686
Cangas	0,6634023
Cañiza (A)	0,2508672
Capela (A)	0,1257712
Carballeda de Avia	0,1288474
Carballeda de Valdeorras	0,2004554
Carballedo	0,1919363
Carballiño (O)	0,4213130
Carballo	1,0189948
Cariño	0,1979143
Carnota	0,2179250
Carral	0,2350158
Cartelle	0,2028462
Castrelo de Miño	0,1507406
Castrelo do Val	0,1423348
Castro Caldelas	0,1581306
Castro de Rei	0,2526847
Castroverde	0,2111839
Catoira	0,1627668
Cedeira	0,2937099
Cee	0,2849336
Celanova	0,2824090
Cenlle	0,1205109
Cerceda	0,2839626
Cerdedo	0,1507363
Cerdido	0,1217594
Cervantes	0,2205991
Cervo	0,1849849
Chandrexa de Queixa	0,1597812
Chantada	0,3446127
Coirós	0,1277721
Coles	0,1710474
Corcubión	0,1055991
Corgo (O)	0,2202468
Coristanco	0,3444762
Cortegada	0,1236633

CVE-DOG: uffsqo56-olb2-tup0-j4c4-kkrzhjmngkh0

Concello	Coeficiente
Coruña (A)	5,7223532
Cospeito	0,2266415
Cotobade	0,2425206
Covelo	0,1836211
Crecente	0,1518362
Cualedro	0,1536004
Culleredo	0,7511051
Cuntis	0,2313623
Curtis	0,2110332
Dodro	0,1478049
Dozón	0,1461331
Dumbría	0,2163445
Entrimo	0,1343366
Esgos	0,1264033
Estrada (A)	0,9562726
Fene	0,4883731
Ferrol	1,4033745
Fisterra	0,1932941
Folgoso do Courel	0,1775662
Fonsagrada (A)	0,3394342
Forcarei	0,2473005
Fornelos de Montes	0,1459411
Foz	0,3709426
Frades	0,1727013
Friol	0,2882335
Gomesende	0,1079040
Gondomar	0,3970006
Grove (O)	0,3569587
Guarda (A)	0,2949532
Gudiña (A)	0,1633406
Guitiriz	0,3119907
Guntín	0,1943199
Illa de Arousa (A)	0,1693188
Incio (O)	0,1833191
Irixo (O)	0,2078820
Irixoa	0,1396301
Lalín	0,9982437
Lama (A)	0,1983302
Láncara	0,1758728
Laracha (A)	0,4560195
Larouco	0,0845254
Laxe	0,1581089
Laza	0,1930750

Concello	Coeficiente
Leiro	0,1383458
Lobeira	0,1288513
Lobios	0,1865623
Lourenzá	0,1376373
Lousame	0,1987286
Lugo	2,5333955
Maceda	0,1907220
Malpica de Bergantiños	0,2395000
Manzaneda	0,1534856
Mañón	0,1393901
Marín	0,6390407
Maside	0,1783268
Mazaricos	0,2667398
Meaño	0,2107086
Meira	0,1250533
Meis	0,1878341
Melide	0,3006759
Melón	0,1342874
Merca (A)	0,1512802
Mesía	0,1744095
Mezquita (A)	0,1360767
Miño	0,2151889
Moaña	0,4842483
